

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9.

SESION ORDINARIA DO 18 DE XULLO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día dezaioito de xullo do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que

asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiros, iniciamos Pleno ordinario do Concello número 9, convocado por orde do día en poder das señoras/es concelleiros, constamos quórum, ábrese sesión público e iniciamos con actas anteriores.

1(112).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA 30.05.2018).

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30 de maio de 2018.

2(113).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA. EXPTE. 1802/1101.

ANTECEDENTES: Con data 9 de xullo de 2018, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, presenta o seguinte escrito:

“David Regades Fernández, concelleiro do grupo político municipal socialista do Concello de Vigo, mediante o presente escrito, e ós efectos do sinalado no artigo 9.4 do R.D 2568/1986, comunico a miña renuncia á condición de concelleiro como consecuencia do meu nomeamento como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, segundo Real Decreto 837/2018, de 6 de xullo (BOE núm. 164, de 7 de xullo de 2018).”

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Once anos nesta casa, neste Concello, sete anos neste

Pleno, pois deixo atrás grandes amigos e sobre todo o pracer de representar, defender e facer cousas polas miñas veciñas/os. Neste último día no Pleno quero darlle as gracias ao Alcalde pola confianza que depositou en min no 2007 nomeándome director de gabinete e no ano 2011, incorporándome á candidatura e sendo concelleiro de Fomento, para máis tarde no ano 2015 ser segundo Tenente de Alcalde da cidade, ter presidido este Pleno, ter compartido con vosoutros tantos momentos, para min foron momentos de moita responsabilidade, de moito orgullo e de moita satisfacción, 9 concelleiros, 11 concelleiros e 17 concelleiros do Partido Socialista, gracias por terme acompañado, respaldado, apoiado e compartido comigo todas estas experiencias. É o momento de falar tamén da oposición, dese traballo que se fai dende o outro lado do Pleno e seguramente lembrar a dúas persoas como resumo desa oposición, ao Sr. Santiago Domínguez que o botamos de menos neste Pleno, todos lembramos o seu enxeño verbal e sobre todo aquelas cancións que nos adicaba no Pleno para facer as súas reivindicacións e tamén como non, a responsabilidade do Sr. Figueroa Vila cando foi capaz de antepoñer os intereses da cidade pactando un orzamento polo beneficio das veciñas/os, eu creo que é iso, eu creo que a política non é un campo de batallas senón é o campo das ideas, onde todos temos que compartir as nosas ideas, eu nunca quixen usar a palabra nin a oposición para descualificar nin no persoal nin no particular, sempre facendo unha crítica da xestión ou do resultado das funcións do exercicio do cargo dos concelleiros/as. Gracias por todo, seguramente botareivos a todos de menos, ao goberno, á Sra. Silva, Presidenta da Deputación de Pontevedra que tantos anos levamos camiñando xuntos en política, 18, 19 anos, un montón de anos, e gracias a todos, seguramente estea onde estea, terei presente á cidade de Vigo, as viguesas/es, un forte abrazo.

PRESIDENCIA: O noso recoñecemento polo seu tempo de traballo nesta cidade e para esta cidade dende o Pleno do Concello, moita sorte na súa nova ubicación política e para ben de Vigo e para ben de tódalas viguesas e tódolos vigueses.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que toma coñecemento do escrito de renuncia.

3(114).- COMPARECENCIA DE D^a EVA ALONSO LORENZO, EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO, PARA EXPOÑER A PROBLEMÁTICA ANTE A COMUNICACIÓN DO SERGAS DE SUSPENSIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE CORUXO. REXISTRO PLENO 1811/1101.

ANTECEDENTES: Mediante escrito da Asociación de Veciños de Coruxo, con data de entrada no Rexistro Xeral 13.07.2018, Doc. 180111543, solicitan a comparecencia no próximo Pleno do Concello de D^a Eva Alonso Lorenzo, en representación de dita Asociación, para manifestar a problemática ante a comunicación do SERGAS de suspensión do servizo de Pediatría no centro de saúde de Coruxo.

Damos a benvinda a dona Eva Alonso Lorenzo, ten a palabra durante un tempo aproximado de 5 minutos.

SRA. ALONSO LORENZO: Bos días. Fai uns días propuxéronme participar neste Pleno para representar a un colectivo de nais e pais afectados polo peche da pediatría, en todo este tempo non deixei de preocuparme pola enorme responsabilidade que tiña, xa que estamos a fallar de 1050 nenos que a día de hoxe quedaron sen pediatra en Coruxo por unha falta de previsión e organización por parte do órgano encargado de tramitar a xubilación e posterior reemplazamento de dita praza.

Isto levounos durante mais de dous meses a unha incertidume: se tiñamos citas estas desaparecían do sistema, e iamos ao médico non sabíamos que nos iamos a atopar nin con quen, xa que o contrato da pediatra era de semana en semana, ninguén sabía darnos unha resposta sobre o noso futuro.

Pero este futuro chegou, dun día para outro desmantelaron a nosa area de pediatría , levándose mesas, ordenadores e ata folios para Navia.

E aínda que nun principio non querendo ser mal pensados, podíamos chegar a pensar que aínda que fora so pra estes meses de verán, como nos contaron, a

nosa situación podería mellorar, isto non foi así, e en vez diso, empeorou aínda mais.

Navia, co noso traslado tería que ter 4 pediatras pero cal e a nosa sorpresa que cando imos a Navia só temos dous, dos cales unha delas, a que trasladaron dende Coruxo, non e pediatra senón que é unha medica de familia cun titulo de puericultura que a acredita para atender aos nosos cativos, por lei aparentemente cada pediatra debería atender a un cupo de 1.000/1200 nenos, só en Navia xa ten mais de 3.200, dos cales se lle engadimos os nosos 1050, fan un total de mais de 4.000 nenos, atendidos nestes momentos por só dúas pediatras, co cal, a sobre carga é máis de 1.000 nenos a cada unha delas.

Ademais Navia tiña un servizo de mañá e tarde. Este ultimo desapareceu dada a problemática actual, entón, para solventar dito problema o sistema non permite aos usuarios nin pedir citas para revisións dos nenos maiores de 5 meses nin dar citas se non son de carácter urxente e se estas non o son, as listas de espera son de mais dunha semana.

A día de hoxe os pais tamén se atoparon con que dous membros da mesma familia, inclusive se estes son xemelgos son atendidos por pediatras distintos dentro da mesma area; o que nos fai pensar que en vez de estar a falar de nenos, esteamos a falar de gando ou de calquera outro animal que a día de hoxe recibe mellor trato.

Encontrámonos tamén. que pouco a pouco e sen previo aviso, as cartillas de Coruxo que pertencían a este centro por proximidade de traballo dos seus pais, foran trasladadas a centros mais próximos a lugares de residencia como por exemplo Matamá, Val Miñor ou Salvaterra, facendo así que o número de cartillas se vexa reducido, que é precisamente o que queren, xa que se baixamos de 900 automaticamente por lei, prodúcese o peche de tal servizo de pediatría.

Entenderán polo tanto a nosa frustración, os nosos medos e as nosas incertidumes, e polo tanto o que queren transmitir e que aínda que coruxo está esquecido por tódalas administracións e organizacións, excepto cando se precisa de nos, non somos ignorantes e sabemos moi ben o que paseniño a paseniño queren conseguir: o peche do centro de saúde por completo, e o que queren que se saiba é que non o vamos permitir, e por iso non so eu, senón todas as asociacións implicadas: San Andrés, San Miguel, Saians, Coruxo e Navia,

reivindicamos e solicitamos a axuda unánime de todos os membros que aquí forman o Pleno, sen excepcións para garantir o benestar dunha saúde pública digna e de calidade.

Pedimos polo tanto o voto unánime de todos os aquí presentes, para que saia a concurso a praza correspondente á pediatria de Coruxo, e mentres esta non saia, dita praza sexa cuberta a partir de setembro pola pediatra que lle corresponda por traslado ou mobilidade, xa que esta non é unha loita política, senón que é unha loita pola dignidade do noso sistema de saúde.

PRESIDENCIA: Moitas grazas pola súa exposición. Quenda de grupos.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Agradecer a exposición clara e concisa, retomamos este debate que xa tivemos no Pleno anterior, e precisamente a situación de pediatria non só na área de Vigo, creo que é unha tónica xeral no conxunto de Galicia a situación que hai coa situación dos servizos pediátricos, especialmente as responsabilidades que lle toca á administración autonómica no que ten que ver con esa falla de planificación, con esa tentativa o que están a facer é mover cartillas, que está sendo unha realidade e practicamente nas áreas sanitarias de Galicia estanse facendo movementos de cartillas para xustificar o criterio de eliminar esas prazas, pero tamén o que lle corresponde ao goberno central que é redefinir e falamos tamén aquí no Pleno, incentivar que haxa prazas do MIR que dentro dos rapaces/as que queren continuar os seus estudos de medicina e a súa formación de médicos que se priorice, que se incentive con tódalas medidas tanto económicas como de calidade do traballo, que se incentive que opten polos servizos de pediatria e a pediatria que existe nos centros de saúde non na pediatria hospitalaria, é unha realidade que no conxunto do estado hai un déficit brutal, que as prazas non son suficientes e iso lle corresponde neste caso ao Ministerio de Sanidade, polo tanto, en colaboración obviamente coas comunidades autónomas que para este ano xa esas mínimo 30 prazas de servizos pediátricos no MIR e tamén á Xunta de Galicia dicirlle que estamos a xogar con unha cuestión que ademais somos, eles utilizan, o goberno do Partido Popular en Galicia, a

cuestión dos pediatras como un “rara avis” dentro dos servizos sanitarios europeos, pero é que en toda Europa non hai pediatras nos centros de saúde, é só o médicos de cabeceira, precisamente a riqueza que ten o Estado español e a Galicia que nós si temos iso que non o teñan outros países, que non o teñan outros servizos sanitarios noutras latitudes europeas pois o fai ao mellor peor que nós que temos efectivamente dentro dos centros de saúde eses servizos especializados e que polo tanto é un avance e unha mellora que ten o Estado español con respecto ao resto de Europa que por unha vez que teñamos unha cousa en positivo co diferencial europeo pois é bo; eu escoitei as declaracións do conselleiro, escoitei tamén as declaracións dalgún responsable do servizo do SERGAS dicindo que iso dos pediatras é unha cousa que temos aquí en España pero que no resto de Europa non o hai, para nós dá magnitude do problema, e ademais hai un risco na formación dos pediatras que nos preocupa, eu son pai dunha filla, a pediatra do meu centro de saúde quere pedir unha excedencia dun ano para formación, porque quere formarse, avanzar en formación pediátrica e non o fai porque xa lle din que se se vai dese centro os pais nos quedamos sen pediatra xa definitivamente porque non se vai substituír, polo tanto tamén, aqueles que queiran facer formación ou incluso algúns pediatras que nos meses de verán levaban moitos anos colaborando porque non hai que esquecer a perspectiva de solidariedade internacional, moitos pediatras que utilizaban os meses de verán para irse a axudar a países en vía de desenvolvemento, que se ían con Médicos do Mundo, que se ían con Médicos sen Fronteiras e con organizacións tamén que traballan en saúde e en prevención en moitos países non o poden facer porque xa se lles di abertamente que non se vai a substituír a súa praza.

Polo tanto a situación de pediatría é unha situación de caos absoluto, nós entendemos tamén que hai tentativa de ir derivando paulatinamente os servizos pediátricos á sanidade privada, ás consultas privadas, que cada vez hai máis pais que obviamente ante o medo de non ter cobertura para enfermidades dos seus fillos que están optando pola pediatría privada, e obviamente como tódolos movementos que hai nos últimos anos na sanidade pública tanto nesta comunidade como noutras, pois obviamente a situación é especialmente grave, pero especialmente grave porque estamos a falar de dúas parroquias que son limítrofes como son Navia e como son Coruxo que a situación é exactamente a

mesma, que cada vez que se anuncia unha baixa dun pediatra ou unha xubilación, comezan a tremer os pais e nais, polo tanto, este Pleno que xa se posicionou no Pleno anterior, cremos que deberíamos facer moito máis que posicionarnos no Pleno e votarlle unha man aos veciños/as para que este servizo estea garantido como un servizo universal dentro da Sanidade Pública.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós unha vez máis, porque xa o fixemos publicamente, fixémoslo alí cos veciños Coruxo, mostrar todo o noso apoio para esta reivindicación, cremos que é un servizo absolutamente imprescindible que se manteña no centro de saúde de Coruxo para tódolos veciños non só de Curuxo senón de Canido, de Saiáns, de San Andrés, cremos que é fundamental e ademais tódolos que somos pais sabemos da importancia que ten ter un pediatra de confianza, que non só hai veces que, como se dicía na reunión non só son os pais os que levan ao pediatra os nenos, tamén os avós e hai problemas de mobilidade e neste momento o traslado a Navia é unha dificultade adicional e eu creo que tendo un centro de saúde en Coruxo por suposto cremos que debe seguirse mantendo. Esta discrepancia e esta convicción quen temos non so lla trasladamos aos veciños, non só o fixemos publicamente tamén lla trasladamos ao SERGAS, nosa discrepancia con que se poida eliminar a nós o que nos trasladáronlles é que a porta está aberta a que en setembro se aparece un pediatra se volva a asignar ao centro de saúde, nós dende logo non nos imos quedar con esa palabra, imos insistir porque cremos que é unha cuestión importante, nós somos capaces de discrepar, dicíao a intervinte, que aquí non estamos a falar dunha cuestión política, eu teño que lamentar que se poida querer utilizar politicamente ese tema, non é unha cuestión política, totalmente de acordo, é unha cuestión de xustiza e nós discrepamos aínda o goberno da Xunta de Galicia sexa da nosa cor política porque cremos que os veciños, tódolos veciños teñen dereito a que se manteña ese servizo e por suposto a que se manteña o centro de saúde, porque en ningún caso nos propoñemos a posibilidade que se centro de saúde desapareza, estamos absolutamente a favor da prestación sanitaria de proximidade que nos dan os centros de saúde e sobre todo nunha cidade como Vigo con tantas parroquias e que necesitan tamén tódalas facilidades para poder acudir ao seu centro de saúde. É certo que hai un problema estrutural de pediatras, cremos que hai que acometer

medidas estruturais para solucionar este problema que está habendo non só en Vigo senón tamén en Galicia e en España, é unha cuestión que tamén corresponde negociar á Xunta de Galicia co Ministerio de Sanidade para habilitar máis prazas de MIR e para que este problema o solucionemos de raíz e non esteamos intentando poñer parches, senón que se resolva realmente de raíz, pero insisto, neste momento o que queremos é volver a ratificar ese apoio, imos seguir insistindo, traballando dende logo dende este grupo para que volva a asignarse un pediatra ao Centro de Saúde de Coruxo e seguiremos apoiando aos veciños e seguiremos apoiando esta reivindicación porque cremos que é xusta e por iso nese sentido reiterar todo o apoio pola nosa parte.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En nome do grupo Socialista neste Concello representante da maioría electoral e social desta cidade, desexar expresar a nosa máis sincera gratitude ao momento veciñal e asociativo de Coruxo representado por Dona Eva Alonso neste Pleno, a súa presenza nos reconcilia co mellor da sociedade civil Dona Eva Alonso e do compromiso ético e social que debe presidir calquera acción política e social. Para vostedes o noso apoio e solidariedade, xa o manifestamos reiteradamente e o comprometeu na inesquecible reunión que mantivo o Alcalde desta cidade co colectivo veciñal, así como coa nosa presenza e do propio Alcalde e deste grupo na mobilización levada a cabo hai unhas semanas e en tódolos actos que a partires deste momento nos teñen a súa disposición para acompañalos pero tamén para levantar tamén a nosa voz nun tema de xustiza, que é un tema político, non como di a Sra. Muñoz, senón que realmente porque detrás de cada acto de xustiza hai un acto de determinación política e cuns valores que se comprometen social e culturalmente.

Quérese xustificar por parte do SERGAS de que este é un problema puntual e que afecta xeralmente a moitas comunidades, ademais de que non é verdade, habería que considerar esta xustificación de acordo co noso refraneiro “mal de moitos consolo de tontos” porque non é verdade nada do que di o SERGAS, este é un problema estrutural que se pretende utilizar para un cambio de modelo que realmente non encaixa dentro das coordenadas ideolóxicas do Partido Popular, como non encaixaba dentro das coordenadas ideolóxicas do Partido Popular gobernante no Estado español e por iso se quere cambiar o modelo, queren quitar

a atención primaria de pediatría en atención primaria de saúde, algo que como quedou claro neste Pleno na vez anterior, é algo consubstancial e un dos mellores logros do noso sistema nacional de saúde.

E é un problema estrutural Sra. Muñoz porque se debe a implacable e desalmada política do Partido Popular ata hai unhas poucas datas ocupando o goberno de España e que utilizou a crise como oportunidade para laminar o noso estado de benestar, precisamente cando máis necesidades había de potencialo para minimizar os efectos da crise en desigualdade e en equidade, política do goberno do Partido Popular aplicada seguidamente polo goberno do Sr. Feijóo, a consecuencia a sufrimos durante a crise agora faise aínda máis evidente coa descapitalización brutal do sistema sanitario público no que se refire ao seu valor esencial, os recursos humanos, os profesionais sanitarios e non sanitarios do noso sistema, noso haber que é precisamente o que neste momento está en crise por esa política que era de afogo, polo tanto, é un tema político Sra. Muñoz, non se esqueza nunca diso, vostede quere despolitizar porque lle interesa pero este é un tema que transcende o que é un acto de xustiza, é un tema de política con maiúsculas, de valores, de compromiso ideolóxico e de compromiso co benestar da sociedade.

Isto está a supoñer un inmenso desenvolvemento na capitalización e innovación da sanidade privada porque estamos descapitalizando o noso sistema sanitario público en beneficio da sanidade privada, uns exemplos simplemente destas políticas letais do Partido Popular a nivel de estado e a nivel de Galicia, ruptura da universalidade da asistencia sanitaria e o seu dereito ao acceso, diminución en máis de 10.000 millóns de euros en menos de 5 anos en presupostos para o sistema sanitario público, implantación de copagos que levan a máis de 1.800.000 persoas a que non poidan adquirir fármacos, entre eles 100.000 galegos, cos seguintes efectos negativos para a saúde, unha das consecuencias máis inmediatas é o descenso de profesionais sanitarios que diminuíron a súa masa salarial en menos de 11 puntos, o aumento insoportable da lista de agarda, máis de 180.000 galegos non poden acudir ao dentista, o deterioro brutal da atención primaria cuxa expresión máxima é o deterioro progresivo de todo isto, a descapitalización, as interminables listas de espera en atención primaria e o que é hoxe en día a expresión máxima do conflito o feito de que non haxa pediatras e

que se intente quitar a pediatría da atención primaria. Non estamos a falar dun tema puntual, estamos a falar dun problema estrutural, político, cunha carga ideolóxica de fondo, contra iso este Partido Socialista loxicamente, agora mesmo no goberno xa do estado, fará tódalas medidas para reverter que o que fixo tan dano ao noso sistema e o noso apoio permanente do grupo aos movementos veciñais.

PRESIDENCIA: Quero transmitirle a Dona Eva Alonso que a súa vez lle transmita a tódalas persoas afectadas por este recorte intolerable da Xunta de Galicia que afecta seria e potencialmente á saúde de nenos/as de 5 parroquias tan importantes desta cidade, a miles de nenos/as que teñen o apoio incondicional do goberno desta cidade que eu presido, que imos a continuar con mobilizacións, demandas e actuacións ata conseguir reverter a decisión tomada pola Xunta de Galicia, polo presidente da Xunta Galicia o Sr. Feijóo que afecta tan dramaticamente a esta cidade, que imos a promover accións, mobilizacións, e posicións políticas e sociais ata conseguir reverter a situación e que se asuman as responsabilidades políticas porque o dano xa está causado, o dano xa existe, se reparará cando se resolva a situación pero só hai unha vía porque a vontade de deterioro da saúde de tantos e tantas mulleres e homes desta cidade por parte da Xunta de Galicia é permanentemente presente, nos reunimos alí en Coruxo hai dúas semanas e puidemos ver a ansiedade de tantas nais, pais e familiares con aqueles nenos/as rechazando coa súa voz esta demanda na que non imos a parar. Quérovos felicitar, quero felicitala a vostede pola súa intervención, pola súa valentía, pola súa comparecencia neste Pleno e esta loita que é unha loita de todo Vigo vai a continuar ata que remate co éxito da reposición dun pediatra nas condicións axeitadas que require a dignidade e a saúde das nosas nenas/os. Moitas gracias Dona Eva Alonso.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4(115).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2017. EXPTE. 83/143 (REXISTRO PLENO 1803/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2018, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2017, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 14 de maio de 2018 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 23 de maio de 2017, foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 104 do 31 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 3 de xullo, e segundo consta na certificación do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local que figura no expediente asinado o 10 de xullo, no prazo de exposición o público e oito máis, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, ao non terse presentado reclamacións nin alegación no prazo de exposición pública e oito máis, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo, que é coincidente coa proposta que se formulou a Comisión Especial de Contas...”

Deseguido o concelleiro informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria e urxente, de data 12.07.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para a aprobación da Conta Xeral do Orzamento do ano 2017, nun exercicio de transparencia posto que a Conta Xeral estivo a disposición dos grupos deste Pleno pero tamén da cidadanía pero sobre todo nun intento de avaliación das nosas políticas públicas desta cidade que arrojan xa o anticipo, unha avaliación sobresaínte posto que tódolos indicadores da Conta Xeral son positivos e arrojan bos resultados e así o reflicten tamén os organismos supervisores das contas do Concello, non só temos o cumprimento da regra de estabilidade, de gasto, a cobertura dos gastos correntes con ingresos correntes a disposición da Tesourería, suficiente para facer fronte ao pagamento aos provedores e ao aforro neto senón que cumprimos sobradamente coas necesidades da cidadanía porque é precisamente esta boa xestión económica deste goberno é a boa xestión económica do goberno do Sr. Abel Caballero o que permite facer fronte ás necesidades da cidadanía poñendo en practica políticas progresista na Educación, no Benestar Social en tantos outros ámbitos que pretenden o que non pode ser outra cousa que a mellora das condicións de vida das persoas que residen en Vigo, a mellora das condicións de vida dos cidadáns que residen en Vigo, transformando constantemente a cidade e mellorando tamén constantemente a cidade co punto de mira posto en satisfacer ás necesidades da cidadanía. Polo tanto son unhas contas, as do ano 2017, das que agora rendemos conta, valga a redundancia, contas positivas que mostran esa cidade que avanza, que evoluciona, que se transforma, que atende ás necesidades das persoas porque este é o interese do goberno desta cidade, atender o interese dos cidadáns da cidade, os actuais e tamén os futuros porque estamos transformando constantemente a cidade e mellorando as condicións da infancia, dos mozos e tamén dos maiores, dos emprendedores e facendo como non unha transformación constante da cidade, sen descoidar a importante política social que está facendo este goberno por atender as necesidades da cidadanía.

Quero destacar dous aspectos moi positivos desta boa xestión económica, dous aspectos moi positivos que moi poucas cidades de España poden destacar, en primeiro lugar, a xa tan conseguida débeda cero porque dos tres indicadores da

Conta Xeral, débeda financeira por habitante cero, e polo tanto, carga financeira por habitante cero poucas cidade en España, máis ben ningunha teñen unha débeda cero pero é que ademais non só temos débeda senón que tamén temos unha das menores presións fiscais do contexto non só galego senón tamén do contexto nacional posto que a nosa presión fiscal está por debaixo das restantes cidades de Galicia, iso fai que as contas deste Concello sexan sobresaíntes porque voulo dicir deste xeito, cada cidadán por cada euro que paga de impostos recibe 1,5 euros vía gasto ao seu favor e vía investimento tamén ao seu favor, dito doutro xeito o gasto corrente por habitante é de 700 euros e se lle sumamos o esforzo inversor, temos que 766 euros é o que percibe directamente cada cidadá polos impostos que paga, menos polo tanto desas necesidades que ve cubertas cos seus impostos.

Polo tanto, boa xestión económica e boas noticias tamén para os cidadáns desta cidade que é o que reflicte a aprobación desta Conta Xeral e as liñas que se recollen nesa Conta Xeral co investimento en parques infantís, en infraestruturas en humanizacións, co apoio dos emprendedores, das persoas que necesitan satisfacción das súas necesidades e todo elo tamén quero destacar unhas contas do ano 2017 que se pecharon en situación de superávit que non só é un bo dato económico senón que tamén ese superávit é o que permite que atendamos máis intensamente de novo ás necesidades dos cidadáns de Vigo, ese superávit que estamos reinvestindo xa neste ano 2018, en satisfacer ás necesidades da cidade. En definitiva unha xestión sobresaínte que achega resultados tamén sobresaíntes para a cidadanía.

SR. PÉREZ CORREA: Moi brevemente, porque entre outras cousas isto non é máis que o epílogo final do debate que tivemos durante o ano 2017 sobre precisamente o que ía executando e os datos económicos que se ían poñendo enriba da mesa e que os grupos municipais analizamos, non é un exercicio de transparencia, é unha lei, só fallaría que á Conta Xeral a oposición non tiveramos acceso a ela antes do Pleno, porque entre outras cousas non é só que teñamos que ter acceso os grupos municipais e que tamén ten que estar nun formato accesible para o conxunto da cidadanía segundo di o Real Decreto 4/2010, é dicir, que moitas veces nin sequera esta Conta Xeral se puxo a disposición dos cidadáns, é un documento

suficientemente extenso e complexo que creo que ademais debería moitas veces explicarse porque si é certo que si vostede fai como digo eu tantas veces, pois unha presentación publicitaria, que só lle fallaba a banda sonora polo fondo, pero isto son datos que vostedes pode edulcorar con este tipo de intervencións, pero os datos están na Conta Xeral, non os imos a inventar nós e a Conta Xeral tamén di algunha certezas que corresponde ademais co debate que tivemos neste Pleno durante o ano 2017, unha é a execución de gran parte do Orzamento nesta Conta Xeral, falo dunha execución do 86%, é certo que nalgunhas partidas moi por enriba, o grado de execución nos ingresos por impostos directos e indirectos vostedes van enriba do 100% pero nesas obras que se anuncian día si, día tamén con bombo e pratillo ao final moitas delas van pasando de exercicio a exercicio, humanizacións, calquera persoa que acceda a esta Conta Xeral é certo que poida haber moitas que os gastos xa están comprometidos pero dende logo na Conta Xeral non o reflicte dunha maneira tan clara para saber se realmente o que imos facer é poñer enriba da mesa unha serie de actuacións para logo xerar o superávit e logo volvelas a utilizar ao ano seguinte, moitas veces anunciando a mesma actuación. E logo é falso, hai un incremento da presión fiscal en Vigo, os datos o poñen vostedes aquí, nos 10 anos de goberno do Alcalde o Sr. Abel Caballero pasou de 415 a 510 euros por habitantes, as medias de incremento de presión fiscal do resto dos concellos de Galicia non son tan altas, non son tan altas, e calquera cidadán se non quere crer a esta voceiro pois pode acceder as webs dos concellos de Galicia, ver efectivamente como é a evolución da presión fiscal e verá que non é así, vostedes dirán tamén que hai un investimento en paralelo, hai consignados unha serie de investimentos, logo hai que ver ao longo do ano o que se executa e os niveis de execución dese investimento, polo tanto os datos cando menos que se poñan enriba da mesa rigoroso, porque ademais aquí temos investimentos importantes que se puxeron enriba da mesa como unha parte substancial da política deste goberno local que quedaron sen executar ou polo menos no exercicio do 2017 quedaron sen executar, nós agradecemos unha cuestión que xa reclamou este grupo político municipal en varias ocasións, nas Contas Xerais antigamente figuraban os servizos públicos que están concesionados, as concesionarias privadas, e ademais de aparecer o que nós como administración local poñemos moitas veces en subvención directa para que se

dean eses servizos, aparecía o custe de explotación dos servizos, en varias contas xerais desapareceu ese dato, agora volve aparecer, curiosamente un negocio para nós redondo que é o transporte, hai unha empresa que declaraba que lle custaba o servizo de explotación 24 millóns de euros pero xa recibía máis do 50% do custe de explotación do servizo en subvencións directas tanto directamente deste Concello entre 12-13 millóns e un 1 millón e pico que da o Estado ás cidades de máis de 50.000 habitantes para xestionar o transporte; agora despois de varios anos de non saber que custaba a explotación de Vitrasa din que lle custa 27 millóns de euros, é dicir, 3 e pico millóns de euros máis de explotación dun servizo e nós neste últimos anos non vemos que haxa 3 millóns de euros de incremento de servizo, non vemos que haxa ningunha cousas máis, entón a ver se eses 27 millóns de euros, eses 3 millóns de euros e pico máis a ver se é a PASSVIGO, a ver se de repente agora o custe de explotación dalgún servizo ten que ver con estas cuestións e ao mellor o que fai falla é unha auditoría aquí tamén na Conta Xeral, unha auditoría do que as empresas que teñan a concesión dos servizos antigamente públicos e concesionados privadamente, que tamén non nos vendan motos dos custes de explotación do servizos porque logo chegan as modificacións das prezos do contrato e alegremente imos modificando, incrementando nos os servizos senón a conta de resultado de inversores privados. E polo tanto, si que queremos que na Conta Xeral do ano que 2018 apareza unha auditoría dos custes que as empresas concesionarias poñen enriba da mesa.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis analizamos a execución do ano 2017 e a verdade que parece que temos unha repetición da exención do ano 2016, do 2015 pero cada vez un pouco peor que o ano anterior, porque Sr. Aneiros están son as contas, esta é a Conta Xeral do ano 2017, e esta Conta Xeral e os datos que se inclúen nesta Conta Xeral non se parecen en nada a súa intervención nin a todas as intervención que tivo analizando os orzamentos porque unha cousa é o que vostedes din e outra cousa é a realidade e a realidade crúa que mostran estas contas porque estas contas o que están desmontando son os seus contos, poden facer moita publicidade, moita propaganda, se poden facer moitas fotos, moitos anuncios baleiros pero a realidade está aquí, e sinceramente é unha pena que todos e cada un dos vigueses non haxan podido porque seguramente o expuxeron

ao público pero claro, non tódolos vigueses teñen a posibilidade de acceder e analizar punto por punto estas contas para desmontar as súas propias mentiras porque isto é o que fan estas contas, desmontar as súas mentiras porque son vostedes un goberno con pes de barro, porque son vostedes un goberno que o basea todo na publicidade e na propaganda pero que non fai nada, un goberno incapaz de executar o seu propio Orzamento, aquí non poden dicir que teñan ningunha inxerencia da oposición, vostedes aproban o Orzamento e son os que sistematicamente inexecutan o Orzamento, porque están vostedes presentando a execución máis baixa dun Orzamento dos últimos sete anos, con esa maioría absoluta da que tanto presumen Sr. Alcalde e é vostede incapaz de executar o seu propio presuposto, a menor execución de gasto dos últimos sete anos, iso si, contrasta coa maior execución de ingresos tamén dos últimos sete anos, niso si que vostedes son dilixentes, niso si que non perden o tempo, niso si que van ao día, incluso por enriba do orzamentado, na execución de ingresos por que? Porque se benefician dos que aquí cumpren son os vigueses e están a pagar puntualmente os impostos e están a pagar máis impostos que nunca, lles dan máis cartos que nunca a vostedes porque non saben facer outra cousa máis que subir impostos ano tras ano e reciben menos que nunca a cambio, esa é a realidade porque a realidade destas contas como dicía o Sr. Pérez Correa, o que din é que a presión fiscal non fixo máis que incrementar dende que vostedes están no goberno, máis dun 20% de incremento de presión fiscal, están vostedes literalmente fritindo aos vigueses a impostos para despois non executar porque é absolutamente insostible que o capítulo de investimentos a penas chegue ao 50% de execución, nin a metade, iso si, as obras pasan dun ano para outro para poder volver vendelas, para poder ter outro titular, pero hai outras partidas que en contraste con esa baixa execución dos investimentos si que saben vostedes executar, non só os ingresos e cobrar aos vigueses, non, a partida de publicidade ao 127% por enriba do presupostado, en publicidade teñen vostedes tamén un premio á execución igual que nos ingresos, pero eu sinceramente me pregunto como pode vostede repetir Pleno tras Pleno que temos débeda cero? Pero como pode dicir que temos débeda cero? Con unha posibilidade de 75 millóns de euros, a débeda Sr. Aneiros, parece mentira que llo teña que explicar esta voceira, pero eu llo explico tódalas veces que fagan falla, a débeda non só é cos bancos, aos bancos temos contentos,

igual que ten contentos ás concesionarias, si, máis de 120 millóns directo ás concesionarias do noso Orzamento, esas si que están contentas, os bancos están contentos porque teñen vostedes 100 millóns de euros nas súas caixas, claro os bancos están felices con vostedes, 100 millóns de euros na caixa pero a débeda é máis que iso, a débeda é a débeda que teñen vostedes coas concesionarias por deixar quebrar a concesionaria do Mar de Vigo e a concesionaria dos aparcadoiros, case 100 millóns de euros de posibilidade de teñamos que afrontar tódolos vigueses. E esa é a realidade Sr. Alcalde, que vostedes con esa maioría absoluta perderon unha oportunidade histórica que lle deron os vigueses, perdendo esa oportunidade histórica e o que pretenden é tapar esta absoluta incapacidade de execución, esta incapacidade do goberno con publicidade, con propaganda, con confrontación día si día tamén coa Xunta de Galicia, por certo, non dixo vostedes que se incrementaron un 25% dos ingresos da Xunta de Galicia este ano e con moita algarabía e moito baile, pois van ter que bailar moito de aquí ás eleccións para convencer aos vigueses de que isto non é un fracaso absoluto dun goberno de maioría absoluta.

SR. ANEIROS PEREIRA: A realidade é a seguinte, moi gráfica, mentres o goberno está en xullo do 2018 vostedes seguen en maio do 2015, aínda non se decataron nin os do Partido Popular nin os de Marea de Vigo de que estamos en 2018 porque os mantras seguen sendo os mesmos, vostedes é que non len, nós facemos estudos, remitimos información ao ministerio, podemos compararnos con outras cidades e por iso podemos dicir o que dicimos, podemos dicir que temos a presión fiscal máis baixa das cidade de Galicia, son datos oficiais, non datos inventados pola Sra. Muñoz, nin polo Sr. Pérez Correa, a fórmula da presión fiscal é moi sinxela, se baixan os habitantes pode subir un pouco a presión fiscal pero estamos aínda así por debaixo de Santiago de Compostela, de A Coruña, de Lugo, de Ourense, de Pontevedra na presión fiscal e polo tanto, a presión fiscal máis baixa das cidade de Galicia a ver se se decatan porque son datos oficiais, lean por favor ademais da prensa que debería lelo porque hai un titular dun xornal de Santiago de Compostela que di que os composteláns pagan 23 euros máis de media que os cidadáns de Vigo, polo tanto se leran un pouco xa se decatarían, pero lean sobre todo datos oficiais e lean tamén os datos que están na Conta Xeral porque este

gobierno traballa e executa os Orzamentos en máis dun 93%, practicamente nun 100% de execución e o que non se executa non 2017 se incorpora como remanente para executalo no 2018, pero o que é máis grave aínda, seguen co mantra de que se concesionarias por aquí, por alá, nós achegamos dende as arcas públicas é dicir, tódolos vigueses achegan dende as arcas públicas cartos, recursos para sufragar máis de 1.300 bonos sociais de transporte, máis de 18.000 bonos de estudantes e máis de 27.000 bonos de xubilados desta cidade polo tanto, e aí onde investimos tamén os recursos pero é que vostedes non pasean polas rúas, se saen as rúas verán que nos últimos dous anos humanizamos máis de 90 rúas, asphaltamos máis de 100 quilómetros, renovamos ou construímos 150 parques infantís, novos ou reformados, polo tanto, 150 parques infantís desta cidade, 75 parques biosaudables, 29 pistas deportivas, máis de 4.500 bancos nesta cidade, e se saímos a pasear polas rúas, rúa Churruca, Estornino, Camelias, Vía Norte, Fátima, José Frau, García Lorca, no Barrio das Flores en Teis, Atlántida na fase II, Llorente na fase I, Bueu, as escaleiras de Abeleira Menéndez que transforman a esta cidade, a remodelación da Praza de Compostela que o outro goberno anterior deixou feito uns zorros por dicilo dalgún xeito, cubrimos os patios dos colexios, facemos campos de deportes novos como o campo do Carballal, reformamos o Estadio Municipal de Balaídos, transformamos o pavillón do Monte da Mina e como non, satisfacemos sempre as necesidades dos cidadáns.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acreedor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2016), correspondente á Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores), por unha contía de 23.687.544,43 euros na Entidade e 637.539,49 euros na XMU.

SEGUNDO.- Aprobar a dotación de amortizacións por unha contía de 6.351.934,40 euros na Entidade Local e 6.459.287,12 euros nos estados consolidados.

TERCEIRO.- En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 59.179.682,71 euros na Entidade e 60.726.350,50 euros para os estados consolidados.

CUARTO.- Aprobar os axustes que se relacionan na Memoria correspondentes á regularización do inventario, na que se dan de baixa as amortizacións acumuladas e se dotan as amortizacións dos anos 2014-2015 e 2016, anos nos que en cada caso están feitas as valoracións dos elementos que conforman o inventario.

QUINTO.- Aprobar a metodoloxía seguida para a regularización:

1. Dar de baixa os bens que figuran nas contas 200 a 238 do Plan Xeral de Contabilidade, aprobado pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, por la que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, polos importes que figuran no balance a 31/12/2016.
2. Dar de baixa a amortización acumulada que figura nas contas 2800 a 2849 do balance a 31/12/2016.
3. Dar de alta os bens segundo as relacións valoradas e contas asociadas ao Plan Xeral de Contabilidade que foron enviadas ao servizo de Contabilidade polo Servizo de Patrimonio, servizo encargado do inventario.
4. Polas diferencias que se poidan dar entre o valor do novo inventario e o valor contable a 31/12/2016, tendo en conta que a Entidade non sigue o modelo de revalorización, os axustes negativos non se imputarán á conta 820 nin os positivos a conta 920.
5. Dotar as amortizacións correspondentes aos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, que se farán por separado, as correspondentes aos anos 2014-2016, con cargo á conta contable 120, Resultados de exercicios anteriores, mentres que a do ano 2017 con cargo ás divisionarias da conta contable 681 que afectarán á conta 129 ao peche do exercicio.

6. A diferenza que aflore entre o saldo das contas contables do inmovilizado a 31/12/2016 que se dan de baixa e as novas que xorden do inventario actualizado, imputaranse á conta 120 Patrimonio.

7. A baixa que se faga nas contas desagregadas do subgrupo 28 de amortización acumulada a 31/12/2016, imputarase a resultados de exercicios anteriores, conta contable 120.

8. A dotación a amortización que se faga dos anos 2014, 2015 e 2016, imputarase con cargo á conta 120, resultados de exercicios anteriores, co detalle e importes se relacionan.

Altas

210	Terreos e bens naturais	154.604.038,19
211	Construcións	173.657.070,32
212	Infraestruturas	324.908.014,72
213	Bens do Patrimonio histórico	31.178.453,90
214	Maquinaria e utillaxe	140.424,21
215	Instalacións técnicas	3.603.768,10
216	Mobiliario	2.504.630,56
217	Equinos para procesos de información	205.638,50
218	Elementos de transporte	4.517.667,39
219	Outro inmovilizado material	392.554,32
221	Investimentos inmobiliarios construcións	4.597.090,75
total		700.309.350,96

Baixas

CONTA	CONCEPTO	VALOR	CONTA	AMORT. ACUMULADA
203	Propiedade industrial e intelectual	581.409,90	2809	13.013.978,58
206	Aplicacións informáticas	302.193,25	2811	3.853.863,73
209	Outro inmov. intanxible	12.130.374,73	2812	93.693,45
210	Terreos e bens naturais	115.572.089,8	2813	156.050,18
211	Construcións	279.410.039,0	2814	8.769,55
212	Infraestruturas	292.483,15	2815	57.294,27
213	Bens do Patrimonio histórico	19.952,90	2816	242.786,23
214	Maquinaria e utillaxe	9.164.857,05	2817	62.255,73
215	Instalacións técnicas	25.716.505,88	2818	38.311,11
216	Mobiliario	8.412.472,40	2819	160.068.358,01
217	Equipos para procesos de	8.557.549,60	2821	329.352,98
218	Elementos de transporte	11.840.537,37		
219	Outro inmovilizado material	1.536.154,93		

2300	Adaptación de terreos e B. naturais	33.168.109,94		
232	Infraestruturas en curso	215.022.953,1		
233	B. Patrimonio hist. En curso	444.070,11		
TOTAL		722.171.753,2		177.924.713,82

Amortizacións

Amor. A dar de	Dotación amortización a realizar por Anos			
	2014	2015	2016	Total
-177.924.713,82	2.974.608,53	4.891.120,5	5.701.908,63	13.567.637,66
Diferencia				-164.357.076,16

SEXTO.- Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2017, composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2017.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais, para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de 30 de xuño de 2009 e de 20 de xullo de 2010 e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, Acordo do Pleno do Tribunal de Contas de 26 de novembro de 2015, en relación co formato da Conta a partir do ano 2015, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

En relación co formato, terase en conta a Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado de data 13 de novembro de 2015.

5(116).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO, PREVISTOS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 20091/541 (REXISTRO PLENO 1808/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do Tesoureiro municipal, de data 9 de xullo de 2018, que di o que segue,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP incorpórase o sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los

bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade

compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata do último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINH en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2018.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2018 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo

Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	F.FAIMEVI
Paos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período leaal de paos</i>				
Nº de paos	3.722	90	88	14
Importe dos paos	30.295.993.68	363.237.51	94.186.65	2.693.51
<i>Fora do período leaal de paos</i>				
Nº de paos	10	0	72	5
Importe	15.793.80	.00	77.787.06	4.946.48
PMP (período medio de paao do trimestre)	17.15 días	21.33 días	36.09 días	39.43 días
Intereses de demora paados no trimestre				
Nº de paos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Paos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período leaal de paos</i>				
Nº de paos	297	6	9	1
Importe dos paos	4.543.939.04	29.079.72	10.121.63	1.754.50
<i>Fora do período leaal de paos</i>				
Nº de paos	2	0	3	1
Importe	112.462.95	.00	7.704.25	17.700.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	13,57 días	4,58 días	34,97 días	2.218,25días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 297 facturas, teñen unha antigüidade media de 13,57 días

En canto ás facturas pendentes de pago ao peche que están fora do período medio de pago (2 facturas por un importe total de 112.462,95 euros).

Resumo por trimestres de morosidade

En días, 1º e 2º trimestre ano 2018, 3º e 4º do ano 2017

Período	E. Local		XMU		F.MARCO		F.FAIMEVI	
	PMP/dias	PMPP/dia	PMP/dias	PMPP/dia	PMP/dias	PMPP/dia	PMP/dias	PMPP/dias
1º	15.4	15.46	16.54	15.22	28.23	58.71	1.11	1842.6
2º	17.5	13.57	21.33	4.58	36.09	34.97	39.43	2218.25
Trimestre ¹	20.84	14.79	10.93	2.21	40.74	27.62	15.33	1722.24
Trimestre ²	16.34	6.85	17.87	9.5	28.31	17.63	69.97	1751.99

En contías e nº de pagos, 1º e 2º trimestre ano 2018, 3º e 4º do ano 2017

Período	Entidade Local				Xerencia M. Urbanismo	
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
1º Trimestre,2018	4.984	32.557.430,79	0	,00	70	218.598,58
2º Trimestre,2018	3.722	30.295.993,68	10	15.793,80	90	363.237,51
3ºTrimestre,2017	4.586	29.695.592,35	6	22.288,84	67	162.392,82
4ºTrimestre,2017	4.468	46.190.664,80	3	1.422,94	104	264.509,97
Total	17.760	138.739.681,6 2	19	39.505,58	331	1.008.738,88

Período	Fundación MARCO				Fundación FAIMEVI			
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP		Fora do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	importe
1º Trimestre,2018	18	15.195,68	14	7.596,89	13	174,20	0	,00
2º Trimestre,2017	88	94.186,65	72	77.787,06	14	2.693,51	5	4.946,48
3ºTrimestre,2017	58	59.134,29	44	82.719,68	28	47.969,76	8	347,67
4º Trimestre,2017	53	47.616,42	22	26.387,09	16	496,69	7	8.002,57
Total	217	216.133,0 4	152	194.490,7 2	71	51.334,16	20	13.296,72

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

1 Ano 2017

2 Ano 2017

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 1040/2017

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 1040/2017)

En días para todo o perímetro de consolidación, 1º e 2º trimestre ano 2018, resto do ano 2017.

PMP , Real Decreto 1040/2017, ano 2018- 2017, interanual												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril ³	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	-12,54	-9,98	-11,36	-13,95	-11,69	-19,87
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	34,29	-15,32	18,81	-4,26	-0,20	9,81	27,15
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	9,68	10,63	6,88	-8,39	-1,05	-1,14
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	-18,90	-20,70	-25,68	-14,56	-18,11	-17,08
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	-12,42	-9,89	-11,43	-13,94	-11,69	-19,81

Por contías, para a Entidade, Organismo Autónomo e Fundacións, 1º e 2º trimestre ano 2018, resto do ano 2017.

Meses	Entidade			X.M.Urbanismo			F.MARCO			F. FAIMEVI		
	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Xaneiro	13.825.781,59	2.357.487,86	-15,16	110.322,15	5.887,94	-10,57	7.002,45	34.887,27	10,27	77,40	4.827,90	28,92
Febreiro	8.969.584,14	2.511.866,47	-13,27	39.216,02	27.391,03	-23,49	7.596,40	42.817,95	10,65	48,40	4.827,90	56,99
Marzo	9.685.980,42	2.162.301,14	-14,05	69.060,41	56.566,54	-15,44	8.193,32	48.597,77	25,83	48,40	4.975,45	85,10
Abril	11.248.304,60	1.009.554,87	11,39	129.686,79	36.246,65	10,76	61.726,07	28.655,08	40,87	5.023,85	1.754,50	87,11
Maio	7.216.639,42	6.751.936,14	9,37	41.317,34	131.219,65	15,21	88.801,95	7.930,21	18,44	2.567,74	1.754,50	2,04
Xuño	11.803.236,80	4.632.510,96	12,54	192.413,38	8.143,30	12,23	18.689,95	17.825,88	34,07	48,40	1.754,50	34,29
Xullo	7.962.620,28	5.815.713,43	-12,54	43.707,50	34.823,68	-18,90	32.854,97	66.060,88	9,68	4.796,21	618,32	-15,32
Agosto	12.341.355,79	3.127.762,86	-9,98	44.443,98	8.742,25	-20,70	67.638,66	24.439,34	10,63	243,70	968,33	18,81
Setemb.	9.393.481,53	3.037.940,23	-11,36	67.731,19	61.264,04	-	41.360,3	9.546,27	6,88	113,82	4.420,97	-4,26

3 Cálculo segundo o RD 1040/2017, a partires deste mes, inclusive

						25,68	4					
Outubro	10.112.304,47	4.378.686,45	-13,95	127.245,88	42.304,13	-14,56	19.558,11	15.769,67	-8,39	341,77	8.170,05	-,20
Novemb	13.725.685,99	4.585.588,29	-11,69	57.189,46	45.613,41	-18,11	16.692,54	15.111,05	-1,05	77,52	12.453,45	9,81
Decemb	22.474.517,55	13.194.345,53	-19,87	80.074,63	97.798,12	-17,08	37.752,86	15.216,59	-1,14	8.079,97	4.995,38	27,15
Total	138.759.493			1.002.409			407.868			21.467		
Pmp/6												

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 635/2014, unha vez computados os días de pago, restáballe 30 días, polo que, se o pago se facía nun prazo inferior a 30 días, o resultado era negativo. Agora o RD 1040/2017, non resta, polo que, o cómputo faise desde a data de días a quo ata o pago ou ata o último día do período de análise.

A lectura da información ata o mes de abril para os días negativos, consistía en computar os días e restarlle 30. Ao número de días negativo se lle sumaba 30 e determinábase os días de pago. O RD 1040/2017, o fai directamente, xa que non deixa transcorrer os 30 días dende a entrada da factura no rexistro, senón que computa días desde a conformidade da mesma ou dende o rexistro segundo os casos.

En canto aos pagos pendentes a 30 de xuño, ao día de emitir este informe, dos pendentes de débeda comercial, atópanse pagados.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 12.07.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta do período medio de pago do Concello de Vigo e dos seus organismos dependentes aos provedores, é dicir, pagaríamos neste caso de débeda comercial, que non existe cos provedores porque seguimos sendo o primeiro concello de España en pagamentos a

provedores, o noso procedemento de pago e a nosa Tesourería nos permite ser o primeiro Concello de España en pagamento a provedores tamén por moito que lle doa aos señores do Partido Popular e quizais os de Marea de Vigo, os datos oficiais do Ministerio de Facenda así o amosan e non só os datos oficiais senón que organizacións de autónomos como ATA revelan que este Concello é o mellor pagador de España de facturas aos traballadores autónomos que prestan servizos para este Concello, é dicir, cando este Concello contrata cunha empresa a execución dunha obra ou contrata cunha empresa a execución dun servizo ou a compra de bens ou cun autónomo, esa empresa, ese autónomo ten a certeza non só de que cobra senón que vai a cobrar nun período breve de tempo porque a volta de dúas semanas estamos facendo ese pago a ese provedor, somos, insisto, e seguimos sendo o primeiro concello de España en pago a provedores, non só o fomos durante todo o ano 2017 senón que tamén neste ano 2018 somos ese primeiro pagador de España a provedores por enriba dos tempos de pago que utilizan as grandes cidades como Madrid ou Barcelona que teñen un estatuto especial e pese a iso pagan máis tarde que nós, pero tamén por enriba de moitas capitais de provincia, capitais da comunidade autónoma e dentro desas cidades de máis de 100.000 habitantes de toda España que Vigo é a cidade número 14, paga antes que ningunha delas, polo tanto, son bos datos para a cidade, para amosar tamén a boa xestión económica que se está facendo por parte deste Concello.

Neste informe trimestral de Tesourería hai que dicir que a fórmula de cálculo cambiou porque entrou en vigor, por si non o saben, un Real Decreto o 1040 do ano 2017, que inclúe unha nova fórmula de cálculo de pagamento a provedores, aplicando tamén esa nova forma de cálculo do período de pago a provedores seguimos sendo os principais e os primeiros pagadores a provedores, no mes de Abril o período de pago situouse nos 11 días, no mes de maio nos 9 días e no mes de xuño nos 12 días, polo tanto, reafirmo o que digo, na volta de dúas semanas os provedores reciben o pagamento dos seus servizos, dos seus bens que compra o Concello ou ben o pagamento dos investimentos, das obras que fai o Concello contratando, non concesionando, con provedores.

Polo tanto, estamos en tempos de pago moito máis baixos non só que outras corporacións locais, non só que as corporacións locais de Galicia, da nosa comunidade autónoma, senón que tamén que estamos moi por debaixo dos

tempos de pago do propio Estado que paga en máis 26 días, no contexto de entorno aos 56 días de pagamento, tamén por debaixo do que paga de media as administracións rexionais que están en torno aos 50 días e por suposto como dicía por debaixo dos tempos de pago doutras corporacións locais, polo tanto, bos datos desta xestión económica de Tesourería para pagamento a provedores e bos datos que revelan que o que pretende este goberno local é continuar no avance da cidade, os investimentos, coa prestación de servizos á cidadanía e polo tanto, as empresas, os autónomos, saben que este Concello cumpre e cumpre con nota tamén no pagamento á provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Nós sempre o dicimos, queremos que sega esta tendencia sobre todo porque que a administración local sexa unhas das que pagan de maneira máis rápida pois tamén redunda na posibilidade da liquidez de pequenas e medianas empresas que a través desta posibilidade de pagos inmediatos, case, pois tamén teñen as súas tesourerías máis saneadas para afrontar esa morosidade que se da no sector privado e que non da remitido a pesares deses supostos datos económicos positivos, nós o que si queríamos era pedir que se mellorara ou polo menos que se nos dixera por que tamén trimestralmente, trimestre tras trimestre o marco a que pouco desluce eses períodos medios de pago, no resto, non cremos nos rankings ademais creo que é unha cuestión absolutamente necesaria, 30 días, dentro deses 30 días de recoñecemento, de control, da auditoría da factura, o que dicimos sempre, de saber que realmente o pago que se está a facer dun servizo ou dun ben ou dun subministro que chega a este Concello, non creo que teñamos que correr con respecto a outras administracións porque xa están aparecendo algúns informes precisamente de pagos e moitos concellos deste país, algúns deles xa en procesos xudiciais abertos que se ven pagos moi rápidos que nin sequera se corresponden a servizos realizados e que moitas veces detrás diso hai tramas e non estamos a insinuar nada, pero non teñamos que correr dunha maneira brutal simplemente por ser o primeiro Concello de España que pague, temos 30 días, dentro deses 30 días están a maior parte dos concellos, dos 7.000 e pico dos concellos deste país están dentro deses períodos medios de pagamento normais, e tamén é certo que está tamén no informe da Conta Xeral, que se achica o número de provedores, que cada vez son menos o número de provedores, son os mesmos

concretados en moitas das actuacións do Concello, e creo que iso tamén facilita as cuestións.

Si que cremos que no Marco se faga un esforzo ou se nos diga cal é, porque ao mellor si hai un criterio no tipo de servizos que se facturan a esta entidade, que pode haber un recoñecemento máis tardío, de factura ou porque pode haber algún tipo de cuestión ou que teña que pasar polo Padroado do Marco, que poida atrasar ao mellor ese pagamento pero si que é certo que desluce o período medio de pago nese ámbito e no resto tamén dicimos que tamén é unha estratexia de moitos concellos quitarse a débeda xa son moitos concellos que aceleraron as amortizacións para quitarse a débeda, pagar moi rápido e non ter problemas no pago a provedores ou non ter ningún reparo por parte do Ministerio de Facenda para poder empregar o superávit no resto das cuestións, tamén é unha estratexia moitas veces e ao mellor as veces non tería que ser ou polo menos nós discrepamos do goberno do Partido Popular e do afortunadamente exministro o Sr. Montoro que puxo ese criterio, vostedes paguen primeiro a débeda, aos provedores e logo cos cartos salvo empregalo nas cuestións relacionadas con políticas sociais, que nin sequera no último tramo do mandato fomos capaces de sacar esas cuestións, se permite empregar eses recursos.

Nós cremos que non é un dato malo ao contrario cremos que é dato bo, pero que detrás diso había pois unha política que nós consideramos que había que emendar ou polo menos que facer un sistema minimamente garantista de que o pago das facturas se corresponden cos servizos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Aneiros, es que o acabamos de ver, acabámolo de ler despois da excelente intervención da nosa voceira e presidenta do Partido Popular de Vigo, e o seu punto débil é ese, a xestión, vostedes non saben xestionar e xa a estas alturas non van a aprender, por iso é escandaloso saber que nin sequera de lonxe, á metade, puideron cumprir o seu propio orzamento, e por iso é lamentable que os vigueses nos sacrifiquemos pagando os impostos máis altos de Galicia, o importe máis alto de multas que hai en Galicia e que vostedes non sexan capaces de cumprir nin co seu orzamento por unha absoluta falla de xestión e como de vez en cando é bo lembrar e aos vigueses nos gustan as cousas claras e as contas claras, hai que dicir que vostedes herdaron unha moi boa situación económica en

Vigo, porque o Partido Popular si sabe xestionar e por iso o anterior goberno do Partido Popular a vostedes lle deixaron unha Tesourería boiante e unha débeda reducida a máis da metade da que nos atopamos despois dun goberno en coalición do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, aí están as contas Sr. Font. Agora cos impostos máis altos de Galicia, vostedes non son capaces de ofrecer uns servizos minimamente de calidade, seremos os máis rápidos en pagar facturas, segundo vostede, pero seguro que non somos os máis rápidos en cortar a maleza e pasar ao céspede polas zonas verdes, seremos os máis rápidos en pagar facturas, segundo vostede, pero non somos os máis rápidos en facer un Plan Xeral, claro que non, seremos os máis rápidos pagando facturas, segundo vostede, pero converteron a Torrecedeira nun gueto, e iso non llo imos perdoar, seremos os máis rápidos, segundo vostede, pero a cidade está peor que nunca Sr. Aneiros, e vostede fala de 13 días pero o informe fala de 17, vostede non fala dos problemas que hai de pago na Xerencia de Urbanismo, vostede non fala dos problemas que ten a Fundación Marco para pagar en prazo e sinceramente, non sei como a vostede non se lle cae a cara de vergoña ao presentarnos as contas da Fundación Faimevi, un “chiringuito” do Alcalde, quebrado polo Alcalde con facturas que exceden máis de 6 anos sen pagar, máis de 6 anos, 2218 días, é o que di o Tesoureiro, a Fundación Faimevi, débese poñer ben colorado Sr. Aneiros, ao falar da Fundación Faimevi, por iso cando hai datos a vostedes se lles cae a careta, cando hai datos polo medio xa non vale a propaganda, claro intentan disimular con toneladas de propaganda pero se lles desmonta esa mentira da boa xestión como a débeda cero, a débeda agora xa matiza, “a débeda financeira” di vostede, claro porque xa conta cos 74 millóns do auditorio quebrado, máis 17 millóns dos aparcadoiros quebrados que son case 100 millóns de débeda porque é débeda, non é financeira pero é débeda Sr. Aneiros, parece mentira que vostede sexa economista e se cale ese dato.

Vigo non necesita estas proclamas e esta propaganda, eu creo que o que máis alegre se quedou cando o Sr. Regades se foi a Zona Franca de Vigo é a axencia de publicidade que lle leva a publicidade a vostedes, é a que máis porque vai comezar a facturar alí tamén a canón, na Zona Franca, eu creo que é o máis contento pero o que necesita Vigo non é demagogia, non é máis Partido Socialista non é un Alcalde que lles minta permanentemente, lles engane, lles trate de

manipular, o que necesita Vigo é unha alcaldesa que xestione, que baixe os impostos, que cadre as contas e que lle devolva o protagonismo de Vigo aos vigueses/as.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu non sei como non se lle cae a cara de vergoña porque despois da súa intervención Sr. Fidalgo a verdade é que os datos, eu falo con datos oficiais na man, desbotan todo o que vostedes di, ano 2006 Alcaldesa do Partido Popular, débeda financeira deste Concello 66.493.294 euros, ano 2006, datos oficiais; ano 2017 e 2018 Alcalde o Sr. Abel Caballero débeda financeira desta cidade 0, os datos oficiais falan Sr. Fidalgo, 66 millóns no 2006, 0 no 2018, gobernaba o Partido Popular no 2006 goberna e por moitos anos o Partido Socialista no 2018, débeda cero, que é que os datos oficiais tamén revelan que vostedes menten, saben cal é a cidade de Galicia con maior presión fiscal? Sábeno? O leron? Van aos datos oficiais? Ourense, quen goberna en Ourense? Partido Popular, datos oficiais, saben tamén cal é a cidade con máis ingresos por multas, sábeno? datos oficiais, Santiago de Compostela, polo tanto, lean e usen os datos oficiais. Os datos oficiais nos avalan, esa é a diferenza entre nós e vostedes, os datos oficiais nos avalan, pero o estudo de satisfacción dos servizos públicos en España pon ao Concello de Vigo, pon a satisfacción dos cidadáns de Vigo nos servizos públicos por enriba de moitas outras cidades, pero que tamén nos avala o informe da asociación de traballadores autónomos, ATA, que di que Vigo, ademais dos datos oficiais, di que Vigo é a cidade que primeiro paga aos seus provedores. Polo tanto, señores da oposición, documéntense, lean e non traten de enganar á cidadanía porque os datos oficiais falan por si mesmos, o botan aos leóns, os deixan sen crédito fronte a cidadanía pero tamén os estudos que fan asociacións independentes como neste caso é a Asociación de Traballadores Autónomos.

Pero mire, aquí non se maquilla nada porque as facturas deste Concello a media de 4.900 facturas que paga este Concello entran polo Rexistro electrónico de facturas, cunha data de ingreso e se comprobán polos funcionarios responsables que se prestan os servizos, que se subministran e o que se compra ou que a obra está executada e con esa comprobación conforme se fai o pagamento, todo isto nun tempo máis rápido que outras cidades de España, en tempo máis rápido que a capital do Estado e que outras cidades moito máis poboadas e con máis recursos

do Estado.

Polo tanto, Vigo é un exemplo para o resto.

PRESIDENCIA: Déixeme que enfeitice algunha cuestión moi importante a este respecto porque quen di que o mellor pagador de toda España, de tódolas entidades pagadoras que son entorno ao 10.000 é o Concello de Vigo e a Asociación de Traballadores Autónomos de España, non só o Ministerio de Facenda que o dí, ATA fixo un estudo, a Asociación de Traballadores Autónomos de España e di que Vigo é o Concello e a entidade pagadora máis rápida, en algo así como 50 veces máis rápido que Jaén, gobernado polo Partido Popular, que é o peor concello pagando en España, pero quería dicir algo máis, saben vostedes que di ATA de cal é a segunda entidade mellor e máis rápida pagadora de España? A Deputación de Pontevedra neste ano, resulta que o Alcalde de Vigo e a Presidenta da Deputación de Pontevedra os que reciben a felicitación de ATA que ten ducias de miles de afiliados en toda España, porque saben o que significa iso, significa que os traballadores autónomos cobran rápido, non necesitan pólizas de bancos, teñen liquidez, aforran e teñen por tanto a capacidade de levar adiante a súa acción, traballadores autónomos, normalmente pequenos e medianos traballadores.

Sr. Fidalgo, a súa ignorancia é maiúscula, ATA, Asociación de Traballadores Autónomos, nada ten que ver co que vostede di, a súa ignorancia, coñecida nesta cidade, é total, ATA é Asociación de Traballadores Autónomos, normalmente pequenas e medianas empresas, dun traballador, dous, cinco e 10 traballadores, este tecido tan importante que felicitan ao Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra por pronto pago e isto é o mellor que lle pode pasar a unha cidade é ser tan bo pagador, pero ademais nos felicita o anterior Ministro de Facenda que oxalá non volva nunca máis a ser Ministro de Facenda, o Sr. Montoro, porque os datos oficiais de Facenda pouco proclives a ser partidarios de Vigo como todo o mundo sabe, din que somos a mellor entidade pagadora, e esta é unha forma de facer política porque pagar rápido é dar facilidades á economía, e en Vigo somos a cidade economía, por iso estamos orgullosos de poder dicirlles ao sector privado vigués que os mellores pagadores ás empresas somos este Concello.

Debo dicir algo a este respecto, cando eu cheguei aquí o pago era lento, se pode constatar que cando nós chegamos gobernaba o Partido Popular e había 60 millóns

de euros de débeda, o pago era lento, éramos lentos a máis non poder, cando pagamos rápido é agora e por iso seguimos gañando as eleccións seguramente porque os cidadáns recoñecen o traballo deste goberno e pronto haberá eleccións e pronto volverán falar os cidadáns.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

6(117).- RATIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER DE DATA 26.04.18 SOBRE EXTINCIÓN DE NOMEAMENTO COMO INTEGRANTES DO CONSELLO A ENTIDADES POR INASISTENCIA INJUSTIFICADA A TRES OU MÁIS SESIÓNS ORDINARIAS. EXPTE. 8382/224 (REXISTRO PLENO 1798/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de xullo de 2018, a xefa do Servizo de Igualdade e secretaria delegada do Consello Municipal da Muller, co conforme da concelleira delegada de Igualdade, emite o seguinte informe proposta,

“Antecedentes:

O Pleno da Corporación Municipal na sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2015 ratifica o acordo da composición do Consello Municipal da Muller de acordo co establecido no artigo XIII e na disposición adicional primeira do seu Regulamento (publicado no BOP n.º 68 do 13.04.93)

Segundo o artigo XV do Regulamento de dito órgano o nomeamento poderá extinguirse, entre outros motivos, “pola inasistencia inustificada a tres reunións ordinarias ou a cinco alternativas no prazo dun ano”.

A presidenta do Consello Municipal da Muller, na reunión celebrada o día 26 de abril de 2018 e, atendendo ao punto terceiro da orde do día da convocatoria, informa sobre a ausencia ás sesións dalgunhas entidades que forman parte do Consello da Muller para que, se así o acorda o Consello, se propoña ao Pleno da Corporación Municipal a extinción dos seguintes nomeamentos pola inasistencia inustificada a tres o máis reunións ordinarias:

.- “Feministas Independentes Galegas” con CIF G36688125

- .- “Federación Veciñal “Eduardo Chao” de Vigo” con CIF G36681708
- .- “Asociación de Mulleres Lúa” con CIF GG36662971

Na dita sesión, o Consello da Muller aproba a proposta de extinción de ditos nomeamentos, así como a súa ratificación polo Pleno da Corporación Municipal.

En cumprimento do anteriormente exposto, este servizo xestor propón ao Pleno da Corporación Municipal que adopte o seguinte acordo...”

Deseguido a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión ordinaria do 12.07.18, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: É verdade que se cumpre co Regulamento que ten o Consello neste punto, o que me parece estraño e o que nos parece estraño é que neste momento se expulsa a colectivos representativos de mulleres desta cidade, xustamente nun momento tan delicado que está a vivir o mundo feminino, pregúntome se algún dos que están a favor de que se marchen estes colectivos se preguntaron realmente, ou nos preguntamos realmente, non teremos algunha culpa de que estes representantes non acudan ao Consello? Facemos o posible porque se nos unan colectivos de mulleres ou seguimos as directrices deste Concello de divide e vencerás, provoca que se vaian e así acordamos o que queremos? Os tres colectivos que vostedes e eu representan distintas sensibilidades que seguro que enriquecen moito se foran un Concello aberto e plural, por desgracia estamos nun Concello onde o que se require son súbditos, non decisións en momentos como os actuais onde sumar é moi importante, nestes momentos cruciais a falla de autoestima e a debilidade atácanos dunha forma especial ás mulleres, muller a parte dos colectivos que están no Consello, muller é a señora de oitenta anos que a desafiuzaron en López Mora, muller é a Sra. Concha que está desafiuzada na rúa Coruña, muller é a Sra. Lorena na travesía de

Canicouva, muller é a outra Lorena que tamén vive en Camiño A Devesa, e en Severino Covas, Marisol, iso non vale a pena? Por iso nós imos votar en contra de excluír a calquera colectivo no que xa se está a excluír a mulleres, mulleres libres que falen o que queiran e se sintan libres de opinar. Señora Concelleira, todos estes que lle contei, todas estas mulleres que lle nomeei representan un colectivo que se chama Federación Veciñal Eduardo Chao que vostedes leron, cumpriron coa primeira parte pero non leron o artigo 2, quen forma o Consello é a Presidenta, o Alcalde que é quen manda, unha representante de cada grupo municipal, na que estamos nós por iso eu non estou expulsada, unha representante de cada unha das asociacións de mulleres da cidade, unha representante da cada unha das secretarías da muller dos sindicatos, unha representante do Servizo Galego, unha representante da Federación da Asociacións de Veciños Eduardo Chao, catro representantes das vocalías de muller asociadas nesa federación, todo iso ven nos seus estatutos, eu estou totalmente convencida de que o ten vostede moi difícil pero ten a responsabilidade de que teña por fin, e entón volveremos todas, un Consello aberto e plural e non un “chiringuito” particular.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Eu quería dicir que o Consello de Muller leva 25 anos funcionando, é o máis lonxevo de España, creo que merece un respecto, ese Consello réxese por un Regulamento que na súa regra 15 di: que as asociacións que non asistan o titular ou a suplente, ou que non xustifiquen a súa ausencia, basta con que digan “mira non podo ir” e xa non se lle conta a falta, así de doado o teñen, pois o Consello aprobou que xente que ten faltado dende o ano 2015 como a Asociación Eduardo Chao que vostedes acaba de falar. Todas estas tres asociacións levan sen asistir moitas sesións e se vostede asistira, que leva 4 sesións sen asistir, e polo tanto di vostede “expúlseme a min” pois vostede sabería se asistira que no Consello de Muller decidiuse por unanimidade que os grupos políticos non se lles expulsaba posto que eles non pediron participar, é unha opción que nós lle damos a tódolos partidos políticos para que veñan, aconséllase que veñan sempre, normalmente veñen.

Tranquilícese Sra. González e por favor cando teña algo que dicir no Consello da Muller veña que nós escoitámola e díganos todos iso que ten tan interesante que dicir, dígao alí, nos escoitámola, nós convidámola, nós mandámoslles as actas a

tódalas asociacións, todas esas asociacións estaban convidadas a vir a distintas reunións que tivemos ao longo destes meses pasados nos que xa se dicía que se ía propoñer isto, mandámoslles cartas, mandámoslles citacións e non contestaron nunca, cumpren tódalas normas para que o Consello da Muller cumprira co seu regulamento, que é ó fixo nin máis nin menos.

Vostede ten a acta e así o confirma.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez e López Barreiro, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificación do acordo do Consello Municipal da Muller de data 26.04.2018 sobre a extinción de nomeamento como integrantes do Consello da Muller das seguintes entidades por inasistencia inxustificada a tres ou máis reunións ordinarias:

- .- “Feministas Independentes Galegas” con CIF G36688125
- .- “Federación Veciñal “Eduardo Chao” de Vigo” con CIF G36681708
- .- “Asociación de Mulleres Lúa” con CIF GG36662971”

7(118).- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS AO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN DATA 30.05.18 SOBRE CESIÓN GRATUÍTA DE USO DE PARCELA MUNICIPAL DE CARÁCTER PATRIMONIAL Á ASOCIACIÓN AMENCER ASpace PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ENSINANZA

DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA USUARIOS AFECTADOS POR PARÁLISE CEREBRAL. EXPTE. 1473/110 (REXISTRO PLENO 1799/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xullo de 2018, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe proposta,

“Lexislación aplicable.

LH. Decreto de 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LPAP. Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Antecedentes. O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 30.05.2018, acordou ceder á Asociación de atención á parálise cerebral e afíns “AMANCER-ASPACE”, declarada de interese público en virtude de Orde do Ministerio de Interior de 22.04.1997, o uso gratuíto da parcela de titularidade municipal de natureza patrimonial, Referencia Catastral 54057A10200700000BS, localizada no camiño de Areeiro, Bembrive, dunha superficie de 6.068,00 m², inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo Tomo: 2896; Libro: 1662; Folio: 143; Finca: 83830.

A cesión de uso gratuíta -artigo 145.3 LPAP, lexislación supletoria- establécese por un prazo de trinta anos prorrogables ao obxecto de que, co financiamento da FAO, “AMANCER-ASPACE” proceda á construción dun Centro de Ensinanza e atención integral para usuarios afectados por parálises cerebral en grado severo no tramo de idade comprendido entre os 0 e os 21 anos e dirixido a unha poboación estimada de 145 persoas.

Mediante anuncio publicado no BOP do día 12.06.2018, o acordo adoptado someteuse a información pública por un prazo de quince días o fin de que os interesados examinaran o expediente e presentaran as reclamacións, suxestións ou alegacións que se consideren oportunas.

No día 2.07.2018, dentro do prazo previsto, Don Benito Pérez González, veciño de Bembrive (Vigo) presenta escrito de alegación no que solicita a comprobación da titularidade da parcela obxecto de cesión entendendo que esta corresponde á Entidade Local Menor de Bembrive, debendo ser esta Administración Pública, e non o Concello de Vigo, quen adopte os acordos necesarios que posibiliten a existencia da dotación prevista.

No día 3.07.2018, dentro do prazo previsto, D. Carlos Comesaña Abalde, veciño de Bembrive (Vigo) presenta escrito de alegación no que solicita a comprobación da cartografía que consta no Expediente e se declare a nulidade do acordo adoptado

polo Pleno.

Nos escritos de alegacións indícase que a parcela en cuestión se atopa dentro do ámbito dos montes San Ciprián, Aradas e outros que no seu día, ano 1945, deron lugar á constitución da Entidade Local Menor de Bembrive.

Fan constar que, deslindado o monte no ano 1959, foi inscrito a favor da Entidade no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo no ano 1973; alegan que o Concello de Vigo, nos últimos anos, ten adoptados acordos recoñecendo á ELM de Bembrive a titularidade que agora manifesta detentar; neste sentido o primeiro alegante cita o acordo do Pleno de data 26.04.2001 no que o Concello permitiu á ELM a segregar do Monte Areeiro unha parcela de 7.700 m² para a súa posterior cesión o Concello co fin de construír unha residencia de maiores, residencia que hoxe se atopa construída en parcela contigua á que agora o Concello ten acordado a cesión gratuíta.

Respecto das alegacións presentadas emíttese o seguinte,

INFORME

I. No Expediente tramitado consta que, segundo escritura de compravenda asinada en data do 30.12.2000 o Concello de Vigo adquiriu do Ministerio de Defensa determinados bens inmoables, entre eles unha parcela de 84.340 m² denominada “Polvorín de Puxeiros” localizada no Monte do Areeiro, Bembrive.

En virtude de tal transmisión e título a parcela foi inscrita a favor do Concello de Vigo no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo no Libro XXX; Tomo 560 Folio 062; Finca 34.120

II. Ninguén discute que no ano 1945 entre os distintos montes que deron lugar á constitución da ELM de Bembrive se atopaba o Monte Areeiro e que posteriormente tal monte e outros foron deslindados, e inclusive rexistrados, a nome da ELM; que iso se así non implica que en tal monte non existira, con anterioridade a tal inscrición rexistral, algún enclave e instalación (“polvorín”) adscrito o Ministerio de Defensa.

En efecto, no Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo, no Libro (ilexible); Tomo 560; Folio 062; Finca 34.120 consta a seguinte inscrición de data 5.03.1980:

“Urbana. Edificio de un solo piso, destinado a polvorín, en una finca de ochenta y cuatro mil trescientos cuarenta metros cuadrados, situada en Puxeiros, parroquias de Santa Clara y Bembrive, Ayuntamiento de Vigo, próximos a la carretera nueva de Vigo a Orense, colindante con terrenos de naturaleza rústica dedicados a montes, pastos y labradío. Linda al Norte con finca propiedad de Valentín Vila, Emilio Mariño, Benigno Rodríguez y otros; al Sur, con fincas de propiedad de Fernando Quirós, Josefa Pérez y otros; al Este con fincas propiedad de Rosinda Rodríguez, Aurelio Pérez y otros; y al Oeste con fincas propiedad de Vitorio Rodríguez, herederos de Francisco Alonso, José Rodríguez y otros. Su valor es de setecientas dieciocho mil novecientas cincuenta pesetas. Sin cargas. El Ramo del Ejército es propietario de la finca descrita, según el inventario de bienes inmuebles

propiedad del Ejército, y pertenece al Ramo de Guerra desde la guerra con Estados Unidos de América del Norte, instalaciones mejoradas por proyecto aprobado por Real Orden de 30 de marzo de 1900 y ejecutadas en el año 1901; posteriormente se hizo el edificio de nueva planta por proyecto aprobado por Real Orden de 5 de marzo de 1904, obras que se ejecutaron ese mismo año. El ESTADO, para el Servicio del RAMO DEL EJÉRCITO, inscribe el dominio de esta finca al amparo del artículo 206 de la Ley Hipotecaria, sin perjuicio de tercero durante dos años. Así resulta de certificación expedida el once de febrero próximo-pasado por Don Esteban Parra Jiménez, Jefe de Propiedades Militares de la Provincia de Pontevedra⁴, que se presentó por duplicado a las diez y cuarenta del mismo día once, asiento 674, Diario 15; quedando archivado un ejemplar. Exento del impuesto. Vigo, cinco de marzo de mil novecientos ochenta”.

A inscripción rexistral é o suficientemente descriptiva para entender que a finca matriz da que se ten segregada a parcela de 6.068 m² cedida en uso á Asociación AMENCER-ASPACE foi do dominio da Administración do Estado desde, “a guerra con Estados Unidos de América del Norte”, é dicir, desde o ano 1898 (guerras de Cuba y Filipinas), titularidade que no ano 1980 foi inscrita ao amparo do artigo 206 da LH, un precepto que, na data de inscripción rexistral, tiña a seguinte redacción,

“El Estado, la Provincia, el Municipio y las Corporaciones de Derecho público o servicios organizados que forman parte de la estructura política de aquél y las de la Iglesia Católica, cuando carezcan del título escrito de dominio, podrán inscribir el de los bienes inmuebles que les pertenezcan mediante la oportuna certificación librada por el funcionario a cuyo cargo esté la administración de los mismos, en la que se expresará el título de adquisición o el modo en que fueron adquiridos”.

III. En referencia ao exposto na alegación sobre que a parcela de titularidade do Concello de Vigo nomeada “Polvorín” adquirida ao Ministerio de Defensa, non se corresponde coa parcela presentada para a segregación, senón que se corresponde coa parcela nomeada “Polvorín”, na parroquia de Cabral ou Santa Clara, o funcionario Responsable Técnico da Oficina de Inventario e Patrimonio informa o seguinte:

“(…) procede manifestar que de acordo co plano incorporado ao Convenio e aos planos escala 1/2000 e 1/500 de deslinde da parcela, subministrados polo Instituto de Vivienda, Infraestructura y Equipamiento de la Defensa en Pontevedra (INVIED), a situación correspóndese tanto no título como na descrición coa parcela do Polvorín de 84.340,00m² situada na parroquia de Bembrive e da que unha mínima parte da súa superficie sitúase na parroquia de Cabral/Santa Clara xa que o límite Norte da dita parcela do Polvorín coincide nunha parte coa delimitación do deslinde das parroquias de Bembrive e Cabral”.

O mesmo funcionario conclúe o informe manifestando, “En referencia á situación descrita no Rexistro da Propiedade da proximidade a nomeada nova carretera de Vigo-Ourense, antiga N-120, hoxe Autovía A-55, a distancia de separación é aproximadamente 200 mts. (suficiente para a súa descrición de “próxima” xa que

4 Incorporárase ao Expediente copia da Certificación, así como relación de propietarios do plano parcelario dos terreos que circundan ao Polvorín.

se trataban de terreos rústicos sin edificaciones)".

IV. Do exposto dedúcese que respecto da parcela matriz pode existir unha dobre inmatriculación, é dicir, a mesma finca, enteira ou en parte, consta inmatriculada en follas ou folios diferentes do propio Rexistro dúas veces con titularidades diferentes; esta dobre inmatriculación é a que ten ocasionado lóxicos acordos dispares e confusos, caso do acordo do Pleno de data 26.04.2001.

A dobre inmatriculación constitúe un frecuente defecto do noso sistema inmobiliario que ten a súa orixe na tradicional ausencia dun control axeitado das características físicas da finca cuxa inmatriculación se solicita. Elo a súa vez se debe a unha incorrecta coordinación entre Rexistro e Catastro que agora ten sido superada en virtude da Lei 13/2015 que establece a incorporación o folio real da representación georreferenciada da finca desde a cartografía catastral, estendendo os efectos lexitimadores derivados da publicidade rexistral á representación gráfica catastral.

V. O Concello de Vigo, para acadar unha desexada seguridade xurídica respecto da parcela matriz, debe instar da xurisdición ordinaria procedemento declarativo de dominio; cabe tamén o plantexamento, ben polo Concello de Vigo, ben pola ELM de Bembrive, ante o Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, en xurisdición voluntaria, de expediente de dobre inmatriculación que se tramitará e resolverá conforme as regras do artigo 209 da LH.

VI. En calquera caso esta Secretaría considera que o trámite de presentación de alegacións ou reclamacións instruído polo Concello o debe ser respecto da oportunidade ou conveniencia da cesión de uso gratuíta inicialmente acordada en virtude dos fins previstos, non respecto da titularidade da parcela obxecto de cesión (que non se transmite), unha cuestión que, no seu caso, debe substanciarse noutro Expediente e procedemento, razón suficiente para considerar *inadmisibles* as alegacións presentadas; é mais, no Expediente de cesión de uso consta escrito da alcaldesa-pedánea da ELM de Bembrive no que expresamente comunica o Concello de Vigo a súa conformidade respecto da cesión prevista, circunstancia que pode e debe facilitar a resolución da dobre inmatriculación a través do procedemento do artigo 209 da LH, todo iso sen prexuízo de que os alegantes, en aplicación analóxica do sinalado no artigo 63.2 da LBRL, insten da Xunta Veciñal da ELM o exercicio das accións necesarias para a defensa do que eles consideran patrimonio da ELM; no caso de que tales accións non se materilizen pola a Xunta Veciñal da Entidade lles corresponde o exercicio substitutorio da acción con reintegro dos gastos no suposto de que xudicialmente prospere a súa acción.

VII. Cabe concluír manifestando que ante unha posible dobre inmatriculación o Rexistro queda obrigado a despachar os títulos presentados e a practicar os asentos que correspondan relativos á finca en tanto non recaia resolución xudicial definitiva.

En virtude do exposto, comprobada a titularidade municipal da parcela, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO....,

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión ordinaria do 12.07.18, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. RIVAS GONZÁLEZ: O Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 30 de maio do 2018, acordou por unanimidade ceder á Asociación de Atención Cerebral e afíns, a Amencer-Aspace, o uso gratuíto da parcela municipal, localizada no camiño de Areeiro en Bembrive, cunha superficie de 6.068 metros cadrados, inscrita no Rexistro da Propiedade número 2 de Vigo, por un prazo de 30 anos prorrogables.

Nesta parcela a Asociación Amencer-Aspace co financiamento da FAO procederá a construción dun centro de ensinanza e atención integral para que usuarios afectados por parálise cerebral en grao severo, no tramo de idade comprendido entre 0 e 21 anos e dirixido a 145 usuarios.

No prazo de alegacións previsto na tramitación deste expediente, dous militantes do Partido Popular vinculados coa Entidade Local Menor de Bembrive presentaron alegacións nas que indicaban que a parcela en cuestión atopábase dentro dos montes de San Ciprián, aradas e outros, que no ano 1945 deron lugar á constitución da Entidade Local Menor de Bembrive. Pero esta circunstancia non implica que tal monte non existira con anterioridade a esta inscrición rexistral, de feito, a parcela foi dominio da administración do Estado dende o ano 1898, inscrita no ano 1980 e adquirida polo Concello de Vigo ao Ministerio de Defensa no ano 2000, por certo sendo o Sr. Trillo Ministro de Defensa que é cando comeza a historia desta parcela e o Partido Popular, cando goberna o Partido Popular esta cidade sempre sae prexudicada, xa que a parcela que foi solicitada para a súa cesión, tivo que comprala e pagala ao Ministerio de Defensa cando con outros concellos se lles ceden gratuitamente, e agora que este goberno municipal cede unha parcela a unha causa xusta como acabamos de mencionar, vostedes, unha

vez máis se opoñen, pero esta circunstancia non implica que tal monte non existira con anterioridade a esta inscrición rexistral, de feito, a parcela foi dominio desta administración do Estado dende 1980.

De existir unha dobre matriculación non se preocupen vostedes que será resolta por este Concello de Vigo conforme ás regras da Lei hipotecaria vixente. De todo xeito, lémbrolles que no expediente de cesión de uso constan a maiores un escrito da alcaldesa pedánea de Bembrive no que expresamente indica ao Concello de Vigo a súa conformidade respecto á cesión prevista. A se mesmo, no tocante a que esta parcela non se corresponde coa parcela presentada senón que corresponde con outra, o funcionario responsable técnico da oficina de Inventario de Patrimonio, informa que a situación correspóndese tanto no título como na descrición coa parcela do Polvorín, situada en Bembrive.

De todos xeitos, en calquera caso o trámite de presentación de alegacións ou reclamacións instruído polo Concello de Vigo fai referencia á oportunidade ou conveniencia da cesión de uso gratuíto inicialmente acordada en virtude dos fins previstos, non a titularidade da parcela obxecto da cesión, polo que as alegacións presentadas son inadmisibles.

Como inadmisibles son Sra. Muñoz a dobre moral do Partido Popular en temas como este, onde utilizan a dous militantes vinculados coa Entidade Local Menor de Bembrive para presentar unhas alegacións que tentan paralizar a construción e posta en marcha dun centro moi importante que melloraría significativamente a calidade de vida de 145 familias, si Sra. Muñoz, a calidade de vida de 145 familias que van a poñer vostedes en xogo.

Sra. Muñoz, esta é a política social e de apoio á familia que tanto alardea o seu partido, a política do sen corazón, felicidades Sra. Muñoz por intentar paralizar este proxecto, espero que voten favorablemente esta resolución.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Tal e como expresamos xa na aprobación inicial, que un concello ceda solo municipal para unha asociación destas características entra dentro non só do normal, senón dentro do desexable.

O financiamento para a construción deste centro correrá a cargo da Fundación Amancio Ortega, non é intención nesta ocasión de falar da idoneidade ou non deste tipo de doazóns e dos auténticos obxetivos que se buscan, senón de poñer o

foco onde na miña opinión, como traballadora do sector por máis de 20 anos xa e tamén como delegada de persoal, debe estar que nomeadamente na Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade da súa inclusión social non deixa lugar a dúbidas, as administracións públicas desenvolverán as actuacións necesarias para a coordinación da atención de carácter social e sanitario de forma efectiva e eficiente e promoverán as medidas necesarias para favorecer o acceso das persoas con diversidade funcional aos servizos e prestacións en condicións de igualdade co resto da cidadanía.

A competencia desta lei esta transferida á Galicia e é evidentemente responsabilidade da Consellería, máis nunha táctica xa coñecida por todas nós, o Sr. Rey Varela tomando exemplo das mesmas técnicas que se dan na sanidade ou na educación, nega calquera tipo de investimento en infraestruturas e dita esa responsabilidade nas asociacións, que vense obrigadas a buscar mecenas ou afundir a súa economía xa bastante precaria con créditos que poñen en perigo o seu futuro, o futuro das/os usuarias e por suposto a estabilidade laboral das traballadoras, non pasa só co caso de Amencer na nosa cidade e dou por feito que pasa en todo o país e que sucede cando non aparece un mecenas? Pois que con sorte cédese unha infraestrutura que xa non sexa de interese para a administración e cárgase na asociación que toque a súa reforma.

A atención a persoas con diversidade funcional ten que ser un servizo público, con medios públicos e persoal público tal e como demandan dende anos os sindicatos, con mecenas non se solucionan nin a estabilidade laboral e os salarios moi precarios que no groso dos cadros de persoal non chegan nin aos 1.000 euros. As infraestruturas son evidentemente necesarias para dar atención as persoas con diversidade funcional pero a calidade non só a dan as infraestruturas senón que a da o persoal e este persoal non pode dar esa calidade sen estabilidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rivas, que lamentable a súa intervención, é lamentable porque esa demagogia barata, esa mentira, esa calumnia, esa difamación que fai única e exclusivamente para tapar a vergoñenta actuación do exalcalde pedáneo socialista de Bembrive do seu Partido Socialista, de tódalas falcatruadas que fixo en Bembrive, fíxoas moi gordas e vostede por defender a este señor do Partido

Socialista de Bembrive, condenado pola xustiza, que botouno a xustiza, que o botaron os tribunais, intenta embarrar o terreo e pretende facer crelle á xente de Vigo e de Bembrive que o Partido Popular non quere que Amencer-Aspace vaia a Bembrive, cando foi o Partido Popular dende o inicio a Sra. Corina Porro quen atendeu dende o primeiro día a Amencer-Aspace, a Sra. Corina Porro sendo presidenta da Autoridade Portuaria e aínda está o cartel en Bouzas, pode ver como lle cedeu unha parcela no centro da cidade a Amencer-Aspace que non tiveron por desgracia os mecenas, eses financiadores que agora ten a Fundación Amancio Ortega porque o Concello de Vigo non lles da ningún euro para a construción de ningún edificio, nin un euro, e uns señores, digo eu que teñen todo o dereito do mundo a facer unha alegación e vostede intenta confundir, por que? E saben porque fan esta alegación Sr. Rivas? Porque hai unha dobre inscrición no Rexistro da Propiedade como nos dixo o señor secretario. Pois estes señores para que non haia ningún problema futuro e que poden impedir a construción dese centro por un problema de dobre inscrición no Rexistro da Propiedade tal e como o dixo o secretario na Xerencia de Urbanismo, que debería estar vostede máis atento, pois fixeron as súas alegacións e punto, como todo o mundo, pero é lamentable que vostede como secretario de organización do Partido Socialista, que vostede trate de defender a labor do Sr. Roberto Ballesteros, o Alcalde Pedáneo Socialista de Bembrive condenado pola xustiza desta maneira.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Fidalgo, as súas mentiras non van eclipsar a decisión que tomaron os dous militantes do Partido Popular vinculados á pedanía de Bembrive, si Sr. Fidalgo, e vostede que é un cargo público debería de traballar algo máis e saber que a parcela do Concello de Vigo, grazas a este Alcalde, que se lle vai ceder para que poidan levar adiante este proxecto está valorada nun millón de euros, se a vostede lle parece calderilla igual é que vostede é moi millonario, pero 145 familias están moi agradecidas.

Miren señores do Partido Popular, seguen na súa liña, non aprenden e todo o que é bo para Vigo vostedes o rexeitan automaticamente, porque son proxectos liderados polo noso Alcalde o mellor Alcalde que tivo esta cidade na historia de Vigo, o Alcalde da solidariedade e iso lles molesta, lles pon nerviosos pero mire, non é nada novo porque o veñen facendo sempre, vostedes frean o urbanismo e o

queren utilizar como arma electoral, converten un hospital público nun hospital privado nunha mañá, dun plumazo, e así xa vemos como vai, tentan paralizar as humanizacións, tentan paralizar os pavillóns polideportivos, tentan cambiarlle o nome a Illas Cíes, que non a coñecen os cidadáns de Vigo con outro nome nin no mundo enteiro, ata o The Guardian coñéceo como as Illas Cíes, deixan os centros de saúde sen pediatras, os borran dun plumazo incluso sen os investimentos previstos, e deixan e fan que veciños de 4 parroquias teñen que trasladarse, non lle chegou xa con eliminar as matronas, Sr. Fidalgo? Señores do Partido Popular, esa é a política que vostedes fan, pero o mesmo fan cos colexios que gracias a este goberno e a este Alcalde que está preocupado para que os nenos poidan gozar en lugares cubertos en momentos con climatoloxía adversa. Dende logo, señores do Partido Popular o seu non é máis non construír esta cidade e priorizan os intereses partidarios fronte aos intereses cidadáns, e hoxe vostedes quero lembrarlle moito, vostedes están a arremeter sen escrúpulos contra 145 mozos con discapacidades físicas e psíquicas e as súas familias, persoas que afrontaban con ilusión este proxecto, que estaban esperando por el e é o proxecto deles e de todos nós, desta cidade, pero señores do Partido Popular, non o van conseguir por moitas alegacións que presenten.

Sra. Muñoz nun partido que se considere preto e social e o que faría sería expulsar se aínda non o fixeron, militantes como estes porque non fan ningún ben, nin a vostedes nin á xente desta cidade, non, todo a preocupación do Partido Popular, señores do Partido Popular en cuestións sociais é cero.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Declarar inadmisibles as alegacións presentadas por Don Benito Pérez González e Don Carlos Comesaña Abalde no Expediente de cesión de uso gratuíto e temporal dunha parcela de titularidade municipal á Asociación de atención á parálise cerebral e afíns "AMANCER- ASPACE", declarada de interese público.

SEGUNDO. Entender definitivo o acordo de cesión de uso gratuíto por trinta anos prorrogables á Asociación de atención á parálise cerebral e afíns "AMANCER-ASPACE da parcela de titularidade municipal de natureza patrimonial, Referencia Catastral 54057A10200700000BS, localizada no camiño de Areiro, Bembrive, dunha superficie de 6.068,00 m², inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo Libro: 1662; Tomo: 2896; Folio: 143; Finca: 83.830.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos alegantes e a Asociación "AMANCER-ASPACE" que procederá á práctica do correspondente asento ao seu favor no Rexistro da Propiedade, artigo 151.2 LPAP, comunicándolle que a cesión non xurdirá efecto mentres tal asento non se practique.

CUARTO. Instar ao Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo a tramitación ante o Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, en xurisdición voluntaria, de expediente de dobre inmatriculación ao obxecto da súa resolución conforme ás regras do artigo 209 da LH.

QUINTO. Caso de oposición, ou de ausencia de acordo no Expediente mencionado no apartado anterior, instar da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo a interposición ante a xurisdición ordinaria do procedemento declarativo de dominio respecto da titularidade da parcela matriz.

8(119).- APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL ELABORADO POLOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 16022/411 (REXISTRO PLENO 1810/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de xullo de 2018, a técnica de Admón. Xeral e o director de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emiten o seguinte informe proposta,

I. Mediante sentenza dictada polo Tribunal Supremo o día 10.11.2015 (rec. casación nº. 1658/2014) foi declarada a nulidade das orde da Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do día 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (en diante, PXOM08) e do Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio do día 13.07.2009, de aprobación do documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do 16.05.2008, o que significou a reviviscencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 (en diante, PXOU93).

II. No mes de abril de 2017, os servizos técnico-xurídicos da XMU elaboraron, a petición do Xerente da XMU, o estudo previo previsto nos artigos 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (no sucesivo, LMFAO 2017) co fin de valorar a situación urbanística derivada da devandita declaración de nulidade.

III. O 21.04.2017, a Vicepresidenta da XMU resolveu dar tramitación ao referido estudo e solicitar os informes urbanístico e ambiental previsto no artigo 88.dous da LMFAO 2017, que tiveron entrada o día 20.06.2017 no Rexistro xeral da XMU (doc. 170090015).

IV. Con data 26.07.2017, o Pleno do Concello de Vigo aprobou o estudo de medidas provisionais de ordenación nomeado *“Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no Recurso de Casación Nº 11658/2014”* de abril de 2017 e o seu complemento nomeado *“Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional”* de maio de 2017, elaborado polos técnicos da XMU.

O día 03.11.2017 publicouse no DOG nº. 209 o anuncio do 17.10.2017 da dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no que se fai público o informe ambiental estratéxico do IOP do Concello de Vigo.

V. Obran no expediente os seguintes informes sectoriais: dirección xeral de aviación civil de data 30.05.2018, demarcación de estradas do Estado en Galicia de data 18.06.2018, servizo provincial de costas do Estado de data 28.03.2018, dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo de data 08.01.2018 e subdirección xeral de planificación ferroviaria (ADIF) de setembro de 2017 evacuado no período de consultas.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Rdlex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO 2017)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

- PXOU93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993

II. Obxecto do Instrumento de Medidas Provisionais (IOP).

O instrumento urbanístico que nos ocupa é unha ferramenta posta a disposición das Administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos para que, nas circunstancias previstas na LMFAO 2017, podan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto non contén cun novo plan xeral aprobado definitivamente. Consecuentemente, no presente caso, a ordenación urbanística a recuperar deberá ser coincidente coa prevista no PXOM08 e cos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos e sen outras excepcións que as previstas na propia LMFAO 2017. Así mesmo, corresponderalle ao órgano competente valorar a necesidade da aprobación da proposta de IOP en atención ás singularidades deste instrumento, pois, malia tratarse dunha figura non prevista na LSG, ostenta a condición de instrumento de planeamento urbanístico aínda que revestido de certas singularidade, entre outras, a súa vocación de provisionalidade (só estará en vigor no prazo e condicións marcadas pola referida norma autonómica) e o seu carácter parcial (afectará só, no caso que nos ocupa, a concretos ámbitos e zonas de ordenanza).

Neste senso, o IOP elaborado polo servizos municipais propón unicamente recuperar a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Así pois, o instrumento que se eleva a aprobación inicial foi elaborado en observancia dos condicionantes impostos pola LMFAO 2017 e componse dos seguintes documentos: Memoria informativa e xustificativa, anexo 1 de normativa, anexo 2 de áreas de ordenación pormenorizada (AOP-02 Vista Alegre, AOP-03 Rosalía de Castro, AOP-04 Camilo J. Cela, AOP-08 Filipinas Couto, AOP-09 San Gregorio, AOP-11 Tomás A. Alonso, AOP-12 Pastora, AOP-13 Arquitecto Palacios, AOP-15 Porto de Canido, AOP-16 Povisa, AOP-17 Avda. Atlántida, AOP-20 Piteira e AOP-21 Cordelerías Mar I), anexo 3 de áreas de ordenación detallada (A-3-10 Esturáns e A-3-37 Tomás Paredes), anexo 4 Documento ambiental estratéxico, anexo 5 documental e planos da serie 1 a escala 1/10000 de clasificación de solo con servidumes aeronáuticas, planos da serie 1 de clasificación xeral do solo a escala 1/5000, planos da serie 2 a escala 1/2000: subserie 2 A de ordenación pormenorizada do solo urbano e subserie 2 B de superposición de ordenación pormenorizada sobre o PXOU93.

III. Tramitación procedimental

De conformidade co establecido na LMFAO 2017, na súa relación coa LSG, unha vez recabados os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recabaránse os informes sectoriais e as consultas

preceptivas.

A continuación, emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO 2017.

Finalmente, o pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente, de ser o caso, o instrumento de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

Consonte ao disposto no artigo 87.dos da LMFAO 2017, o Concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobalo inicialmente no de dous, provisionalmente no prazo de tres anos e seis meses, que se contarán, cada un deles, dende a data da publicación do acordo de aprobación definitiva da IOP. Transcorridos estes prazos sen cumprirse tales trámites, o IOP aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio da lei e quedará inmediatamente sen efecto. Neste senso, o Pleno do Concello de Vigo acordou en data 18.12.2015 proceder á elaboración dun novo planeamento xeral en substitución do PXOU93, téndose iniciado o procedemento para a contratación dos traballos.

IV. Suspensión de licenzas

De acordo co establecido no artigo 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará, por sí solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. As áreas afectadas pola suspensión, que terá unha duración máxima de dous anos, a contar dende a aprobación inicial, reflíctense no resumo executivo conformante da proposta de IOP.

Esta suspensión non afectará (artigo 86.3 do RLSG):

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás en caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan o aumento do volumen edificado.
- b) As licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e o IOP inicialmente aprobado.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos e actividades autorizados polo novo planeamento.

En tanto dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do RLSG (artigo 47.5 da LSG).

V. Órgano competente

É competente para adoptar o correspondente acordo o Pleno do Concello de Vigo, habida conta de que se trata de recuperar a ordenación establecida nun instrumento de

planeamento xeral cuxa aprobación tamén lle corresponde en virtude do establecido no artigo 123.i) da LRBRL e 61.2 da LSG.

Con todo, a presente proposta formúlase a respecto do cumprimento da LMFAO 2017 polo IOP de referencia, sen prexuízo dos informes a emitir polo polo interventor municipal e o secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo noutras materias en función das súas competencias.

Polo que antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido os funcionarios informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 9.07.2018, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe xurídico,

“Lexislación aplicable.

LMFAO. Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación.

LSG. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes. I. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo (en adiante PXOM 2008) foi aprobado provisionalmente polo Pleno en sesión de data 19.05.2006 e definitivamente mediante Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia de datas 16.05.2008 e 13.07.2009; sete anos despois, en sentenza de 10.11.2015, o TS estima recurso de casación interposto pola *Asociación Alternativa Veciñal de Vigo* contra a sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia, de 20.02.2014 e declara a nulidade das Ordes aprobatorias; no F.J. Cuarto o TS considerou que o PXOM 2008 incumpriu, na súa aprobación definitiva, o trámite de avaliación de impacto ambiental estratéxico previsto no artigo 7 da Lei 9/2006, de 28 de abril, ao non estar debidamente xustificada, na Resolución da DX de Desenvolvemento Sostible de data 28.03.2008, a declaración de inviabilidade de dito trámite.

Consecuencia da sentenza foi a anulación do efecto derogatorio que contiña o PXOM 2008 respecto do PXOM 1993 e, en consecuencia, a nova vixencia dese Plan, un instrumento urbanístico obsoleto, cheo de boas intencións na súa visión da área periurbana e ambiguo en boa parte das súas determinacións o que no seu día lle converteu en obxectivo de intencionados ataques xurídicos que xeraron unha grave inseguridade, razón suficiente para entender que tal Plan nin no ano 2008, nin agora -ano 2018-, é un documento axeitado para a proxección da Cidade no século XXI máxime cando resulta imprescindible acomodar as previsións urbanísticas o novo marco lexislativo que ten sido ditado e o novo contexto social

e económico. A necesidade dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM 2008), era un compromiso municipal e unha realidade que ninguén cuestionaba; a volta atrás, a volta á situación de fai vinte cinco anos, ten suposto a interrupción do desenvolvemento urbanístico da Cidade, unha situación que debe ser superada.

II. O lexislador consciente da realidade descrita acomete na LMFAO a forma de actuar nos casos en que, tras a declaración de nulidade do planeamento urbanístico, rexurda un planeamento anterior que non responde nin ao modelo de Cidade nin ás necesidades urbanísticas existentes e cuxa aplicación resulta incompatible co logro dos obxectivos de benestar socioeconómico que deben impulsar as Administracións Públicas; en definitiva, é a mesma LMFAO a que indica a conveniencia (motivación e xustificación) de instrumentar tales ordenacións no suposto no que a declaración de nulidade dun instrumento de planificación urbanística por sentenza firme supoña o recobro da vixencia dun instrumento que non responde á realidade urbanística.

No sentido exposto a LMFAO promove o desenvolvemento urbanístico habilitando o efecto a tramitación *ad hoc* dun denominado “Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación Urbanística” no que, sen eludir as sentenzas recaídas, e co compromiso certo de desenvolver unha nova ordenación xeral en prazos moi determinados⁵, atenúa os efectos da anulación recaída o posibilitar, sen necesidade da súa adaptación á LSG, unha ordenación que ten que ser esencialmente coincidente⁶ coa prevista no instrumento de ordenación anulado (PXOM 2008), artigo 90. Un. LMFAO.

III. No día de hoxe a XMU remite a esta Secretaría xeral o Expediente; o artigo 123.2 da LBRL sinala que requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para os acordos que corresponda adoptar o Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística; segundo sinala 122.5.e).2º da LBRL os acordos a adoptar por maioría absoluta requiren informe da Secretaría do Pleno polo que ao amparo de tal precepto emítese o seguinte,

INFORME

I. O Pleno do Concello de Vigo, consciente da obriga de superar a situación derivada da anulación do PXOM 2008, co fin de evitar a paralización urbanística -función pública que ten obxecto a organización, dirección e control da ocupación

⁵Conforme o artigo 87. Dous da LMAFO, o concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional (IOP) presentará o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, o aprobará inicialmente no prazo de dous anos e provisionalmente no prazo de tres anos e seis meses. Os prazos contarán desde a data de publicación do acordo de aprobación definitiva do IOP. O cumprimento dos trámites dentro dos prazos sinalados é requisito para o mantemento da vixencia dos IOP. Transcorrido os prazos sen se cumpriren os trámites previstos, o IOPCV esgotará a súa vixencia e quedará sen efecto.

⁶ Como se ten exposto a ordenación urbanística é esencialmente *coincidente* coa prevista no instrumento de ordenación anulado, artigo 90 Lei 2/2017, razón suficiente para considerar que no trámite de información pública a participación da cidadanía pouco poderá aportar no que implica unha regulación legrada e obrigada sen ámbitos de decisión discrecional.

do solo-, co propósito de dotar de seguridade xurídica ás actuacións executadas (nun grao de desenvolvemento completo), o amparo do previsto no artigo 88 da LMAFO e previos os informes ambiental e urbanístico emitidos pola DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola DX de Ordenación do Territorio e Urbanismo en datas de 14 e 15 de xuño de 2017⁷ (artigo 88. Dous Lei 2/2017), acordou, en sesión do 26.07.2017, aprobar o Estudo das Medidas Provisionais de Ordenación, que incluíu o documento de data abril de 2017 nomeado “*Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015*” e o seu complemento “*Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional*” de data maio de 2017, ambos elaborados polos técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Conforme as pautas establecidas na Lei 2/2017, o Instrumento de Medidas céntrase na (i) ordenación provisional do solo clasificado como urbano consolidado (SUC) polo PXOM de 2008, coas excepcións correspondentes aos solos con planeamento especial vixente e na (ii) inclusión dos ámbitos do Porto de Vigo, do Porto de Canido, do Aeroporto, da subestación eléctrica de Balaídos e, polo grao de desenvolvemento urbanístico acadado, dos ámbitos: «A-3-37 Tomás Paredes 1», «A-3-10 Esturáns»; en definitiva o Instrumento de Ordenación Provisional (IOPCV) tan só afecta o 24 % do territorio do término municipal (ordenación parcial) o non incluír a súa ordenación ningún solo urbano pendente de desenvolvemento, nin ningún solo de núcleo rural; como sinala a Memoria este último aspecto será acordado nos estudos de medio rural e dos sentamentos poboacionais, actualmente en marcha no Borrador da revisión do PXOU.

II. Acadada a aprobación anterior o Concello, en cumprimento do sinalado no artigo 93. Dous. a) da LMFAO, remitiu, en data de 17.08.2017, ao órgano ambiental a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañando o borrador das ordenacións provisionais previstas e o documento ambiental estratéxico co contido establecido na lexislación vixente; o 16.10.2017, dentro do prazo previsto e tendo en conta as consultas realizadas, a DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten ditado Resolución de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria ao considerar que tal Instrumento de Ordenación Provisional non producirá efectos significativos no medio ambiente (DOGA do 03.11.2017).

III. O IOPCV componse dos seguintes documentos:

Memoria informativa e xustificativa.

Anexo 1 de Normativa.

Anexo 2 de áreas de ordenación pormenorizada (AOP-02 Vista Alegre, AOP-03 Rosalía de Castro, AOP-04 Camilo J. Cela, AOP-08 Filipinas Couto, AOP-09 San Gregorio, AOP-11 Tomás A. Alonso, AOP-12 Pastora, AOP-13 Arquitecto Palacios, AOP-15 Porto de Canido, AOP-16 Povisa, AOP-17 Avda. Atlántida, AOP-20 Piteira e AOP-21 Cordelerías Mar I).

Anexo 3 de áreas de ordenación detallada (A-3-10 Esturáns e A-3-37 Tomás Paredes).

Anexo 4 Documento ambiental estratéxico.

⁷O informe urbanístico pronunciouse sobre a coincidencia da ordenación provisional coa prevista para ese ámbito no instrumento de ordenación anulado.

Anexo 5 documental e planos

IV. Constan no Expediente os informes sectoriais previos á aprobación inicial previstos na LSG, entre eles os seguintes:

- Informe en materia de costas emitido pola DX de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.
- Informe da DX de Aviación Civil do Ministerio de Fomento.
- Informe da DG de Sostenibilidade de la Costa y del Mar del Ministerio de Fomento.
- Informe da Dirección General de Carreteras, Demarcación de Carreteras en Galicia. Rexistro de entrada de data 22.06.2018.

Así mesmo no Expediente consta informe-proposta emitido polos servizos técnico-xurídicos da XMU sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO 2017.

Na proposta advírtese da suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente (PXOU 1993)

V. De conformidade co establecido na LMFAO 2017, na súa relación coa LSG, recibidos os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, o órgano municipal competente (Pleno do Concello) procederá a súa aprobación inicial (maioría absoluta) e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recabaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

Finalmente, o pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente, de ser o caso, o instrumento de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

Conclusión. Infórmase favorablemente o Expediente remitido e a proposta de acordo que consta no mesmo.”

Con data 10.07.2018, dase conta da proposta de aprobación inicial ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión extraordinaria e urgente.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente do 12.07.2018, queda enterada de dita proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 12.07.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Dende o goberno municipal de Vigo, dende a mala noticia, a mala nova de coñecemento da nulidade do Plan Xeral do ano 2008, afirmamos e estamos a traballar para utilizar tódolos instrumentos legais que están a nosa disposición para poder botar a andar o urbanismo de Vigo e polo tanto para que se poidan desenvolver os proxectos tanto sociais, como empresariais, ou vitais que os cidadáns de Vigo queren desenvolver na nosa cidade, por este motivo a ocasión da aprobación a Lei 2/2016 por parte da Xunta de Galicia que habilita un mecanismo de ordenación provisional para aqueles concellos que están nunha situación similar á de Vigo, é dicir, que viviron un procedemento de nulidade dun Plan e a reviviscencia dun plan que está xa obsoleto, a pesares de que a Xunta de Galicia como saben, negou a oportunidade de Vigo de desenvolver a Vía Parejo que nos permitiría recuperar o Plan do ano 2008, de xeito practicamente integro, ao Concello de Vigo tomou a decisión de utilizar este mecanismo da Ordenación Provisional, un mecanismo que nos vai permitir recuperar a ordenación establecida na Plan do ano 2008 para todo o solo urbano consolidado e para todas aquelas zonas que xa teñen un importante grado de desenvolvemento, en particular aqueles ámbitos onde está Tomás Paredes, Esturáns ou o Porto de Vigo, Porto de Canido ou o Aeroporto, de tal xeito que se poden recuperar aproximadamente 23 millóns de metros cadrados do chan de Vigo, de tal xeito que aproximadamente un 24% do termo municipal que engadido xa a zonas que se poden desenvolver por exemplo, Casco Vello, Bouzas, porque xa tiñan Plans especiais aprobados ou porque se os plan parciais proceden de instrumentos aprobados definitivamente en anos anteriores á entrada en vigor do Plan do ano 2008, podemos estar falando que no 38% do termo municipal de Vigo, se poderá solicitar unha licenza, de tal xeito, que o obxectivo fundamental deste goberno é que aquel que puidera solicitar unha licenza antes da nulidade do Plan do 2008, poida solicitala agora e

coas mesmas condicións e características que o facían entón.

Deste xeito, dado este instrumento e as condicións que propón que obviamente non permite cambios máis alá da adaptación á lexislación sectorial, senón que obriga ao Concello a recuperar de xeito íntegro o que dicía o Plan do 2008, o Concello se puxo na tarefa de recuperar esta ordenación, de tal xeito que de forma áxil, rápida, os servizos da Xerencia de Urbanismo aos que lle quero agradecer o seu traballo, foron quen de poder estar hoxe nunha situación de poder aprobar inicialmente este instrumento de ordenación e digo foron quen, porque ao longo deste proceso, deste ano e cinco meses dende a aprobación da Lei de ordenación provisional, se fixeron moitas cousas, fíxose un estudo, se enviou á Xunta de Galicia, se recibiron os informes, aprobouse neste Pleno ese estudo das consecuencias negativas da nulidade do Plan pero ademais se iniciou a tramitación da Avaliación Estratéxica Ambiental simplificada, recibíronse os informes, resolvéronse as alegacións presentadas nese procedemento, e ademais se pediron os informes sectoriais que tardaron seis meses en chegar, os organismos de competencia do Estado, en particular, á aviación civil, á demarcación de estradas do Estado, á Costas do Estado, á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia neste caso, e á Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria, de tal xeito que o último informe, o derradeiro destes informes chegou o 16 de xuño do ano 2018, e hoxe un mes despois estamos en condicións de poder traer a este Pleno este instrumento de ordenación provisional.

Paralelamente se determinou cantas fincas e titularidades catastrais estaban afectadas por este instrumento, de tal xeito que son aproximadamente 50.000, a Lei obriga a notificalo persoalmente a cada un destes titulares, polo tanto, o concurso para a notificación deste procedemento logo de saber exactamente a súa cuantificación, xa está iniciado, o prazo de presentación de ofertas remata esta venres día 20, polo tanto, estaremos en condicións de facer de xeito áxil, e rápido a notificación a tódolos titulares catastrais, isto significa polo tanto, unha boa nova para Vigo, e quero deixar moi claro que é unha moi boa nova que algúns intentan poñerlle paus nas rodas, pero que non vai ser así porque unha boa nova que cumpre tódolos requisitos legais para poder aprobarse, hoxe aquí neste Pleno, esta aprobación inicial, como así a ratifican tódolos servizos municipais. Polo tanto, sen ningunha dúbida esta é unha boa oportunidade para Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Para nós é algo importante, tan importante como que debería estar aquí o Alcalde en vez de atender unha cousa, nós imos discrepar de que sexa unha boa nova pero cando menos é importante para que polo menos o Alcalde presencie como se aproban determinadas cuestións no seu concello que cando digo “do seu concello” o do “seu” cada día vai máis en maiúsculas porque comeza a ser máis o seu Concello e menos o Concello de todos. Entre outras cousas porque claro que é un tema importante tan importante que para nós constitúe un argumentario perigoso, que tanto o Partido Popular e o Partido Socialista van empregar de aquí en diante para manter esa guerra de trincheiras como na guerra do 14, que chegado un momento uns se puxeron nunhas trincheiras outros se puxeron noutras, estiveron tres anos en desgaste permanente e creo que logo falaremos dunha moción sobre Matamá que demostra ademais que este tipo de instrumentos provisionais, este tipo de improvisacións pactadas obviamente entre as dúas administracións van a lastrar gran parte do futuro desenvolvemento urbanístico de Vigo, nós non temos ningunha dúbida porque xa comezamos a ter certezas sobre sospeitas que nós pensábamos que ía pasar coa ordenación provisional, temos un problema pero non temos un problema de agora, temos un problema de hai tres anos, hai tres anos hai unha anulación dun Plan Xeral e automaticamente que se produce esa anulación do Plan Xeral foi este grupo municipal o que dixo que non había nada, nin informes “Parejos” nin ir a Fátima de xeonllos, redactar un novo Plan, anulación xurídica, a traballar na redacción dun novo Plan, é certo que fallaba a aprobación do regulamento que acompañaba a nova Lei do Solo, pero o regulamento se coñecía, era coñecido, era un texto que tódolos grupos municipais coñecíamos e xa tiña un período de alegacións o que fallaba era que a Xunta de Galicia aprobara, cousa que fixo dous días antes das eleccións autonómicas, é dicir, que foi a última receita que deixou o Sr. Feijóo en previsión, naquela altura podería entender que non ía volver saír electo como presidente da Xunta e aprobou ese Regulamento. Con todo iso enriba da mesa o único que fixo a Xunta de Galicia é crear instrumentos arbitrarios para salvar algunhas cuestións que moitas veciñas/os desta cidade levando dicindo anos sobre o Plan Xeral do 2008, non sometelo á avaliación ambiental estratéxica, ás previsións brutais de vivenda e algún día traerei a este Pleno o informe do

Concelleiro o Sr. Mauricio Cenicerros do Partido Socialista, un informe maxistral que dicía precisamente os males que tiña o Plan Xeral do 2008 e o que fixo a Xunta de Galicia é primeiro, quitar, intentar modificar a Lei do solo que se aprobara unha semana antes, dicir “aprobei a Lei do solo” se me anula por sentenza xurídica o Plan Xeral de Vigo, vou a modificar o artigo 144 da Lei do solo, unha semana despois de aprobalo e para facer esa “chanchullada” requiría o concurso de tódolos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, afortunadamente Alternativa Galega Esquerda dixo que non, que se querían facer algún tipo de lexislación de emerxencia que foran a unha nova lei, fixeron esa lei nova, a famosa lei, uns meses despois, esa famosa Lei de medidas urxentes, que é outro instrumentos para nós que vai favorecer esa guerra de trincheiras, ímolo ver despois na moción de Matamá, pero é o argumentario de pola Lei de medidas urxentes cando eu non poida facer algo porque teño anulado un Plan Xeral, como no fútbol, patadón para arriba e tírolle á Xunta de Galicia e que sexa a Xunta de Galicia a que diga que non e automaticamente xa teño a miña campaña de carteis, “a Xunta de Galicia prohíbe o urbanismo de Vigo”, é como se eu quero tramitar unha lei urbanística por unha lei de deportes, pois exactamente igual, este é un argumentario de guerra, de trincheiras entre o Partido Popular e o Partido Socialista que os afectados van ser os intereses económicos e a planificación urbanística, planificación nesta cidade.

Nós non estamos de acordo con esta lei, que ademais vai de acompañamento dos Orzamentos e polo tanto unha lei “ad hoc” por así dicilo, que se aproba a ordenación provisional pero se aproba o Regulamento dos balnearios de Galicia nesa mesma lei, polo tanto, nós non estamos de acordo, non estamos de acordo nin sequera co debate, 5 minutos para debater unha cuestión tan central como é que o solo urbano consolidado de Vigo vai quedar en “stand bay”, porque vostedes din “non, se legaliza, en tres anos e medio temos o Plan Xeral” e a pregunta que nós dicimos é, legaliza o solo urbano consolidado e se incumpro por algún tema neses tres anos e medio que vai pasar? Cal é a resposta da Xunta de Galicia? Anular ese planeamento, anulalo a cobro revertido? Cal é a cuestión?

En en segundo lugar, porque a nós, creo que en 3 anos houbo tempo suficiente para redactar polo menos un proxecto o borrador e o documento estratéxico do Plan Xeral, telo discutido nunha comisión de planeamento e non improvisar en

colaboración coa Xunta de Galicia, en colaboración coa Xunta de Galicia intentar salvar as vergoñas da anulación do Plan Xeral do 2008 e tamén e case insuficiente poder falar disto a falla de transparencia e explicarlle aos veciños desta cidade o que se quería facer, menos mal que hai unha lei que obriga a que sexan notificados de maneira individual.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis falamos do urbanismo de Vigo, xa falamos do urbanismo de Vigo coa clamorosa ausencia do Alcalde de Vigo que volve a demostrar o moito que lle importa o urbanismo como se non fora suficiente o que leva demostrando nos seus 11 anos de goberno.

Estamos completamente de acordo en que isto é unha boa noticia, que a aprobación da esta ordenación Provisional é unha boa noticia para tódolos vigueses e para tódalas viguesas e esa boa noticia o que se esqueceu señora concelleira de dicir na súa intervención, cando falou de tódalas cousas positivas que nos vai traer esta ordenación provisional, que estamos totalmente de acordo, ese desbloqueo de case o 25% do Plan Xeral do 2008, é gracias a que administración podemos estar aprobando hoxe inicialmente ese desbloqueo de case do 25% do Plan do 2008, porque aquí claramente hai unha administración que traballa a favor e hai unha administración que traballa en contra e a Xunta de Galicia evidentemente cando pon este instrumento a disposición do Concello de Vigo está a traballar a favor de tódolos vigueses/as e iso é o que a vostedes lles custa recoñecer, e non pasa nada por recoñecer que este instrumento é un instrumento bo que permite desbloquear cuestións importantes nun urbanismo que está ferido de morte pola súa nefasta xestión, Sra. Caride e pola nefasta xestión do Sr. Caballero dende que é Alcalde de Vigo e antes de selo, que xa fixo o que podía para que o Plan Xeral comezara mal e acabar como acabou desgraciadamente no ano 2008. Non pasa nada por dicir que gracias a este instrumento que habilita a Xunta de Galicia hoxe podemos estar a falar desa boa noticia, porque sinceramente a súa folla de servizos en materia de urbanismo deixa bastante que desexar, dixémolo dende o primeiro momento, como quen é o responsable o Sr. Caballero ausente de que se anulara o Plan Xeral pode estar ao carón de facer un novo Plan Xeral, como pode ser que a Sra. Caride no goberno da Xunta de Galicia, responsable de meter a pata e de estragar o que era un Plan

Xeral que estaba feito co consenso de toda a cidade, salvo de vostedes que o utilizaban politicamente, poida estar ao carón do Plan Xeral. Xa dixemos que non íamos a ter Plan Xeral en moito tempo, no momento en que se anulou e estamos tendo razón porque o tempo nos está a dar razón, igual que a Ordenación Provisional, xa avisamos que ían ir lentos, non, o seguinte, en aprobar a Ordenación Provisional, desgraciadamente o tempo tamén nos está a dar a razón, están lentos como dicía en tramitar a Ordenación Provisional e xa o dixemos no seu momento, non lles interesa aprobala rápido? E por que non lles interesa, nunha lei que é do ano 2017? Sra. Caride e estamos en xullo do 2018, pois non lles interesou ir máis rápido porque a Lei tamén lles obriga a que no momento que se aproba definitivamente a Ordenación Provisional, presentan o borrador do novo Plan Xeral nun ano, e como vostedes non queren presentar o borrador do novo Plan Xeral antes das eleccións municipais porque volven utilizar o urbanismo con motivos políticos, e iso é o que trouxo a desgracia urbanística a esta cidade, van vostedes lentos, porque o trámite de alegacións que pasamos ata agora, poderían vostedes feito coincidir como prevé a Lei de medidas no seu artigo 93, co trámite de exposición pública que agora imos abarcar, si se podía Sra. Caride, é unha decisión política, léase vostede o artigo 93.4, ao mesmo tempo da exposición se piden os informes correspondentes, se podería ter feito perfectamente de tódalas administracións públicas competentes e os informes sectoriais e tamén os do Estado, se podía, opción política, vostede decidiron ir a paso tartaruga, por que? Porque vostedes non lles interesa o novo Plan Xeral que é o que verdadeiramente necesitamos nesta cidade o novo Plan Xeral, porque con esta decisión vostedes condenan ao que o novo Plan Xeral como pronto sexa no ano 2023 e como resulta que o ano 2023 volve ser ano electoral, si, desgraciadamente para esta cidade, vostedes Sr. Caballero, volve a ser Alcalde de Vigo nas próximas eleccións municipais que os vigueses non o van permitir, auguramos que estamos 10 anos máis sen Plan Xeral por vostedes porque seguirán utilizando o urbanismo por motivos políticos, porque ao Sr. Alcalde de Vigo non lle interesa o Plan Xeral de Urbanismo, non lle interesa que a cidade vaia para adiante, o que lle interesa é atrasar, poñer travas e poñer dificultades para logo pode culpar, iso si, á Xunta de Galicia.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade é que me sorprendo, non creo que custe tanto contar os prazos e están no expediente, ao longo deste procedemento, dende os 15 meses que leva aproba esta Lei, levamos esperando por informes da Xunta de Galicia ou de competencia do Estado, 10 meses, a suma dos prazos son 10 meses, 6 meses polos informes sectoriais preceptivos e vinculantes antes da aprobación inicial e 4 meses polos informes da Xunta de Galicia, e o Concello empregou 5 meses dese total de prazo para poder facer a documentación e poder cumprir os requisitos que se poñen enriba da mesa para poder cumprir coa Ordenación Provisional, polo tanto, non hai ningunha dúbida que o Concello tivo a maior vontade de ser, actuar coa maior celeridade posible porque sabemos que este instrumento é bo, temos o compromiso de cumprir os prazos que nos fixa a lei para o resto de instrumentos de Ordenación, de tal xeito que saben que xa rematou o prazo para a presentación de ofertas para o Plan Xeral pero é que ademais os servizos internos do propia Xerencia de Urbanismo xa adiantaron parte dese traballo do documento de borrador e do documento inicial estratéxico, iso si cos requirimentos que nos esixían antes do outubro do ano 2016, que como saben, mudaron polo camiño. Pero eu ei de recoñecer que tampouco me sorprende as posicións, o Sr. Pérez ven aquí para dicir que isto lle parece unha falcatruada, pero xa sabemos que el se negou a que Citroën puidera ampliar a súa actividade e polo tanto puxo en cuestións os postos de traballo de Citroën, xa sabemos que tamén se opuxo a que Conxemar puidera continuar en Vigo coa ampliación de IFEVI, e tamén sabemos que se opón ao Centro Vialia, polo tanto, tampouco nos sorprende que podamos utilizar os instrumentos legais que temos á nosa disposición para que Vigo non se pare.

Mire Sra. Muñoz, na miña folla de servizos está a quitar a peaxe de Rande, e facer que o Plan de Vigo teña en colaboración co Concello de Vigo o 40% de vivenda protexida, tiña o 40% de vivenda protexida, na súa folla de servizos está a privatización do hospital de Vigo, a única cidade galega que ten un hospital privado, polo tanto, cada un de nós sabe onde está, non xeremos ningunha dúbida, é unha vergoña que a directora xeral de Urbanismo viñera antonte a Vigo a sementar dúbidas sobre a ordenación provisional, sobre a aprobación da ordenación provisional, non lle dixo ao Concello porque sabía que era unha mentira, unha falacia o que estaba a dicir, fíxoo nunha rolda de prensa con outro

representante da Xunta de Galicia do Partido Popular, porque o que querían era enredar, xerar mala expectativa, entender que este era un procedemento que tiña sombras, ningunha sombra, a Lei é medianamente clara, Vigo está en condicións de aprobar a ordenación provisional, tanto inicialmente como definitivamente, e así vaino facer, espero que co seu apoio.

VOTACIÓN: Con vintedous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 16022/411, elaborado polos servizos técnicos municipais e asinado electronicamente en xuño de 2018, nomeado *V4. Documento para aprobación inicial*.

SEGUNDO: Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica municipal. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o que se entenderán emitidos con carácter favorable.

TERCEIRO: Declarar a suspensión, polo prazo máximo de dous anos, do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado. Esta suspensión levantarse, en todo caso, unha vez aprobado definitivamente o dito instrumento.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

9(120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO EXPRESANDO A SÚA SOLIDARIEDADE COAS TCAES E APOIO ÁS SÚAS REIVINDICACIÓNS E Á DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA, ASÍ COMO O REXEITAMENTO ÁS COACCIÓNS EXERCIDAS POLA DIRECCIÓN DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1785/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo de 2018, número 1785/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

“MOCIÓN EN SOLIDARIEDADE COAS TCAES DO HAC.

Se algún sector público foi furado polo mercantilismo privado, ese é o conglomerado público da Sanidade. Os consecutivos gobernos neoliberais que pasaron tanto polo congreso como polo parlamento galego, converteron nun “queixo gruyère” un dos piares fundamentais da sociedade.

Cada comunidade autónoma dispuxo do seu particular plan para privatizar a Sanidade, quizais o madrileño ou o valenciano son os casos máis ostentosos de privatización pero sen dúbida o de máis alcance foi o galego impulsado polo goberno de Feijóo.

O plan de penetración do privado na Sanidade Pública desenvolvida polo Partido Popular non consiste en grandes contratos de externalización da atención médica senón nun sibilino pero constante furar que logrou que a cidadanía descoñeza realmente o alcance das consecuencias das políticas privatizadoras que foron e están aplicándose.

Boa parte da sociedade pensa que a bata branca segue sendo pública aínda que haxa derivacións masivas aos hospitais privados xa que estas sempre son xustificadas como alivio ás crecentes listas de espera, unhas listas que non cesan de incrementarse debido á paulatina redución de persoal sanitario na Sanidade Pública.

Pero o que hai detrás da bata branca na Sanidade galega está infestado de contratos con empresas privadas que van moito máis alá da limpeza, lavandería, cociñas ou mantemento dos centros de saúde ou hospitais. Non falamos de contratos menores cando nos referimos ao Laboratorio Central de Galicia, adxudicado a Unilabs; a historia clínica electrónica, que agora xestiona Indra; as telecomunicacións do Servizo Galego de Saúde de Galicia (SERGAS), do que se encarga Telefónica; a Plataforma Electrónica e o teléfono de cita previa, encomendados a Netaccede; así como o Servizo de Subministracións e Loxística, tramitado por Severiano Servizo Móbil; o mantemento de equipos sanitarios, dilixenciado por Ibérica de Mantemento SA; e as contratacións do SERGAS, das que se ocupa Plataforma Electrónica Vortal Connecting Bussines, participada por Microsoft, Telefónica e Indra.

Pero a gran posta en escena do modelo de colaboración público-privada foi a construción e xestión do novo hospital de Vigo (Álvaro Cunqueiro) cun sobre-custo do centro, que pasou de 450 a 1750 millóns, asumido polo erario público sen que isto carrexase melloras, xa que se rebaixaron o número de camas, os quirófanos, ou a superficie de Urxencias e os servizos de radioloxía.

Este binomio público-privado ensaiado polo Partido Popular para o Hospital Álvaro Cunqueiro foi altamente contestado na área sanitaria de Vigo con manifestacións históricas pola alta participación da cidadanía. Para contrarrestar esta alarma social, a administración autonómica utilizou todos os resortes para vender unha imaxe de normalidade para este macro centro hospitalario, desde campañas de prensa ata purgas do persoal médico máis contestatario. Un relato de normalidade que non calou do todo entre unha cidadanía moi sensible a calquera noticia que deixase patente a excepcionalidade deste hospital, que foi un fervedoiro de mobilizacións desde a súa posta en funcionamento e case todas elas para denunciar como a dirección política privilexia aos xestores privados en detrimento do público.

O último conflito ten como protagonistas ás TCAEs, auxiliares de enfermería, que, fartas de ser as mulas de carga viron como a súa demanda de incrementar o persoal foi respondida pola Dirección do hospital cun NON e a continuación co aumento das tarefas diarias asumindo cargas de traballo que claramente correspondían á empresa privada concesionaria da xerencia do hospital, froito ademais dunha nefasta xestión entre ela e as sucesivas empresas privadas que xestionan servizos no HAC, como a de limpeza.

O detonante das mobilizacións foi a orde ás TCAEs de asumir a tarefa de trasladar as bolsas de roupa sucia das e dos pacientes cando o persoal auxiliar de enfermería xa está desbordado ao ser obrigado a desempeñar labores tamén impropios como a de camareiras/os. A administración quere poñer o acento sobre a desobediencia das TCAEs presentándoo como un feito puntual e que a negativa para recoller ditas bolsas é froito só desa ociosidade enfermiza arraigada no funcionariado que tan interesadamente instauraron no imaxinario popular, nada máis lonxe da realidade.

Por suposto, non faltou a aplicación da consabida receita de apertura masiva de expedientes disciplinarios nun van intento de desarticular as mobilizacións e do uso das forzas policiais para invisibilizar as protestas retirando pancartas, carteis ou ameazando con multas nas diversas mobilizacións nas que este persoal fixo visible o seu conflito.

Pero estas bravas mulleres non se van a amedrentar porque saben que son, ante o letargo sociopolítico provocado polo canto de sereas mediático, a primeira barricada contra o espolio do ben común.

Para que as TCAEs non sexan a primeira e única barreira contra o latrocinio do ben común é necesario que dende as institucións as forzas políticas expresemos o noso apoio ás súas demandas .

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede a seguinte proposta de

ACORDOS:

1 - O Pleno do Concello de Vigo expresa a súa solidariedade coas TCAEs e o apoio ás súas reivindicacións dentro da loita pola defensa da Sanidade Pública, e rexeita ás coaccións exercidas pola Dirección do HAC contra este persoal.

2 - Instar á Xerencia do HAC á retirada dos expedientes que foron trasladados á inspección do SERGAS co obxectivo de estudar as sancións ás traballadoras.

3 - Instar á Xerencia do HAC a que faga responsable novamente desta función á sociedade concesionaria, a cal recibe, xunto ás empresas que contrata para a realización de diversas funcións, cuantiosas remuneracións anuais de cartos públicos”

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Unha vez máis, hoxe falamos do hospital Álvaro Cunqueiro e por extensión do modelo sanitario que se nos pretende vender como unha mellora no servizo que e que acaba sendo menos servizo, menos dereito para as/os pacientes e por suposto menos dereitos para o persoal sanitario, ademais de supoñer persecución sindical e persecución das lexítimas protestas en defensa dos dereitos non só das/os traballadores, senón das propias doentes que é imposible que dispoñan dunha boa atención cando as persoas encargadas do seus coidados están traballando en condicións lamentables. Non está demais mirar un chisco atrás e lembrar cal é a orixe deste eufemismo chamado colaboración público privada, e que ademais non por casualidade ten como protagonista ao Sr. Feijóo.

Nos anos 90 co Sr. Feijóo de secretario xeral do SERGAS, impulsou un dos primeiros experimentos de xestión sanitaria, as fundacións hospitalarias, estas fundacións que chegaron a ser 4, tiveron o seu emblema na fundación do Hospital de Verín e foi concibida, segundo nos vendían nese momento tanto o Sr. Feijóo como o conselleiro de sanidade, que naquela altura era o Sr. Román Becarúa, para xestionar con unha metodoloxía moderna e flexible o recinto verinés, así poñíase a funcionar un hospital que na práctica era parte da rede pública pero sería rexido polos principios do sector privado en materias como contratación ou o pago de incentivos.

A penas tres anos despois do celebrado nacemento, o hospital funcionaba á metade da súa capacidade anunciada e a súa xestión xa estaba asumida na opacidade, no descontrol, nas perdas económicas e mesmo nas contas falseadas, así o reflectía un duro informe do Consello de Contas no que advertía de que as contas anuais da fundación non expresaban a imaxe fiel do que acontecía en Verín, era quen de cuantificar perdas económicas e de advertir en xeral dunha grave situación financeira que a facía padecer dunha total dependencia do apoio financeiro adicional da Xunta de Galicia.

O proxecto concibido para liberar a xestión sanitaria dos vicios da administración pública mediante técnicas de xestión empresarial, estaba a funcionar, segundo Contas, como vía de escape aos controis administrativos, sen que existise ningunha xustificación documental da necesidade e conveniencia de promover

unha fundación para prestar servizos sanitarios.

O mecanismo artellado polo Sr. Romay e o Sr. Feijóo, servía para trasladar funcións propias da administración substraendo fondos públicos e bens de dominio público para poñelos a disposición dunha entidade privada, onde se vendera a flexibilidade de actuación, había falla de control orzamentario, e ademais diagnosticaba o ente fiscalizador salientables irregularidades na contratación de persoal e na subcontratación de servizos externos que acaban distorsionando a previsión de gasto.

Así o 5 de outubro do ano 2000, o Consello da Xunta de Galicia do Sr. Manuel Fraga, decidía que tanto a de Verín como as demais fundacións hospitalarias pasasen a ser públicas en 2003, no executivo do que xa formaba parte o Sr. Feijóo, daba o primeiro paso para integrar ao seu persoal no SERGAS, sendo definitivamente disoltas e recuperadas 100% ao control público no ano 2008.

A traxedia das fundacións sanitarias nos anos 90 repítese como farsa no 2015 coa apertura do Álvaro Cunqueiro. Cada comunidade autónoma dispuxo do seu particular plan para privatizar a sanidade, quizais o madrileño ou o valenciano son os casos máis ostentosos, pero sen dúbidas o de máis alcance foi o galego impulsado polo goberno do Sr. Feijóo, o novo Plan de penetración do privado na sanidade pública desenvolvida polo Partido Popular xa non consiste en fundacións, senón nun principio máis discreto plan de colaboración que ao fin acaba traendo as mesmas ou quen sabe se peores consecuencias. Os exemplos son abundantes e hoxe imos a tratar unha delas; o que hai detrás da bata branca na sanidade galega, está infestado de contratos con empresas privadas que van moito máis alá de limpeza, lavandería, cociña, o mantemento dos centros de saúde ou hospitais.

Non falamos de contratos menores cando nos referimos ao Laboratorio Central de Galicia, a historia clínica electrónica, as telecomunicacións do Servizo Galego de Saúde, a plataforma electrónica do teléfono de cita previa ou aos servizos e administración de loxística e mantemento de equipos sanitario, incluso as contratacións do SERGAS, a gran posta en escena do modelo de colaboración público privada foi a construción e a xestión do novo hospital, cun sobre custe do centro que pasou de 450 a 1.750 millóns, asumido polo erario público. O último conflito ten como protagonistas as auxiliares de enfermaría que fartas de ser as mulas de carga, viron como a súa demanda de incrementar o persoal foi

respondida pola dirección do hospital cun non, e a continuación co aumento das tarefas diarias, asumindo cargas de traballo que claramente correspondían á empresa privada concesionaria da xerencia do hospital, froito ademais dunha nefasta xestión entre ela e as sucesivas empresas privadas que xestionan servizos no Cunqueiro como a de limpeza.

O detonante das mobilizacións foi a orde de asumir a tarefa de trasladar as bolsas de roupa sucia das/os pacientes, cando o persoal auxiliar de enfermería xa está desbordado ao ser obrigado a desempeñar labores impropias como a de camareiras/os.

A administración quere poñer o acento sobre as reivindicacións das auxiliares presentando como un problema para o funcionamento do hospital.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Voume a centrar un pouco máis no tema que tratamos hoxe que é un tema das auxiliares, o problema das TCAEs reside esencialmente en que é unha organización sindical que defende unha cousa e máis a contraria, segundo o sitio no que se exprese, pois fixo o mesmo traballo no Comité de Empresa de Limpeza que dixo que non era competencia deles e que defendeu o mesmo na Comisión do Centro do Hospital que tampouco é competencias das TCAEs.

A recollida de bolsas de roupa sucia dende das habitacións aos puntos de recollida era desenvolvida polos traballadores da empresa concesionaria, pero despois da resolución dun conflito con intervención do Consello Galego de Relacións Laborais, pasou a ser feita dende o 2 de maio deste ano polo persoal do Servizo Galego Saúde, cunha tarefa comprendida entre as funcións que se lle asignaron ás auxiliares de enfermaría.

Tanto nos hospitais públicos de Vigo como nos resto dos hospitais públicos da nosa comunidade, a prestación de servizos non sanitarios como de limpeza, lavandeira, lencería, cafetería entre outras, son feitas por unha empresa externa, no caso do hospital público Álvaro Cunqueiro son realizados pola empresa concesionaria en virtude do seu contrato, evidentemente. No prego de prescricións técnicas no contrato recollidas con esta sociedade establécese no paragrafo 20.2.2 que “o servizo de lavandería, lencería, incluirá as tarefas asociadas á recollida de téxtil sucio nos puntos asignado ata tal fin pola administración en cada unha das unidades asistenciais dos centros do perímetro concesional. O persoal dependente

do Servizo Galego de Saúde depositará diariamente a roupa sucia nos puntos habilitados a tal fin dentro das bolsas que serán subministradas polo concesionario, e o concesionario será o encargado de recoller a roupa sucia nos puntos habilitados a tal fin”, isto é o que di o convenio.

Parece claro que isto se lle asignou ás auxiliares, o que pasa é que previamente tiñamos unha especie de acordo entre o persoal do SERGAS e o persoal de limpeza para facer esta tarefa, incluso ás veces uns os recollían pola mañá outros pola tarde, estes acordos mantivéronse ata que a CIGA iniciou un conflito dándolle a razón a través do Comité de Empresa e fíxose que fora o SERGAS o que tivera que facerse cargo disto, isto non foi unha decisión que se tomara arbitrariamente senón que foi a través do Consello Galego de Relacións Laborais. Entón a partires deste momento as TCAEs tiveron que asumir esta tarefa, tarefa ademais recoñecida como competencia deste persoal en diversas sentencias e a partires de aí todo o conflito que ninguén desexa.

Se ben, podemos entender que se solicite unha mellora das condicións de traballo das TCAE, co cal estamos de acordo, unha negación deste polémico punto das súas funcións, non compartimos as formas e menos o clima que se creou por este motivo, a ruptura dos acordos previos entre TCAE e lavandería e xudicialización do proceso é froito de defender unha cousa e a contraria ao mesmo tempo por parte dos sindicatos.

O estatuto do persoal non facultativo, a través desta sentenza, recoñece en diversas sentencias como competencia das TCAEs o depósito de roupa sucia nos puntos de recollida, entendemos que detrás desta obriga, desta tarefa de carga de roupa ata os puntos de recollida ten que ser o máis doada e cómoda posible para non interferir co resto do traballo e deben de adecuarse os medios e a cantidade de puntos, en definitiva a defensa sindical que esta tarefa a deixara de facer o servizo de limpeza e á vez a defensa de que o deixara de facer os TCAEs provocou unha rotura dos acordos que se tiñan entre limpeza e TCAE e creando un conflito que era evitable.

Entendemos que as TCAEs teñen que acatar as ordes xudiciais, a nós gustaríanos que non houbera ningunha traballadora expedientada, gustaríanos de verdade, entendemos que a Xerencia neste momento non poder paralizar estes expedientes porque é cousa de inspección. En resumo, gustaríanos que esta tarefa ademais

fose competencia da concesionaria e non das TCAE, e que a intervención sindical ao final fixo que isto non fora posible. Queremos poñer en valor o traballo que fan as TCAEs do hospital, loxicamente, coidando aos seus pacientes e a súa implicación no tratamento médico e o benestar dos ingresados e nós ímonos abster nesta moción dado que temos moitos puntos en común pero non podemos respaldar outros que se teñen exposto.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Tivemos ocasión de coñecer a problemática das auxiliares de enfermaría, nunha reunión que mantiveron este amplo colectivo co Alcalde e na cal se lle manifestou o apoio unívoco a estas reivindicacións e a solidariedade na loita polo que é un unhas reivindicacións xustas, polo tanto o apoio dos grupo socialista a estas propostas, nós subscribimos a literalidade desta moción e loxicamente as propostas de resolución da mesma.

Os problemas, estimado compañeiro de profesión e do Partido Popular, neste caso non é verdade que isto se refira, este sexa un problema que se limite a un tema sindical, que va, isto é unha colisión de intereses que está explícito no modelo elixido para facer o novo hospital de Vigo e nese sentido subscribo totalmente o que dicía o concelleiro de Marea, proba diso e hai unha proba irrefutable, o único sitio onde se produce este problema é en Vigo, o único sitio onde hai un hospital destas característica é en Vigo, polo tanto, a relación unívoca, non hai ningunha sentenza no senso de como se aplica porque as sentencias hai que aplicarlas no contexto laboral específico, non en xeral, hai sentencias específicas para casos concretos pero non neste tema, polo tanto, non falemos do que non sabemos ou intentemos ocultar a realidade.

Polo tanto, este é un problema que está relacionado univocamente e inequivocamente co modelo de hospital elixido, pero é que non é só este problema, este modelo está constrinxindo o sistema, o está distorsionando e o está poñer aos pes dos cabalos. Este é o problema da expresión do modelo elixido para a construción e xestión do novo hospital que a súa vez é consecuencia da política do Partido Popular e do goberno que preside o Sr. Feijóo, é tanto o éxito deste hospital que precisamente o Sr. Feijóo deseñara dous hospitais con este mesmo modelo, pois o segundo anulouno, fíxese en que modelo se pode mirar o Sr. Feijóo para dicir que este é un modelo de éxito, é un modelo do fracaso, de

defensa duns intereses alleos á realidade e aos intereses do sistema sanitario público, porque non só isto, é un problema que fai aguar dende o mesmo momento que se abre o hospital, vou dicir simplemente un feitos, o episodio da infección polo aspergillus, relacionado co modelo de construción do hospital, a ruptura de tuberías e caída de auga relacionado coa perda de calidade polo modelo elixido do hospital, os recortes no número de quirófanos e cámaras de observación previstos en función do modelo de hospital, a pésima calidade de construción, o prezo abusivo dos aparcadoiros que agora ven o problema do que é reivindicación para precisamente restaurar o equilibrio financeiro que perderon a concesionaria.

Como o demostra, este é o sangrante proceso clónico de descapitalización pobacional, o colapso inxustificable dos servizos de urxencias, díxese que este hospital poría fin ao colapso de urxencia, medios de comunicación de hoxe, se dixera que este modelo remataba coa lista de espera, medios de comunicación de hoxe, catro anos de lista de agarda, porque as listas da agarda que se anuncian están totalmente manipuladas, porque nunca foran sometidas como fixemos nós a un plan de auditoría pola autoridade correspondente, nunca se fixeron, e nunca se levaron ao Parlamento como fixemos no seu momento. Polo tanto, é mentira esa lista de agarda que é a expresión neste caso dun modelo pero xa non só iso, é a conflitividade recorrente como en colectivos, como neste caso das auxiliares de enfermaría, como os celadores, os médicos de urxencia, como o tema de pediatría, como o tema incluso dos radiólogos, que ao final quen os paga? Os usuarios, porque é ao fin e ao cabo para beneficiar politicamente a un tipo e tipoloxía de empresas se prexudica á sociedade, á sanidade pública, porque isto é o que está en cuestión con este modelo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Pos si a administración sempre intenta culpabilizar a alguén, hoxe neste foro tocou aos sindicatos, e os sindicatos o que fan é defender á clase traballara, e polo tanto en canto teñen a obriga de defender tanto as traballadoras, por suposto que os sindicatos defenden a súa clase, a clase traballadora, é única e exclusivamente á clase traballadora, tanto ao persoal de servizo de limpeza como as auxiliares, porque o problema non son dereitos das/os traballadores, o problema é un falla de claridade nos pregos que fai que sucedan

este tipo de cousas, en tres anos de funcionamento do Cunqueiro, as auxiliares de enfermaría non exercían esa función, máis os recortes de persoal da concesionaria son os que traen como consecuencia que o persoal dos SERGAS sofra esta sobrecarga, o que é responsabilidade das auxiliares é o mantemento, conservación e limpeza e condicións hixiénico-sanitarias do paciente e do súa contorna, vostede pode agarrase a iso se quere, para dicir que isto é a súa responsabilidade pero o certo é que os puntos de recollida de roupa, por exemplo do Xeral, en comparación co Cunqueiro, é que non teñen absolutamente nada que ver e polo tanto a carga de traballo e os tempos non son os mesmos e polo tanto a atención ao paciente vese deteriorada.

Evidentemente non lles podo pedir ao grupo do Partido Popular que presten apoio a esta moción por conciencia de clase, non é esa a miña intención nin moito menos, voto en falla en todo caso, que no repitise os argumentos que tivemos que escoitar no “Parlamentiño” que dixeron que “parece ser que defender aos traballadores/as da sanidade pública, é prosoviético” iso foi o que dixo o Partido Popular no “Parlamentiño” neste debate, o “Parlamentiño” pola súa falla de soberanía.

En todo caso Sr. Piñeiro, se vostedes non queren apoiar estas lexítimas reivindicacións, polo menos intenten non votar en contra aínda que sexa por egoísmo, e digo por egoísmo porque as condicións das traballadoras/es auxiliares repercuten tamén directamente no seu traballo como médico.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.07.2018 (Rex. Nº 1785/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: O Pleno suspéndese ata as catro da tarde por atención á toma de posesión do novo Delegado de Zona Franca xa que o Alcalde de Vigo é o presidente no acto e insubstituíble.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde, Sr. Presidente, a nós nos gustaría que tendo en conta que os artigos 47 do Regulamento do Pleno e 87 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que prevé parecer ser de forma literal a suspensión dunha sesión sexa para permitir deliberacións dos grupos ou para descansos nos debates, gustaríanos que se pronunciase o secretario do Pleno sobre se esta suspensión para acudir a unha toma de posesión cumpre o Regulamento do Pleno e o ROF, gustaríanos que nolo clarexase o secretario do Pleno, se estamos a cumprir o Regulamento.

PRESIDENCIA: O secretario do Pleno xa fixo o informe corresponde que consta na acta desta sesión, o que lle preocupa ao Partido Popular é que vai tomar posesión o Sr. David Regades como delegado da Zona Franca. Reanúdase a sesión ás catro da tarde.

Interrompese o Pleno ás 11,21 minutos, reanudándose ás 16 h.

PRESIDENCIA: Reiniciamos a sesión que suspendeu esta mañá pola toma de posesión do novo Delegado da Zona de Franca, o Sr. David Regades e continuamos co Pleno, ábrese sesión pública.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu quería unha cuestión de orde Sr. Presidente, xustamente ao suspender o Pleno pola mañá esta voceira pediu que falara o secretario para confirmar que se estaba a cumprir co Regulamento, coas condicións para suspensión do Pleno, o Alcalde non deu a palabra ao secretario pero si que nos dixo de forma tallante, que existía un informe que dicía que si que se podía, polo tanto, eu pido que se poña a disposición dos grupos da oposición, dos grupos municipais ese informe ao longo do que queda de Pleno para que poidamos ver onde se xustificaba que non hai ningún problema e que é conforme ao Regulamento suspender a sesión para ir a unha toma de posesión.

PRESIDENCIA: Eu, Sra. Muñoz, escoitei a súa petición, o Alcalde no momento da suspensión do Pleno, eu lémbrolle que tamén estaba presente, o Alcalde lle dixo que había un informe do secretario do Pleno e deu por rematado o asunto, eu creo que agora é unha reanudación da sesión, imos a continuar co punto 10.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Queremos pedir que nos faciliten ese informe, porque é curioso que exista un informe e non se poña a disposición dos grupos.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, o que vostedes teñan que pedir ou alegar poderano facer, agora imos a continuar co Pleno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Espero que conste en acta as manifestacións do Alcalde pola mañá e que agora pedimos e non se nos facilita ese informe onde se xustifica que é conforme a Regulamento a suspensión do Pleno, porque senón existe o informe sería unha mentira que dixo o Alcalde no Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, escoitamos xa a súa cuestión de orde, imos continuar xa co Pleno, estábamos no punto 10.

10(121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A MANTER O COMPROMISO DO ANTERIOR GOBERNO CENTRAL E HABILITAR DE XEITO INMEDIATO A GRATUIDADE DA PEAXE VIGO-REDONDELA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1812/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo de 2018, número 1812/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A peaxe Vigo - Redondela configúrase como un dos tramos máis inxustos, inxustificados e inxustificables de toda a rede de autoestradas desde país. Os menos de dous quilómetros de traxecto teñen un custo de 0,65 céntimos, o que multiplica por 6 as medias galega e estatal do prezo por quilómetro.

Polo tanto, ao falar da supresión desta peaxe falamos dunha reivindicación histórica de Vigo e da súa Área Metropolitana. Unha actuación que só pode facer xustiza a empresarios e veciños, que levan anos sufrindo esta inxustiza, que por fin vían como a peaxe tiña data de caducidade tralo compromiso do anterior goberno central para a súa eliminación.

Pero para sorpresa de todos, nas últimas semanas estanse a acumular as escusas es as mentiras, propias e alleas. Propias, por parte dun alcalde que pasou mesmo de falar da celebración dun pleno extraordinario para exixir dita gratuidade, a non consideralo prioritario ao facerse público que era cómplice dunha estratexia de mentira e manipulación. E alleas, por parte dun goberno central que afirmaba que non se deran pasos na consecución deste obxectivo.

Os pasos estaban dados e o compromiso era firme. O Ministerio de Fomento conta cun informe da concesionaria nesta liña. Informe que se negan a facer público co silencio cómplice dun alcalde moi preocupado de cousas que deben ser moita máis importantes que velar polos seus veciños.

Un silencio do que non pensa ser cómplice este grupo municipal. Pedimos a gratuidade da peaxe co anterior goberno, e o pedimos con este. Estamos a falar dun compromiso irrenunciable e de xustiza, que só pode beneficiar ás familias e ás empresas da nosa Área.

Do mesmo xeito, o tramo urbano de Teis dende o inicio do termo municipal de Vigo, é dicir, desde as Torres de Padín, é outra reivindicación histórica e outra forma de facer xustiza con Teis e con Vigo.

Pero esta actuación debería ser artellada e liderada polo Concello de Vigo. Esa foi sempre, alo menos, a vontade deste grupo: que Vigo decida o que é de Vigo. Para o cal resulta imprescindible que o goberno poña enriba da mesa un proxecto serio,

no un 'copia e pega' dunha iniciativa adiantada por outros colectivos.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Ministerio de Fomento a manter o compromiso do anterior goberno central e habilitar de forma inmediata a gratuidade da peaxe Vigo - Redondela
- Instar ao alcalde de Vigo a exixir ao executivo central dita actuación
- Instar ao goberno municipal a poñer enriba da mesa un proxecto concreto e preciso sobre o tramo urbano de Teis desde as Torres de Padín
- Instar ao goberno central á instalación de paneis acústicos que minoren os ruídos que sofren os veciños de Teis na entrada da AP-9 en Vigo”.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é sorprende que se cambie e se suspenda un Pleno para que despois na reanudación non estea presente o Alcalde de Vigo pero xa estamos acostumados aos seus desprezos continuados a esta Corporación municipal e a este Pleno.

Traemos esta moción, e non é a primeira vez que se trae a este Pleno da Corporación, xa a trouxemos noutras ocasións porque cremos que é un momento moi importante e que é un momento de ratificar esa petición unánime de toda a cidade para que se cumpra co que se comprometera de forma firme por parte do anterior goberno de España, e o pedimos e cremos que é necesario traela outra vez aquí para que referende ese compromiso porque os feitos aos que asistimos nas últimas semanas nos levan á preocupación, á preocupación de que volvamos outra vez ao que xa coñecíamos desgraciadamente do goberno do Sr. Zapatero, que foi un goberno absolutamente nefasto con esta cidade, que non cumpría nin un só dos compromisos co apoio incondicional do Alcalde de Vigo e o que comprobamos nas últimas semanas é que o Alcalde de Vigo parece que perdeu fol nas reivindicacións de cuestións que son importantes para esta cidade, claro agora goberna o Partido Socialista o seu Partido no goberno de España, e agora parece que xa non lle importa esperar, que non lle dean datas, que contén mentiras senón que se suma a esas mentiras e se esquece de pedir polos vigueses e polas

viguesas e por tódolos veciños da área metropolitana, por iso cremos que é máis que procedente volver a manifestar o apoio incondicional e a esixencia incondicional de que se elimine a peaxe Vigo-Redondela porque é un dos peaxes máis inxustos, o máis inxusto que temos no país, sen dúbida, unha reivindicación histórica de Vigo, de tódolos veciños da área metropolitana que xa tiñamos moi preto de conseguir, é máis, neste mesmo mes de xullo se ía conseguir esa gratuidade da peaxe, pero pasou algo no camiño que deu ao traste a esa consecución e é que volveu o goberno a mans do Partido Socialista, cunha moción de censura, nun feito histórico no noso país, os perdedores das eleccións están a gobernar España neste momento e o que é peor, un goberno que vai volver a relegar a Vigo ao final da cola e iso é o que non imos permitir porque nós temos a lexitimidade de ter pedido exactamente o mesmo cando gobernaba o Partido Popular que cando gobernaba o Partido Socialista, distinto é o que fai este goberno que di unhas cousas cando goberno o Partido Popular e vemos outras moi distintas cando goberno o Partido Socialista.

Como nós temos a lexitimidade de ter pedido exactamente o mesmo, volvemos a traelo hoxe aquí ao Pleno porque queremos que se ratifique ese apoio, sen ningunha dúbida e sobre todo o que non queremos é que se engane ao cidadáns, que se engane aos vigueses, aos veciños da área metropolitana e que se veñan con escusas, que é exactamente o que están a utilizar porque é unha mentira que foi descuberta cando se ensinou un estudo que había para a gratuidade da peaxe, é unha mentira que non se tivera dado ningún paso, se deran moitos pasos, estábanse en conversacións con Audasa, se fixera un estudo sobre a eliminación da peaxe e ía ser realidade, esa é grande verdade e vostede foron cómplices dunha gran mentira que contaron no goberno socialista de España, e non contentos con iso cando se lles desenmascara, cando a Xunta de Galicia ensina o estudo que xa estaba feito e os pasos que se deran, e reta ao goberno de España, ao Ministerio de Fomento a que poña en coñecemento de todo o mundo ese estudo, resulta que ao Alcalde de Vigo xa non lle parece tan prioritario, entón o que lle parece prioritario é o AVE, xa non lle parece tan prioritario, xa non leva as mans á cabeza, xa non lle parece unha reivindicación histórica da cidade, non, non imos admitir escusas señores do goberno Socialista, non imos admitir complicidades, nós non imos ser cómplices dun goberno socialista que nin sequera

é capaz de poñer data a cando vai conseguir a gratuidade da peaxe da Ponte de Rande. Sabemos cando o ía facer o Partido Popular, este mesmo mes de xullo, veremos cando o fai o Partido Socialista, lamentablemente nos imos a sentar e a esperar a que iso nunca chegue porque é exactamente o mesmo que fixeron cando gobernaron España. Un goberno absolutamente, insisto, nefasto para Vigo e para tódolos vigueses e imos ver moitos exemplos de que isto vaise volver reeditar, esta película xa a vivimos, vivímola cinco anos do seu goberno socialista co goberno socialista de España e non queremos volver vivila porque iso é un pesadelo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Vaimos por partes, e vaiamos aos acordos. En primeiro termo, a petición que fan vostedes sobre o mantemento do compromiso do Ministerio do Fomento coa supresión da peaxe Vigo-Redondela é evidente que dende a Marea de Vigo estamos de acordo con estas supresións, unha reivindicación histórica efectivamente das veciñas/os afectados e tamén do sector do transporte que vería aliviado o seu tránsito.

As alternativas sendo gratuítas supoñen un forte impacto na economía do sector do transporte e tamén na vida das persoas que viven na zona, sendo certo que o anuncio da supresión dábase en primeiro termo por parte do entón Ministro do Partido Popular para o mes de xullo, non é menos certo que pouco despois en Santiago de Compostela, en abril, o mesmo Ministro admitía que o trámite era complicado e levaría, segundo as súas propias palabras moitos meses.

Din vostedes, na súa exposición de motivos, que o Ministerio de Fomento conta cun informe da concesionaria, ben, sustentar nun informe da concesionaria a esixencia da eliminación inmediata da peaxe é moi atrevida, lembramos que a peaxe non se vai eliminar en principio senón que o custe será repercutido no resto das peaxes da AP-9, polo tanto, que a concesionaria teña un estudo parécenos interesante, máis non determinante de ningunha maneira, lémbremos que a peaxe de Rande é costeada polo Ministerio, non directamente polas usuarias, formula que por certo, parécenos tamén bastante dubidoso que sexa o máis adecuado nunha infraestrutura cunha historia que é trágica dende o punto de vista da xestión, cunha ampliación sucesiva da concesión por parte do goberno do UCD, do PSOE, do Partido Popular e con beneficios escandalosos para a concesionaria, AUDASA

prevé ingresar 8.757 millóns de euros antes de que remate a súa xestión, AUDASA ingresou por peaxe dende que se inaugurou a AP-9 un total de 2.718 millóns de euros, e veremos tamén que a conselleira de Infraestruturas, a Sra. Ethel Vázquez, falou no seu momento da necesidade dun estudo de impacto de incremento das peaxes, cousa que vostedes esquivan citar agarrándose só ao informe da concesionaria.

En canto a conversión en tramo urbano de Teis dende as torres Padín, pois benvidas ao proxecto, a deputada de Marea a Sra. Alexandra Fernández xa elevou a votación ao Congreso unha proposición non de lei para que se declarase travesía urbana, o tramo AP-9 de entrada a Vigo dende as torres Padín, a AP-9 en Vigo forma parte dun modelo teórico tecnicista do tráfico que prioriza unha política de transporte das grandes infraestruturas que obvian factores como os barrios, e os movementos de poboación entre eses barrios, un modelo que en grandes cidades pode funcionar pero non en urbes do tamaño de Vigo, a planificación dos anos 70 non tivo en conta a realidade poboacional de Vigo que é pluricéntrica e onde zonas poboacionais como Teis ou Chapela funcionan case autonomamente, polo tanto requirían dunha mellora da conectividade entre estes nucleos, deuse unha lóxica estatal de conexión das grandes cidade que non encaixaba en absoluto coa realidade da ordenación da nosa cidade, a AP-9 remata directamente no centro da cidade sen que exista ningunha planificación para as persoas.

Esta iniciativa foi aprobada coa abstención do Partido Popular así que reiteramos que benvida a esta iniciativa, que sumarse é sempre bo.

En canto aos paneis acústicos, dicir que a pregunta formulada tamén pola Sra. Alexandra Fernández sobre este tema, a resposta do Ministerio co goberno do Partido Popular, foi textualmente “a execución das actuacións contra o ruído correspóndelle á sociedade concesionaria sen prexuízo da responsabilidade que lle puidese corresponder a outras administracións con competencias na materia” o Ministerio de Fomento recoñecía nese momento que ese tramo incluíse como zona de actuación dentro dos obxectivos de mellora de calidade acústica establecidos no Plan de Acción, máis sen concretar nin prazos nin accións concretas.

Ven se ve que os acordos desta moción cóllense polos pelos, agora ben, estamos de acordo co fondo, coas xeneralidades e polo tanto votaremos a favor da iniciativa.

SR. LÓPEZ FONT: Que gran acto o da toma de posesión esta mañá do Sr. Regades, o que non o veu non saberá o que iso significou.

O 23 de xaneiro se produciu un engano absolutamente masivo do ministro nese momento do Ministro de Fomento nese momento o Sr. Rajoy, os xornais titulaban certamente que tomaba esa decisión empuxado polo clamor social e que levantaba a peaxe de Redondela”, non daba data, un auténtico brindis ao sol, un engano masivo a cidadáns, a empresarios, a sectores sociais absolutamente a todos, un engano e unha mentira que estaba baseada na impunidade de pensar que como mínimo ían a gobernar dous anos máis ou que nos seus delirios gobernarían moitos máis anos, pero claro todo isto cambiou Sra. Muñoz é no único que ten razón, o castelo de naipes do goberno do Sr. Rajoy caeuse, unido ese castelo por mentiras comprobouse a verdade.

O anuncio do 23 de xaneiro de levantar a peaxe, 6 meses despois era mentira e non tiña un só papel, está comprobado e o que é peor para vostede está afectado polo Sr. Feijóo na reunión de onte, non se iniciou o procedemento, nada de nada, esta moción Sra. Muñoz ten descoordinados os argumentarios do seu partido, esta moción está desautorizada polo seu presidente, porque onte foi incapaz de defender o que vostede aquí propón e aceptou que se debe comezar unha tramitación que en ningún momento se iniciara.

A peaxe de Redondela o resolverá o Sr. Sánchez, e o resolverá coa súa decisión de onte, polo tanto, dado que vostede non retirou esta moción que é o tiña que ter feito se lera os xornais de hoxe, ou falara co Sr. Feijóo, por iso propoñemos un texto de substitución, porque para falar da peaxe de Rande o primeiro que hai que facer é asumir responsabilidades políticas, de todas formas, esta moción é certo que revela moito porque o único que lles interesa a vostedes é favorecer a Redondela. Esta moción lla ditou a vostedes o Alcalde de Redondela como lle dita a alcaldesa de Mos a vostedes outras cuestións; comprendo que teñen que ser xenerosos e atentos porque algún de vostedes posiblemente teña que acabar presentándose por Redondela.

Xa vexo que lles preocupa máis Redondela que Vigo e agora falan de Buenos Aires, agora, cando vostedes querían que os camións continuasen circulando por Sanjurjo Badía, en prexuízo dos cidadáns cando saben vostedes legalmente que

non nos corresponde o proxecto.

Dicíanme os meus compañeiros que lle lembrase que vostedes ampliaron a concesión da autoestrada por 25 anos para logo vendela, non me vou a estender en detalles porque ten vostede a explicación moi completa que lle dou a miña compañeira a Sra. Caride sobre esta cuestión.

Mire, eu comprendo politicamente, enténdame ben, o alterada que está vostede hoxe porque hoxe é un día moi malo para vostedes, un día no que os xornais din que o Sr. Feijóo volve contento do seu encontro co Sr. Sánchez, un día no que o xornal di que hai un pleno entendemento entre o Sr. Sánchez e o Sr. Feijóo, un día no que os xornais dan un titular de que o Sr. Sánchez da a súa palabra de que o AVE estará concluído no 2019, eu comprendo que non sexa o mellor día para vir a un Pleno, eu comprendo que non é o mellor día para defender estas cuestións que vostedes defende, pero claro xa matouna a vostede completamente o Sr. Feijóo porque diga “saio menos preocupado e con máis certezas das que prevía”, eu comprendo que para toda a súa estratexia política e para o seu non permanente a esta cidade isto é moi malo, unha moción para falar da peaxe de Redondela significa que hai asumir responsabilidades políticas. Ten que cambiar o argumentario Sra. Muñoz porque o que está a dicir hoxe non llo podería aprobar o seu xefe o Sr. Feijóo.

A fortaleza desta cidade é o que vostedes non puideron ver hoxe ás doce da mañá, por iso non querían que parásemos o Pleno, por iso querían que algúns non puidéramos ir e que os medios de comunicación non estiveran, a comunión de hoxe co 100% dos sectores sociais económicos, ese si que é Vigo, ese si que é un proxecto de 11 anos e é o do si, vostedes o do non.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font, vostede perdeu unha extraordinaria oportunidade nesta intervención súa para pedirlle perdón a tódolos vigueses pola gran mentira que contaron vostedes hai unha semanas dicindo que non se dera ningún paso de cara a gratuidade de Rande, perdeu vostede unha gran oportunidade, en cambio elixiu o camiño de sempre o da falsidade e o do barro que tanto lle gusta a vostedes, sabe que lle digo? Sabe quen é a principal persoa que menos lles gustou os titulares dos xornais de hoxe? Ao Sr. Caballero os titulares, as fotos do Sr. Feijóo co Sr. Sánchez dándose a man a ver a quen lle

molestou máis, polo tanto, non veña aquí intentando desviar o tema do que realmente interesa aos veciños, non intente desviar a atención, non intente que se derive o debate a outra cousa, non aquí falamos de cousas moi claras e concretas, apoian vostedes a gratuidade inmediata da peaxe de Rande si ou non? Apoian vostedes a conversión en tramo urbano en Teis da AP-9 si ou non? Apoian vostedes facer un proxecto que tiñan que ter feito dende hai anos para a conversión nese tramo urbano si ou non? Están vostedes de acordo en que o tramo urbano sexa dende as Torres de Padín, nós non falamos de Buenos Aires, falamos dende as Torres de Padín, si ou non? Iso é o que ven a falar esta moción e iso é o que queremos que se debata, por suposto que o Sr. Feijóo deulle un voto de confianza ao Sr. Sánchez, fallaría máis, a esperanza é o último que se perde, pero imos estar moi atentos de que cumpra punto por punto eses compromisos e sobre todo imos pedirlle datas, algo do que vostedes xa se esqueceron porque claro agora xa non interesa esixir tanto, xa non interesa o inimigo exterior do goberno de España, agora imos ir ao outra guerra verdade Sr. Font? Agora imos ir á guerra contra a Xunta de Galicia día si e día tamén, o goberno de España xa non hai ningunha esixencia para el, pois si, as hai, e as había antes e hainas agora e este grupo é coherente e o que pedía antes o pide exactamente igual agora, vostedes desgraciadamente non poden dicir o mesmo porque vostedes só están aos seus intereses políticos porque o Alcalde de Vigo ten moita facilidade para levantar o teléfono e falar co Sr. Sánchez para pedirlle que lle coloque a un do seu equipo, pero non ten esa liberdade para levantar o teléfono e falar co Sr. Sánchez e dicir que cumpra o compromiso de que no mes de xullo a peaxe de Rande estivera eliminado, iso é exactamente o que fai un Alcalde que traballa polos seus veciños, pero ao Alcalde de Vigo só traballa por el mesmo, por vostedes e polos seu intereses políticos e iso é o que nós non imos consentir, non queremos volver atrás, non queremos volver ao goberno socialista que promete e nada fai, vostede di credibilidade, a credibilidade socialista é cero no goberno de España, a credibilidade do Partido Popular e de que esa peaxe fora eliminado é ampliar Rande, conseguir a Autoestrada do Mar, conseguir a Estación de Tom Mayne, eses son os feitos que nos dan credibilidade a vostedes só as palabras baleiras, por iso estaremos moi atentos.

PRESIDENCIA: Entendo que hai presentada unha emenda de substitución que a teñen os grupos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non a aceptamos, aceptar unha emenda de autocompracencia recoñecendo algo que non se fixo sinceramente nos parece de risa, parécenos unha ofensa a tódolos vigueses, polo tanto, non a aceptamos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 13.07.2018 (Rex. Nº 1812/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(122).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTADA POR PONTEVEDRA Dª ANA PASTOR E AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, A ASUMIR RESPONSABILIDADES POLÍTICAS POR

OBSTACULIZAR A TRAMITACIÓN DO AVE VIGO-MADRID CONEXIÓN DIRECTA POR CERDEDO. REXISTRO PLENO 1820/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo de 2018, número 1820/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O tratamento do Goberno de Rajoy coa cidade de Vigo foi claramente discriminatorio no que atende as necesidades en materias de infraestruturas.

Principalmente o AVE, directo a Madrid por Cerdedo, é unha infraestrutura demandada e de imperiosa necesidade para a cidade de Vigo

O primeiro paso era a declaración de impacto medio ambiental e a Ministra de Fomento, nese intre, garantizaba que se estivera tramitando o correspondente informe. Con posterioridade coñecemos que ese informe quedou gardado nun caixón durante 5 anos en un claro xesto de obstaculización ás necesidades de esta cidade. Todo elo coa evidente complicidade do Presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo.

Nun tema de tanta importancia política, a Sra. Pastor, como deputada por a provincia de Pontevedra e o Sr. Núñez Feijoo como Presidente da Xunta de Galicia deben explicacións aos cidadáns de Vigo e asumir as súas responsabilidades políticas polo dano irreversible que lle causou a esta cidade e a o seu desenvolvemento.

Na mesma liña e cos mesmos actores, Ministro de Fomento, Sr. de la Serna y Núñez Feijóo produciuse máis recentemente outro engano á cidadanía nesta ocasión anunciando o levantamento da peaxe de Redondela fai escasos meses. A os catro ventos anunciouse esta medida para acallar as lexítimas reivindicacións dos cidadáns que o sufren.

O cambio de goberno evidenciou que dito anuncio era falso, que non moveron ningún papel e que, polo tanto, non consta ningunha tramitación no Ministerio de Fomento.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte :

ACORDO:

INSTAR á Dna. Ana Pastor, como deputada por Pontevedra e ao Sr. Núñez Feijoo a asumir responsabilidades políticas por ter obstaculizado durante 5 anos a tramitación do AVE Vigo-Madrid en conexión directa por Cerdedo.

A asumir as súas responsabilidades políticas aos que comprometeron o levantamento da peaxe de Redondela e non tramitaron un só papel durante meses.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: O que é unha vergoña é pedir que en 50 días escasos se fagan as cousas que outros non foron capaces de facer durante 7 anos, e precisamente por iso traemos a moción sobre o AVE por Cerdedo, Vigo-Ourense directo por Cerdedo, porque toca falar outra vez do goberno da mentira e do goberno do Sr. Rajoy, nun tema tan importante para esta cidade e dicía vostede que quen estaba contento, quen non estaba contento coa reunión de onte, calquera saca a conclusión que da reunión de onte o que o Sr. Sánchez se comprometeu como Presidente do goberno é o que quere esta cidade, é o que necesita e trasladou esta cidade e o que pediu o Alcalde desta cidade.

Pero hoxe sabemos a verdade sobre o AVE por Cerdedo e sabemos o que pasou durante 7 anos e vostede coa grandilocuencia dos socialistas, pois si, os socialistas somos os que sabemos do punto cero, de como estaba o AVE por Cerdedo e como o deixou o Ministro o Sr. Blanco, para facer a declaración de impacto medioambiental e o que onte o Sr. Sánchez garantiu a continuidade da súa tramitación, garantiu unha continuidade diante do presidente da Xunta de Galicia e é o actor proactivo o Presidente do goberno do Estado, porque é que ademais isto que estou a dicir o contou o propio Sr. Feijóo, que o Sr. Sánchez se comprometeu a facer esa declaración de impacto medio-ambiental, esa mesma que estivo parada 7 anos, porque a realidade e o resumo é moi sinxela, tal e como o deixou un goberno socialista a finais do 2011, continua en xulio do 2018, o que pasa é que pasaron 7 anos e foi un longo peaxe, que isto foi mentira e que o papel estivo nun caixón durante 7 anos, non o dicimos nós, dio a nova Ministra de Transición Enerxética e Medio Ambiente que puido comprobar, Sra. Muñoz, os papeis do Ministerio, e puido comprobar que nese Ministerio de Medio Ambiente se pediu en reiteradas ocasións, dende xaneiro do 2015 información complementaria deste tramo por Cerdedo e que a última reiteración, pásmense, é de 23 de xaneiro deste ano 2018, pedindo en concreto un estudo hidroxeolóxico, todo isto está nos

papeis do Ministerio da mesma forma que non hai ningún papel que se non vostede o exhibira sobre a peaxe de Redondela, cinco anos nun caixón. Polo tanto a nosa moción falaba do engano e da necesidade de asumir responsabilidades políticas, claro que si, da deputada por Pontevedra a Sra. Pastor, porque era Ministra de Fomento pero tamén do Presidente da Xunta de Galicia por contribuír a que nada se movera porque o contraste é tremendo, cunha Ministra de Fomento deputada por Pontevedra nos fixeron crer durante 5 anos que se estaba a tramitar, xa nos parecía lento, tivemos inclusive que posicionarnos no Consello Social da Cidade en marzo do 2017, con acordo unánime de tódalas forzas políticas, fíxese se habería acordo que ata o Partido Popular tivo que votar a favor, tivemos que poñer prazos nese momento e é certo inxenuos de nós, que tiñamos a esperanza que se converteu en inxenuidade de que algo se estaba a facer, pero non era así e comprobouse hoxe, cando un deixa o goberno, cando os expedientes quedan nos ministerios, se comproba cal é a realidade, polo tanto tamén a Sra. Pastor e os seus substitutos nos enganaron e de que maneira, a propósito do substituto da Sra. Pastor, parece ser que o Sr. Feijóo se atopa máis cómodo co Sr. Sánchez que co ministro o Sr. De la Serna.

Polo tanto, nós estamos a favor do compromiso que adoptou onte o Presidente do goberno o Sr. Sánchez, e nese sentido, si ben é certo que a nosa moción ía no sentido de asumir responsabilidades políticas por un engano e eu o digo máis tranquilo que a Sra. Muñoz, que fala tan pomposamente de mentiras hai que falar tamén en positivo, e por iso engadimos unha emenda á nosa moción no senso de si, mostrar o recoñecemento ao goberno do Sr. Sánchez polo anuncio que fixo, porque se ata merece a confianza do Sr. Feijóo, ten toda a credibilidade que tiveron tódolos gobernos socialistas que son os que trouxeron o progreso a este país.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos ante un dos grandes éxitos deste Pleno, ademais un debate recorrente durante 15 anos, sobre un tramo de infraestrutura, que se en 15 anos ningún dos gobernos que pasaron e transitaron ao longo destes 15 anos, ata tres gobernos de dúas cores diferentes foron quen de sacalo do caixón, é moi probable que o problema non sexa de tramitación senón o problema sexa a propia infraestrutura en si, e hai algunhas cuestións que este grupo municipal ten

traslado historicamente sobre esta idea, que é unha idea ademais, non de técnicos na súa orixe, senón unha idea dun sindicato que o propio sindicato emendou este ano, a finais do ano pasado porque xa estaba propoñendo incluso, estou falando da UXT, o sector do transporte que de propoñer a variante de Cerdedo cunha serie de características que a poderían equiparar non ao AVE, a outra cousa, a unha liña case convencional de ferrocarril, agora incluso tamén din que a viabilidade estaría en tramitar esta variante cunha soa vía, co cal unha soa vía en picos de velocidade por debaixo de 220 non é alta velocidade e seguramente será algo parecido a curva da grandeira que se nos dixo que era Alta Velocidade e descubrimos que non só era alta velocidade senón que ademais en Alta Velocidade mata a xente. Polo tanto, nós queremos que se fale abertamente desta infraestrutura porque se hai algo que queda claro é que o que onte dixo o novo Presidente do goberno é exactamente aquilo que dixera o expresidente o Sr. Aznar, “estamos a traballar niso”, non hai ningún compromiso, simplemente di que abriron un caixón e que hai un informe ou polo menos hai un inicio de trámites ambientais e que ningunha administración e ningún goberno central quere coller esta infraestrutura e levala adiante, por algo será, entre outras cousas porque supera en gran parte a execución do AVE dos últimos dez anos, porque está ben poñer 1.400 ou 2.000 millóns de euros nunha infraestrutura cando logo se executa por debaixo do 25% ademais cun criterio da Unión Europea que o Partido Socialista e o Partido Popular asumen, que é pois un criterio de execución sobre a obra pública condicionada a determinados criterios neoliberais en Maastricht polo tanto, tamén haberá que ver se o goberno do Partido Socialista está disposto a poñer unha cantidade económica no seguinte orzamento do Estado, e veremos se realmente iso se transfigura na realidade pero sen entrar nisto porque sería un debate que daría para moitos meses e creo que é un debate que despois de 15 anos esta cidade merece saber por onde vai a conectar esa suposta alta velocidade co eixo atlántico porque iso de AVE directo a Vigo cando está entrando a 31 quilómetros no Concello de Barro, nós seguimos a dicir que hai unha alternativa agora mesmo máis viable e obviamente tería que ser temporal, pero máis viable que é actual a liña do Miño electrificada, rectificadora que dá picos de velocidade parecidos aos criterios da variante de Cerdedo e que evitaría estar outros 15 anos esperando por unha conexión minimamente digna con Madrid ademais recoñecido polos propios promotores,

pola propia Adif, que estaríamos a falar dun tempo de traslado a Madrid en 3 horas 35 minutos que sería absolutamente competitiva sen necesidade de votarnos 2.000 millóns de euros a débeda pública que logo computan para facer recortes sociais.

Polo tanto ese debate como non se quere abrir aquí e máis fácil organizar concertos coa Coral Casablanca ou seguir dicindo que o futuro do transporte ferroviario en Galicia ou en Vigo segue sendo isto, a min se que me preocupa que, por exemplo onte se houbera compromisos para o AVE a Lugo e non en datas, ademais en 2019, non houbera ningún compromiso aínda fora unha alternativa a 10, 15 anos que podería ser esa alternativa que dicimos nós da cuestión do Miño, pero non hai ningún tipo de avance e aquí se nos propón unha emenda de engádega simplemente dicindo que imos tramitar e facer a declaración de impacto ambiental xa temos solventada esta cuestión, non é así, non hai ningún tipo de compromiso e non hai unha política ferroviaria para o Sur de Galicia, non a hai porque nin sequera se quere despexar cal vai a ser o percorrido e a conexión co norte de Portugal, cal vai ser unha cuestión ferroviaria central como é o corredor Atlántico de mercadorías e o que pode supoñer quedar fora desa nova infraestrutura europea, non hai ningún tipo de compromiso polo tanto, non temos que agradecer a ninguén nin a Ministra a Sra. Pastor nin aos novos ministros nin ao anterior goberno nin ao novo goberno porque dende logo isto está sendo un instrumento de demagogia política permanente e non estamos a solventar a cuestión das infraestruturas na nosa cidade. A nós gustaríanos que aquí polo menos se puxera algunha alternativa o único que se di é imos aproveitar para pedir desculpas públicas ou un linchamento público dunha exministra que efectivamente a xestión é negativa pero que agora hai outro ministro, ao mellor esta moción o que tiña que pedir ó novo ministro é un compromiso en datas, e creo que iso non existe.

SR. GAGO BUGARÍN: En fin, Sr. Font, eu teño que dicirlle o que xa lle dixen en algunha ocasión, co debido respecto e con toda a educación do mundo lle teño que dicir que vostedes moitas veces non se decatán de nada, e voulle dicir por que non se decata de nada e é porque vostede acaba de ensinar aquí unha serie de titulares de xornais, os tres principais xornais aos que accede a cidadanía

especialmente os vigueses/as, e eu lle podo garantir e este grupo municipal lle pode garantir que o que viron foi a diferenca entre un presidente da Xunta de Galicia e o presidente dunha institución e un presidente do goberno que entenden que dende o diálogo se conseguen froitos e se obteñen resultados e é indubidable que dende a confrontación política que dende a confrontación de ideas existente, lóxica e natural entre dous partidos que ostentan ou intentan ostentar unha representación institucional é lóxico que haxa diferencias pero cando a esencia do que se pretende buscar é individualmente partidista como fan vostedes en Vigo ao final do que se dan conta os cidadáns é que vostedes miran polo seu embigo, polo seu partido ou polo seu Alcalde e non miran polo interese dos cidadáns, e esa é a auténtica realidade, hoxe cando os vigueses/as viron eses titulares nos medios de comunicación se deron conta a diferenca que hai entre como fan política vostedes dende a confrontación constante, sexa ou non sexa para os cidadáns e como o Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente do seu partido no goberno, que por certo non apoiaron, fan política pensando nos españois, esa é a diferenca entre uns políticos e outros, e claro vostedes normalmente presente dúas mocións, unha contra a Xunta de Galicia e outra contra o goberno de España, agora como xa ten o goberno de España xa só presentan unha moción, dentro de pouco xa non sei que van facer pero en calquera caso lle digo que ese argumento que lle estou a dicir ten un trasfondo político moito máis serio do que parece e que nós nos reunimos doce veces ao ano para falar na primeira cidade de Galicia, no Pleno municipal onde estamos representados o 90 ou 100% dos cidadáns a través dos partidos que foron elixidos, e vostedes non queren falar de ningún problema de cidade, e isto é realmente grave e preocupante que a primeira cidade de Galicia vostedes se queiran cargar os Plenos porque non lles interesa e porque non queren que os vigueses/as vexan nada máis alá do que vostedes conseguen expandir a través dos medios que poden.

Polo tanto, eu lle esixo e lle pido e lle pedimos dende o grupo municipal do Partido Popular que por favor, de aquí ás eleccións municipais falemos dos problemas da cidade e vostedes traian o número de mocións que poden traer que son 4 e podamos debater aquí realmente sobre o futuro das viguesas/es e non unha moción para falar da Xunta de Galicia.

Dito isto, en relación á chegada do AVE a Galicia, en fin hai hemeroteca de todo

tipo Sr. Font, é que a hemeroteca como di vostede moitas veces se sostén por si soa, se traemos a colación que é o que facía o Sr. Abel Caballero, hoxe Alcalde da cidade cando era ministro do ano 1988, por certo tiña eu un ano, o Sr. Alcalde xa dicía daquela que o AVE chegaría a Galicia non ano 1993, pasaron moitos anos de vostedes no goberno de España, pasaron máis anos aínda co Sr. Zapatero e a realidade é que non fixeron absolutamente nada para que o AVE puidera chegar a Galicia, a realidade é que nos peores anos económicos, dende o punto de vista económico da historia recente ao noso país, o noso partido, o Partido Popular, e tres galegos, o Sr. Rajoy, a Sra. Pastor e o Sr. Feijóo foron quen de traer o AVE a Galicia e por fin o ano que ven o seu presidente do Partido o seu presidente do goberno vai poder inaugurar en Galicia o AVE gracias o que fixo o Sr. Rajoy ao longo destes anos, iso, é o que fixo a Ministra a Sra. Pastor, esa é a auténtica realidade do asunto e vostedes que traen esta moción de contra réplica nin sequera traen unha moción en positivo, ou sexa o que traen é unha moción para reprobar a alguén porque se adican a iso, constantemente cada dous ou tres Plenos traen aquí unha moción para reprobar a un político, a un representante cidadán do Partido Popular, e así de triste e é así de vergoñento, pero en calquera caso lle insisto Sr. Font, que ao final a mentira aínda que sexa dita mil veces ten un percorrido moi corto e ao final os cidadáns, os vigueses/as saberán perfectamente ao que teñen que acollerse e cal é a realidade.

E por último gustaríame dicirlle, xa que vostedes queren reprobar á Sra. Pastor e ao Sr. Feijóo, creo que é bo lembrar o que fixo a Sra. Magdalena Álvarez por Vigo, a súa ministra, do seu partido, e o que fixo a Sra. Pastor, e a Sra. Pastor foi quen en 7 anos de garantir e autorizar a Autoestrada do Mar, de garantir a gratuidade de peaxe de volta a Pontevedra, de ampliar a terminal de Peinador, de ampliar a fase última do IFEVI, de garantir que haxa unha pasarela que comunique cando haxa Conxemar os aparcadoiros entre o IFEVI e o Aeroporto, o Hospital Álvaro Cunqueiro, o investimento en Citroën, a intermodal e a transformación do Casco Vello, esa é a realidade entre o que fixo a Sra. Pastor e o que fixo o Sr. Feijóo por esta cidade, oxalá vostedes poidan dicir o mesmo co novo ministro/a que ten o Partido Socialista en Madrid.

SR. LÓPEZ FONT: Mire, a vostede lle parecerá moi triste pero o que estou

convencido de que lle parece moi triste é que vostedes perderon un goberno do Estado pola corrupción, iso é así, vostedes perderon un goberno do Estado pola corrupción e mire se a vostede non lle parece un tema da cidade o tema do AVE directo a Madrid, pois, entón os que non se decantan son certamente vostedes pero é que nos pareceu un tema de cidade a todos, nesta cidade o AVE directo a Madrid cando o pronunciamos en moitas ocasións, cando o Consello Social en marzo do 2017 pronunciouse esixíndolle ao Ministerio de Fomento, mire nós facemos as mocións en defensa desta cidade e esta cidade tense que defender de aqueles que lles enganaron durante 7 anos, porque falaba de quen prometeu o AVE para España que é o Sr. Caballero, foi a que a iniciou, pero tódolos pasos que se deron en Alta Velocidade neste país viron da man dos Socialistas e nos atopamos con que unha infraestrutura que se demanda nesta cidade como o AVE directo a Madrid, hoxe está igual que cando o Sr. Rajoy tomou posesión, fai sete anos, a vostedes non lle parece un motivo de reprobación? A vostedes non lles parece xusto o que nós teñamos que defendernos de determinados enganos. Mire, evidentemente xa pasaron moitos anos pero hoxe como lles digo se pode facer a afirmación de que todo o relacionado coa Alta Velocidade o fixeron os Socialistas, e que precisamente, o AVE por Cerdedo é a mellor expresión do que significa Vigo, do que significa o proxecto conxunto que temos nesta cidade e do que puidemos contemplar esta mañá como lles dicía, unha cidade unida nun proxecto común, isto é o pasou esta mañá e nós da reunión de onte efectivamente que o Presidente do Goberno se comprometeu algo moi concreto, a continuar a declaración de impacto ambiental, e lle lembro que iso foi o que dixo o Sr. Rajoy, iso foi o que dixo a Sra. Pastor e iso foi o que impediu o Sr. Feijóo dende hai 7 anos.

Polo tanto, temos toda a lexitimidade, aplaudir a aquel que onte decidiu reanudar algo que vostedes tiveron paralizado durante 7 anos, porque a realidade de se cumpriran o seu compromiso o goberno do Partido Popular, é que estaríamos na liña de ter xa o AVE.

No transcurso do debate, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, presenta a seguinte emenda de engádeda:

“Mostrar o recoñecemento ao goberno de Pedro Sánchez polo anuncio realizado no día de onte de compromiso de realizar a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do AVE Vigo-Madrid directo por Cerdedo, que levaba paralizado 5r anos polo goberno anterior do Sr. Rajoy e polo goberno da Xunta do Sr. Feijoo.

Tamém amosar o recoñecemento ao goberno de Pedro Sánchez por decidir o compromiso do levantamento da peaxe de Redondela, desautorizando así ao anterior goberno que non iniciara un só trámite sobre o anuncio que realizara no pasado mes de xaneiro.”

A presidencia somete a votación a anterior emenda de engádeda.

VOTACIÓN EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, acórdase incorporar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte acordo,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 13.07.2018 (Rex. Nº 1820/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, coa enmenda de engádeda, quedando co seguinte texto:

INSTAR á Dna. Ana Pastor, como deputada por Pontevedra e ao Sr. Núñez Feijoo a asumir responsabilidades políticas por ter obstaculizado durante 5 anos a tramitación do AVE Vigo-Madrid en conexión directa por Cerdedo.

A asumir as súas responsabilidades políticas aos que comprometeron o levantamento da peaxe de Redondela e non tramitaron un só papel durante meses.”

Mostrar o recoñecemento ao goberno de Pedro Sánchez polo anuncio realizado no día de onte de compromiso de realizar a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do AVE Vigo-Madrid directo por Cerdedo, que levaba paralizado 5r anos polo goberno anterior do Sr. Rajoy e polo goberno da Xunta do Sr. Feijoo.

Tamén amosar o recoñecemento ao goberno de Pedro Sánchez por decidir o compromiso do levantamento da peaxe de Redondela, desautorizando así ao anterior goberno que non iniciara un só trámite sobre o anuncio que realizara no pasado mes de xaneiro.

PARTE DE CONTROL

12(123).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 385/1102 (REXISTRO PLENO 1818/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 385-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

13(124).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 386/1102 (REXISTRO PLENO

1819/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons dos concelleiros delegados incluídas no expediente 386-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

14(125).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 9.07.2018, DE NOMEAMENTO DO 2º TENENTE DE ALCALDE. EXPTE. 377/1102 (REXISTRO PLENO 1814/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 9.07.2018, transcrita a continuación.

"NOMEAMENTO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre proceder á reestruturación da organización municipal do Concello de Vigo no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos arts. 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a designación de Tenencias da Alcaldía é competencia desta Alcaldía-Presidencia que a realizará entre os membros da Xunta de Goberno Local. A composición da Xunta de Goberno Local fixouse por Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

No uso das atribucións mencionadas

RESOLVO

Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado Segundo da Resolución desta Alcaldía de data 17 de xuño de 2015, no que se refire ao nomeamento de D. David Regades

Fernández como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo por por mor do seu nomeamento mediante RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

Segundo.- Nomear 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA, designado membro da Xunta de Goberno Local mediante Resolución desta Alcaldía de data 09-07-2018.

Terceiro.- Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles en aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

Cuarto.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación e, en particular, aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

Quinto.- Notificar esta resolución a D. David Regades Fernández, á Ilma. Sra. Tenente de Alcalde, Dª Mª Carmen Silva Rego e ao Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, facendo constar que os tenentes de alcalde terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcaldesa ou alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

Sexto.- Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

Sétimo.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Oitavo.- Notificar a presente resolución aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

15(126).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 9.07.2018, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS/AS, REFERENTE Á ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN. EXPTE. 379/1102 (REXISTRO PLENO 1815/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 9.07.2018, transcrita a continuación.

“MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS E CONCELEIRAS

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre proceder á reestruturación da organización municipal do Concello de Vigo no que se refire á titularidade e delegación das áreas municipais.

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a a miña Resolución de data 19-06-2015 e as súas sucesivas modificacións no que se refire á dirección da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, deixando sen efecto o nomeamento de D. David Regades Fernández como titular da mesma por mor do seu nomeamento mediante RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

Segundo.- A “II.- ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN”, estará dirixida polo concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local e 2º tenente de Alcalde (Resolucións Alcaldía do 09/07/18), D, Francisco Javier Pardo Espiñeira.

“II.- ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN.

Corresponderalle as atribucións en materia de Servizos Xerais, Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central; Electromecánicos; Oficina de Supervisión de

Proxectos; así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Corresponderalle así mesmo as atribucións en Limpeza e Contratación.

a) En materia de Servizos Xerais:

- 1.- A Coordinación e Planificación das actuacións dos servizos vinculados á Área de Fomento, ditando instrucións para regular e coordinar as actuacións dos mesmos.
- 2.- Impulsar as relacións cos distintos departamentos da Administración Estatal e Autonómica con competencias nas materias sinaladas co obxecto de acadar os recursos necesarios para lograr os obxectivos previstos nos Plans de Investimento ou Estratéxicos.
- 3.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación de Plans de Investimento para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción das redes de infraestruturas de servizos públicos municipais, en especial as referidas ao abastecemento, evacuación e depuración de augas, así como calquera outra obra de infraestrutura básica ou instalación destinada a un uso ou servizo público.
- 4.- Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.
- 5.- Xestionar as actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación que requiran os edificios de titularidade municipal non adscritos a servizos específicos e de forma especial do edificio da casa consistorial e do edificio do antigo reitorado.
- 6.- Xestión e control de consumos de auga e enerxías (electricidade, gas, etc.) dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos. Adaptando ou propoñendo a adopción de medidas que se estimen procedentes para unha mellora nos consumos e na economía do gasto.
- 7.- Xestión e control dos servizos de limpeza dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos.
- 8.- Iniciar, impulsar e resolver as actuacións de control e seguimento das concesionarias dependentes da área, de acordo co cumprimento das obrigas derivadas dos correspondentes contratos.

b) En materia de seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos:

- 1.- Coordinar as diferentes Áreas na inspección das empresas concesionarias para garantir a suxeición da actividade das mesmas aos pregos de condicións que rexen en cada contrato, sen prexuízo da competencia directa do Servizo Xestor e do Responsable do contrato.
- 2.- Coordinar coa Área de Contratación e coa que sectorialmente corresponda a confección dos PCAP e de condicións técnicas que se refiran á xestión dos servizos, co obxecto de homoxeneizar os seu contido e facilitar a súa posterior inspección, sen prexuízo da competencia directa do Servizo Xestor e do Responsable do contrato.
- 3.- Colaborar nas tarefas de inspección das empresas concesionarias cando, polas súas características técnicas ou pola falta de medios, tal actividade non pode ser realizada por cada Servizo dentro da inspección permanente que lle corresponde.

c) En materia de Vías e Obras:

- 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local u órgano competente a aprobación dos Plans de Investimento para a mellora e mantemento, conservación e, no seu caso, construción ou apertura de rúas e viais públicos de titularidade municipal.
- 2.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación dos convenios que se poidan subscribir con outras Administracións Públicas para obras de mantemento, conservación ou construción de viais ou redes de infraestrutura básicas municipais, así como a participación municipal en Plans ou Programas desas outras Administracións.
- 3.- Planificación, coordinación e xestión dos plans de actuación para o mantemento dos viais de titularidade municipal a través dos recursos propios do servizo do taller de Vías e Obras e a través dos servizos contratados aos efectos.
- 4.- Asinar as actas previas de ocupación e as de pagamento en materia de expropiación forzosa, para o desenvolvemento das actuacións das inversións e mantemento dos viais públicos.
- 5.- Dirixir, administrar e xestionar os talleres-almacéns do servizo de Vías e Obras no Parque central de Santa Cristina de Lavadores.
- 6.- Colaboración coas distintas administracións para velar polo mantemento dos viais da súa titularidade co obxecto de que en todo momento se atopen en perfecto estado de uso.
- 7.- A inspección permanente do servizo de conservación e mantemento de viais especialmente no suposto de que sexa acordada.

d) En materia de parque móbil:

- 1.- Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal, incluídos os destinados ao servizo da Policía Municipal procurando o seu dimensionamento adecuado con criterios de rendibilidade e eficacia.
- 2.- Impulso, para a debida coordinación co Inventario Municipal de Bens, da confección dun Rexistro de Vehículos en soporte informático onde se inscriban as altas, baixas, adscricións e incidencias dos distintos vehículos, debendo figurar nos asientos de alta a data de adquisición ou arrendamento (acta de recepción); referencia ao expediente e acordo de contratación; marca e modelo do vehículo; número de bastidor; matrícula; data de matrícula e referencia á póliza do seguro contratado. O asiento de baixa fará referencia á data e motivo da mesma así como ao destino do vehículo.
- 3.- Xestión dos almacéns de materiais e reparacións e mantemento da flota municipal a través do taller mecánico do Parque Móbil.
- 4.- Xestión e control dos seguros dos vehículos incluídos no Rexistro de vehículos, actualizando as altas e baixas.
- 5.- Xestión e control dos consumos de combustibles para os vehículos da flota municipal a través do aprovisionamento do combustible mediante o surtidor propio do servizo, ou nas estacións de servizo contratadas para cubrir o servizo as 24 horas.

e) En materia de electromecánicos:

- 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación do

Plan de Inversión para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción de redes de alumado público así como o seguimento e control das contratacións que se realicen con estes fins

- 2.- A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumado público no suposto de que estes sexan redactados mediante asistencias técnicas externas.
- 3.- O estudo, e no seu caso petición, das axudas e subvencións que para a mellora e/ou ampliación de redes de alumado público poidan convocarse por outras Administracións ou institucións.
- 4.- O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas, coordinando este proceso cos servizos xestores das diversas instalacións municipais.
- 5.- A planificación e coordinación cos diversos servizos xestores das instalacións municipais que demanden subministro de enerxía eléctrica para a contratación e alta de novos subministradores e a confección dos pregos de condicións de cláusulas administrativas e prescricións técnicas necesarios para os procedementos de contratación.
- 6.- Confección e execución de estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.
- 7.- Mantemento e reparación das instalacións e dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.
- 8.- A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación das instalacións eléctricas da Casa Consistorial en coordinación cos Servizos Xerais, e a Concellería Delegada da Área de Xestión Municipal (Régime Interior).
- 9.- O impulso dos traballos necesarios para o mantemento eléctrico das grandes redes de infraestrutura viaria municipal, en especial o Túnel do Areal, Pasos soterrados e Primeira Ronda de Circunvalación.
- 10.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

f) En materia da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal:

- 1.- Supervisión, informe e proposta de aprobación técnica, se procede, dos proxectos de obras redactados por outras administracións e que posteriormente serán realizadas dentro do termo municipal do Concello de Vigo.
- 2.- Revisión e informe dos proxectos de urbanizacións, tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser competencia municipal, coa posterior inspección durante a execución das obras e a súa recepción ao remate das mesmas.
- 3.- Asumir as funcións previstas no artigo 136 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que son as seguintes:
 - Verificar que nos proxectos obxecto de supervisión se contemplan as disposicións legais e regulamentarias así como a normativa técnica que en cada caso resulten de aplicación.
 - Propoñer ao órgano de contratación criterios e orientacións de carácter

- técnico para a súa inclusión, no seu caso, na norma ou instrución correspondente.
- Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.
 - Verificar que o proxecto contén o estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde.
- 4.- Supervisión, informe, proposta técnica de expedientes dos diferentes servizos municipais.

g) En materia do Parque Central:

- 1.- Controlar as existencias de materiais e equipos dos diferentes servizos de área.
- 2.- Control de todo o persoal durante a súa permanencia no recinto do parque, velando polo cumprimento da xornada e horarios e dando conta á Unidade de Persoal das incidencias que se produzan.
- 3.- Xestión, vixianza e mantemento das instalacións, servizos e espazos do Parque Central, incluíndo a xestión dos residuos derivados das actuacións propias.
- 4.- Xestión dos almacéns de materiais de servizos das Áreas de Vías e Obras, Xardíns, Electromecánicos e Limpeza.

h) En materia de limpeza, recollida e xestión de RSU:

Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:

- 1.- Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
- 2.- Recollida de R.S.U.
- 3.- Limpeza viaria e de praias.
- 4.- Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
- 5.- Traslado á pranta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e residuos de envases.
- 6.- Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
- 7.- Mantemento da estación Biogás e a superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.
- 8.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

i) En materia de Contratación:

- 1.- Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación, promovendo a implantación da licitación electrónica, no marco das obrigas derivadas das Directivas Europeas.
- 2.- Autorizar a publicación dos anuncios que se produzan durante a tramitación dos expedientes de contratación.
- 3.- Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
- 4.- Dirixir o almacén municipal, conforme aos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.
- 5.- A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do

Concello, incluíndo a solicitude de novas marcas ou outros dereitos de propiedade industrial, a renovación das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello e formular oposición ó rexistro de marcas e outros dereitos de propiedade industrial similares ás do Concello.

Terceiro.- O concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local e 2º tenente de Alcalde (Resolucións Alcaldía do 09/07/18), D, Francisco Javier Pardo Espiñeira, exercerá a titularidade de todas as competencias que mediante sucesivas Resolucións puntuais desta Alcaldía foron delegadas en D. David Regades Fernández.

Cuarto.- Notificar a presente Resolución a D. David Regades Fernández, a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira e, en xeral, a todos os concelleiros/as da Corporación municipal.

Quinto.- Comunicar esta Resolución aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais e, para xeral coñecemento e efectos, ordenar a súa publicación na intranet municipal.

Sexto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sétimo.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

16(127).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 9.07.18, DE MODIFICACIÓN NA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 378/1102 (REXISTRO PLENO 1816/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 9.07.2018, transcrita a continuación.

“MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE

VIGO

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre proceder á reestruturación da organización municipal do Concello de Vigo no que se refire á composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 13 de xuño como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015 e convocadas por Real Decreto 233/2015, de 30 de marzo, corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRBRL, a un dos seus membros que reúna a condición de Concelleiro, sendo designado a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos da normativa anteriormente citada, no exercicio das facultades que como Alcalde-Presidente da Corporación me corresponden:

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución desta Alcaldía de data 15/06/15, relativa á composición da Xunta de Goberno Local, deixando sen efecto o nomeamento de D. David Regades Fernández como membro da mesma, por mor do seu nomeamento mediante RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, como Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Segundo.- Nomear como membro integrante da Xunta de Goberno Local ao concelleiro D. Francisco Javier Pardo Espiñeira. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes

Concelleiros e Concelleiras:

- D^a M^a Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D. Carlos López Font
- D^a M^a José Caride Estévez
- D. Cayetano Rodríguez Escudero
- D^a Olga Alonso Suárez
- D. Angel Rivas González
- D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez
- D. Jaime Aneiros Pereira

Terceiro.- Comunicar esta Resolución a D. David Regades Fernández, aos concelleiros e concelleiras desta Corporación municipal, aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais e, para para xeral coñecemento e efectos, ordenar a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

Quinto.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local e, de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

17(128).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 14.06.2018, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIA DA XGL NOS CONCELLEIROS DELEGADOS. EXPTE. 355/1102 (REXISTRO PLENO 1817/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.06.2018, transcrito a continuación.

“2.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DATA 19/06/15, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS DELEGADOS. EXPTE. 355/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 11/06/18, asinado pola secretaria do Goberno Local, e conformado polo Excmo. Alcalde, que di o seguinte:

O Servizo de Patrimonio, mediante informe de data 05/06/18 Expte. 20094/250), solicita unha modificación do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-as delegados-as de área de data 19 de xuño de 2015 e posteriores modificacións no sentido de delegar na *CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. En materia de Patrimonio*” a competencia da *xestión económica para tramitación e aboamento das cotas das comunidades de propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan á Área de Patrimonio.*

Á vista do dito informe e, detectada a conveniencia de ampliar a delegación solicitada a todas as concellerías-delegadas de área cara ao impulso do cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica, emitiu instrución de servizo en data 08/06/18, para que pola Secretaría do Goberno Local se elabore o preceptivo informe proposta para a modificación do acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de área de data 19 de xuño de 2015 e posteriores modificacións, engadindo no seu apartado “*Segundo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do 17 de xuño de 2015 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:*” un novo apartado co seguinte contido: “Delegar nos concelleiros delegados de área a xestión económica para tramitación e aboamento das cotas das Comunidades de Propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan a súa Área competencial.”

O desenvolvemento das atribucións de xestión económica correspóndelle á Xunta e Goberno local por prescrición da letra “g” do apartado 1 do artigo 127 LRBR, podendo delegala nos concelleiros conforme o sinalado no seu apartado 2.

Polo exposto no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta a Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, engadíndolle ao seu apartado “*Segundo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do 17 de*

xuño de 2015 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:" unha nova competencia co seguinte contido:

"Delegar nos concelleiros delegados de área a xestión económica para a tramitación e aboamento das cotas das Comunidades de Propietarios ás que pertenza o Concello de Vigo e que correspondan a súa Área competencial."

Segundo.- Notificar este acordo ao conxunto dos/das titulares das concellerías-delegadas municipais, comunicalo aos responsables dos servizos e áreas municipais e, para xeral coñecemento e efectos, dar publicidade do mesmo mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

18(129).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A TRAMITACIÓN E REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR OU UNHA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PGOU1993, QUE PERMITA A CONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN MATAMÁ, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1813/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xullo de 2018, número 1813/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular

presenta a seguinte,

MOCIÓN

“No pasado mes de xullo de 2017 o alcalde de Vigo anunciaba a través dos medios de comunicación a construción dun pavillón polideportivo na parroquia de Matamá. Como ven sendo habitual nos anuncios do alcalde non había daquela nin proxecto nin orzamento nin terreos dispoñibles para o citado pavillón. Tampouco na actualidade existe crédito para a devandita obra no orzamento municipal.

Con posterioridade, a finais do mes de outubro de 2017, a Xunta de Goberno aproba un proxecto redactado por técnicos municipais.

Así o Concello solicita da Secretaria Xeral de Deportes da Xunta de Galicia a declaración de urxencia e excepcional interese ao abeiro da Lei 3/2006 do 1 de marzo.

Remitida esta solicitude ao Consello Consultivo de Galicia, este organismo emite informe CG142/2018 en data 30.05.2018 no que entre outras consideracións expresa textualmente no apartado terceiro: *“A maior abastanza, cabe engadir que os plans xerais de ordenación municipal deben formularse polos Concellos (art. 51 da Lei 2/2016, de 2 de febreiro, do solo de Galicia) que son os titulares desta potestade (art. 64 da LSG) polo que cando un proxecto que pretenda executarse non se axuste ao planeamento, o concello pode -e debe- promover modificación do PXOM, sen que sexa imprescindible para eles empregar as facultades excepcionais previstas na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese”*

Dende que en novembro do ano 2015 o Tribunal Supremo anulou o Plan xeral de Ordenación Municipal de 2008 levamos xa case tres anos nos que o goberno municipal de Abel Caballero, froito incompetencia e de antepoñer os seus intereses políticos, non teña avanzado practicamente nada na elaboracion dun novo planeamento que saque a cidade da paralise urbanística na que se atopa e do que derivan problemas como o que agora se plantexa no caso da construción do pavillón de Matamá.

A solución que plantexa o Consello Consultivo de Galicia é clara e concisa, o Concello pode modificar o planeamento vixente nos terreos nos que se prevé esta construción, tramitando e desenvolvendo un Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PERI) ou ben mediante unha modificación puntual do PGOU do 93 tal e como se vai a facer no caso do Barrio do Cura. Sendo soamente necesario para isto que o Alcalde e a Concelleira de Urbanismo antepoñan os seus deberes como goberno desta cidade cos veciños e veciñas de Matamá e renuncien ao seu interese político de confrontamento continuo coa Xunta de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Habilitar de xeito inmediato no capítulo 6 orzamento para a construción do Pavillón deportivo de Matamá.
- Instar ao goberno municipal a iniciar a tramitación e redacción dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PERI) ou unha modificación puntual do PGOU 1993 no ámbito de actuación se define como núcleo rural existente tradicional “10 06 IGREXA C” – “C SU UA 1 IGREXA” sen desenvolver, que permita a construción do Pavillón polideportivo da parroquia de Matamá.
- Instar ao goberno municipal a deixar de gastar fondos do orzamento municipal en propaganda política para a confrontación coa Xunta de Galicia.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Con esta moción estamos a facer algo que en teoría non nos debería de corresponder a nós como Partido Popular porque estamos na oposición, senón que lle debería corresponder ao goberno municipal que é dar información aos veciños e non dar desinformación porque para tratar de desviar a atención do seu enorme fracaso despois de 11 anos de goberno, enorme fracaso sobre as infraestruturas deportivas da cidade, queren inundarnos de mentiras e de propaganda e de postverdades, que se di agora, para trata de confundir ao veciños de Matamá en particular e aos vigueses en xeral, e é que en materias de infraestruturas deportivas o seu balance, permítame que lles diga despois 11 anos, porque xa é hora de facer balance, xa só lle queda 10 meses de goberno, é absolutamente a nada, é absolutamente cero, non hai nada novo, ningunha infraestrutura deportiva nova e o que hai está moi peor do que había, vostedes decidiron soterrar máis de 15 millóns de euros nun lavado de cara para dúas gradas en Balaídos, 15 millóns, agora parado, por certo dicían que estaba rematada a obra de Río e parece ser que aínda lles queda ata cambiar as cadeiras. As pistas de atletismo de Vigo é unha vergoña como están, están nun estado lamentable por culpa da inoperancia e da falla de xestión do Sr. Abel Caballero e do seu equipo de goberno ou de desgoberno, aínda estamos esperando por esas piscinas olímpicas que o Sr. Alcalde prometeu en campaña electoral, ou pola reforma do gran complexo deportivo das Traviesas, que tantas veces nos anunciaron e que se irán do Concello en maio do ano que ven sen ter feito

absolutamente nada.

Polo tanto, moitos castelos no aire, como sempre, moito tempo perdido pero o tempo ao final é o gran xuíz e lles desmonta todas e cada unha das súas mentiras, e agora nos veñen coa última que é o pavillón de Matamá, tantas veces anunciado polo Sr. Alcalde, en Matamá, moitas veces anunciado e nunca tiveron nin proxecto, nin orzamento, nin terreos, estiveron alí indo varios anos e despois de poñerse colorado porque os veciños lles lembran os seu incumprimento e as súas mentiras, os veciños de Matamá ao final decidiron a presa e correndo facer que fan, como sempre, un debuxo e para Santiago de Compostela e a ver que pasa.

Matamá se merece un pavillón municipal e non se merece un cartel, non se merece este goberno municipal, pero como non hai Plan Xeral vostedes decidiron enviar un papel á Xunta de Galicia para ver se lle podemos botar a culpa a alguén, como non hai Plan Xeral, nin sequera vostedes esperan facer un Plan Xeral, vostedes lle piden á Xunta de Galicia que incluía este proxecto dentro da Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese, o cal non é posible tal e como o di o Consello Consultivo, por iso presentamos esta moción para que se queren facer o Pavillón de Matamá, de verdade, pois poñan en primeiro lugar cartos no orzamento porque non hai un duro, póñanse a traballar e tramiten o PERI de Matamá, ou se non queren unha modificación no Plan Xeral igual que llo fan aos promotores do barrio do Cura, que lle fan ese traxe a medida para que lle vendan pisos no centro, pois fagan unha modificación puntual para facer o pavillón de Matamá e sobre todo que deixen de gastar os cartos dos vigueses, que cartos e traballo nos custa, para facer carteis e propaganda política en Matamá, porque pavillón non teñen pero de carteis andan sobrados.

SR. PÉREZ CORREA: A nós afortunadamente na era dixital existen hemerotecas, existe a capacidade de volver atrás para poder ver o que se falou, que se dixo neste Pleno sobre determinadas cuestións e non será porque este grupo municipal preadvertiu do que podería significar esta lei, e esta lei, se nós tiñamos ou podíamos ter certezas de que outra lei parecida que é e que votamos nós desfavorablemente pola mañá que é esa ordenación provisional porque dicíamos que ía instaurar ese tipo de procedementos, esta lei que é anterior, que esta Lei de medidas urxentes en materia urbanística que tivo que aprobar o goberno do

Partido Popular porque xa tiña aprobada a Lei do solo, non era posible facer a modificación e fixeron unha lei de punto único que nós dixemos que ía xerar, polo menos as arbitrariedades coa cuestión da interpretación dunha lei de punto único, calquera persoa que consulta esta lei pois é unha lei que practicamente en 8 parágrafos pretende solventar unha cuestión que para nós non é menor, e cremos que o Partido Popular lle deu a este goberno local unha escusa perfecta para argumentar contra outra administración a súa responsabilidade na inexistencia dun Plan Xeral, porque para este goberno local é moi fácil, ante imposibilidade de desenvolver determinados ámbitos ou de desenvolver gran parte do urbanismo desta cidade, pasar o balón para arriba, para administración autonómica e logo poñer efectivamente unha campaña de carteis que dende logo un ano antes das eleccións municipais pois seguramente algún percorrido electoral terán, pero que a responsabilidade para nós é da Xunta de Galicia que permite un instrumento, a parte lle chamaban a Lei Vigo, eu escoitei o da Lei Vigo, unha lei que se aplica en todos e cada uns dos concellos de Galicia e que están a utilizar moitos concellos para intentar colar infraestruturas e actuacións que non son nin de interese xeral nin se xustifica a urxencia. Aquí o que temos pois é unha realidade que nunca existiu un proxecto claro do que se quería facer e como se quería facer o pavillón en Matamá, entre outras cousas porque nin figuraba no Plan Xeral do 2008, anulado, isto non existía, isto onde vostedes o queren poñer no Plan do 2008, non poñan como escusa que no Plan Xeral do 2008 o permitía porque isto en realidade era unha zona verde, polo tanto, aquí non se podía facer ese pavillón co Plan anulado, pero vostedes remiten unha ordenación provisional que tampouco legaliza esta parte, polo tanto, algunha responsabilidade terá tamén o Concello de Vigo de non ter posto nunca un lugar para ese pavillón porque agora é moi fácil poñelo en calquera sitio, incluso no medio da ría ou nas Illas Cíes, vostedes poden poñelo, pídenlle permiso á Xunta de Galicia para poñer un pavillón nas Illas Cíes e a Xunta de Galicia responde nas Illas Cíes non se pode, automaticamente cartel: “a Xunta de Galicia prohíbe poñer un pavillóns nas Illas Cíes”. Eu dende logo se estivera na súa situación estaría super contento do mecanismo publicitario que lle acaba de entregar o goberno da Xunta de Galicia, por iso votamos en contra da Lei de medidas urxentes, porque sabíamos que ía pasar este tipo de chalaneos e dende logo que se ían acentuar a medida que chegara o proceso electoral, que é o

debate que hai aquí, eu non sei que axencia de publicidade se contratou pero vai haber carteis deste tipo hoxe mesmo pola mañá xa había unha rolda de prensa do Alcalde dicindo que non sei cantos proxectos os paga a Xunta de Galicia, non, os paga a anulación dun Plan Xeral, calquera urbanista sabe que sen Plan Xeral quen regula as dotacións as infraestruturas e o Planeamento das entidades locais, é así sempre, salvo que nos últimos minutos aproveitaran algún goberno para cambiar a lei, se non existe Plan Xeral hai medidas supramunicipais pero terán que ter algún criterio porque xa vimos algúns arbitrarios, efectivamente, para o Barrio do Cura onde hai promotores inmobiliarios si que se pode facer unha modificación do 93 para Recaré que hai unha ameaza dos propietarios do terreo, ben podemos facer unha modificación, eu creo que se pode facer tamén aquí, primeiro teremos que buscar o mecanismo porque creo que a lei, esa lei, a pesares de que nós votamos en contra non se pensou absolutamente para tódalas urxencias do mundo porque a ausencia sempre é relativa, para unha persoa pode ser urxente incluso un centro comercial e ao mellor para outra xente non, e a urxencia é un hospital e polo tanto a arbitrariedade da lei aprobada polo Partido Popular e tamén co apoio do Partido Socialista, a arbitrariedade desta lei está servindo para establecer este diálogo case ridículo entre as dúas administracións e o problema van ser os veciños de Matamá que seguirán outros moitos anos sen saber se van ter esa infraestrutura. O mellor sería xa ir adiantando, eu non sei se a modificación puntual vai ser posible, incluso creo que non vai haber vontade de facelo, pero o mellor sería bo ir adiantando os traballos ou poñer na documentación que se lle da ás empresas redactoras para o novo Plan Xeral que queremos un pavillón e o queremos neste sitio e con estas condicións.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: O certo é que se o tema non fora tan serio parecería de broma porque Sr. Pérez, vostedes non se opuxeron a lei 3 porque temeran a utilización desa Lei para asuntos fora do normal, que ninguén o está a pretender, senón porque vostedes eran indiferentes a que Citroën marchara de Vigo, absolutamente indiferentes, porque ese foi o motivo polo que esa Lei se aprobou, polo tanto, imos falar da realidade, a Lei é para proxectos urxentes e de excepcional interese, proxectos das administracións públicas, di explicitamente “organismos ou órganos das administracións públicas ou entidades de dereito

público”, de tal xeito que ningún privado pode entrar aquí, o que cando menos é sorprendente é que o Partido Popular teña acceso ao informe da Xunta de Galicia antes de que o teña o Concello, que teña acceso a un informe do Consello Consultivo antes de que o teña o Concello, porque o informe da Xunta de Galicia ao Concello de Vigo chegou o luns e o Partido Popular presentou a súa moción antes do luns, e o informe do Consello Consultivo aínda non o temos, o estamos a pedir, tamén é cando menos sorprendente que a Xunta de Galicia tarde oito meses en responder a unha petición do Concello de Vigo. A petición do Concello de Vigo sobre o pavillón de Matamá se fixo en novembro do ano 2017, e tivemos resposta este luns, é dicir, oitos meses para dicirnos que non, por certo, para o acceso ao colexio Párroco Don Camilo, cun problema de seguridade total para os nenos non chegou aínda o informe pero seguro que vai vir na mesma dirección, levamos 5 meses esperando, moito máis aló do que se tarda en emitir calquera tipo de informe a calquera planeamento, polo tanto, a min me parece escandaloso pero me parece máis escandaloso aínda cando esta Lei Vigo que agora non é para Vigo e parece que é contra Vigo, si resulta que Citroën non estivera no polígono da Zona Franca senón que estivera nun polígono municipal do Concello de Vigo non se houbera podido arranxar, como era o Concello de Vigo o promotor da iniciativa, xa estamos paralizados, pero como vai ser que unha administración pública quede vinculada á aplicación dunha Lei que se fai para as administracións públicas, alguén podería cuestionar nalgún proxecto, a súa urxencia ou seu excepcional interese, pero non que unha administración local pode desenvolver unha lei feita para as administracións pública porque o Concello de Vigo é administración pública.

Polo tanto, o primeiro que imos facer é pedir ese informe do Consello Consultivo porque o descoñecemos, por certo, ao Concello de Vigo ninguén lle preguntou, nin o Consello Consultivo nin ninguén e polo tanto, non podemos presentar alegacións e claro que imos alegar a resolución da Xunta de Galicia porque claro o Concello de Vigo envía a petición do pavillón de Matamá porque claro que calquera instrumento de planeamento pode desenvolver unha figura e pode conseguir que co prazo do tempo se desenvolva un pavillón ou o que sexa, pero a cuestión é que queríamos resolver un problema urxente, entre outras cuestións porque os rapaces do Colexio Josefa Alonso non teñen un patio cuberto e polo tanto, o pavillón

deportivo de Matamá ven a solventar moitos problemas, non só como dicía iso senón a actuación das pistas de atletismo de Balaídos que coa Xunta de Galicia acordamos que se tramitara pola Lei 3 e agora nos din que non, iso si, tiña que poñer cartos a Xunta de Galicia no resto só poñía cartos o Concello, agora tamén se negan a facer esa actuación, igual que no acceso ao Párroco don Camilo que o pagaría integramento o Concello de Vigo pero máis o curioso, dicía, é que cando o Concello de Vigo solicita este trámite en novembro do 2017 hai un precedente, o precedente de que o Concello de Redondela solicita o traslado dun cole, o colexio Igrexa de Chapela, por certo, paréceme lóxico autoriza unha vía de urxencia, claro é para ese cole de Redondela si se utiliza, que curioso, resulta que a Lei 3 se aplica para o colexio de Redondela e a resolución do Consello da Xunta de Galicia aprobación de proxecto público educativo para o novo CIP a Cidadelle-Chapela-Redondela achégolle certificado que consta a aprobación no Consello da Xunta de Galicia, de 5 de outubro do ano 2017, o precedente do que estaba a falar o proxecto público educativo para o CIP Cidadelle-Chapela-Redondela como o proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

Como dicía, podemos cuestionar a urxencia ou excepcional interese que aquí hai pouca discusión porque a seguridade dos nenos está por enriba da moitas outras cousas, ou debería estar, a nosa educación tamén e a calidade da que nós colexios públicos eses nenos teñen ese acceso a esa educación non debería poñerse en cuestión, non estamos a pedir nada estraño senón que a educación e a seguridade prevaleza sobre outras cuestións porque son urxente e dende logo se hai algo de excepcional intereses público é a educación e a seguridade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O que está claro que o Partido Socialista de Vigo do Pavillón de Matamá non falou nin 0,1 minuto, falou do Colexio Párroco don Camilo, do Colexio Igrexa, de que si Citroën, pero estamos a falar do Pavillón de Matamá e se vostedes quixeran facer o Pavillón de Matamá o porían no Orzamento do 2018, se quixeran facer o pavillón de Matamá o houbesen metido no superávit do 2018, se tiveran a máis mínima intención de construír o pavillón de Matamá o porían nese convenio famoso coa Deputación de Pontevedra pero non teñen ningún interese de facer o Pavillón de Matamá, non o tiveron nestes últimos 11 anos e por iso o que queren é manipular e confundir á xente en Matamá, se vostede fose á invitación

que lle cursou a Xunta de Galicia na delegación da Xunta de Galicia para explicar os motivos polos cales non se pode construír a través da Lei de medidas urxentes o pavillón de Matamá, vostede recibiría esta carta, porque nós non temos o informe do Consello Consultivo igual o ten o Sr. Gonzalo Fernández Laxe que é membro do Consello Consultivo de Galicia e foi presidente da Xunta de Galicia do Partido Socialista e tamén o Sr. Fernando González Laxe di que non se pode facer o pavillón de Matamá pola lei de medidas Sra. Caride, aí se vostede fose a esa reunión vería nesta carta que di: no Consello Consultivo de Galicia, na reunión de 30 de maio do 2018, que debendo executarse os mecanismos previstos na Lei 2/16 que é alternativamente facendo o PERI ou facendo a modificación puntual, por que? Porque di o Consello Consultivo que os concellos como promotores teñen competencias urbanísticas propias por iso quedan excluídos da Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de especial interese, pero si nin sequera falan cos donos dos terreos, non están no orzamento, non está no superávit, non está no convenio da Deputación de Pontevedra, non falan sequera cos veciños, é pura propaganda política e nos parece unha tomadura de pelo aos veciños de Matamá, nos parece unha falla de respecto aos veciños de Matamá por mentirlles desta maneira así na súa propia cara, por poñerlles alí un cartel, porque pavillón non teñen pero teñen un cartel e por iso porque os veciños de Matamá se merecen un respecto, o Partido Popular a partires do ano que ven lle construíra o pavillón aos veciños de Matamá.

PRESIDENCIA: Eu creo que os “chascarrillos” nisto sobran porque o tema é moi serio, porque estamos a falar de nenos que non teñen un patio cuberto porque a Xunta de Galicia non llo fixo nunca e cando a actual voceira do Partido Popular en Vigo era conselleira de Facenda non adicou nunca cartos para facer un patio cuberto no colexio de Matamá. Por iso é tan serio o problema, é que é competencia da Xunta de Galicia, Sra. González, é competencia, os patios cubertos dos colexios, da Xunta de Galicia e non os fixo nunca a Xunta de Galicia e nese colexio me demandaron un patio cuberto, se se cubre o patio non queda un patio sen cubrir porque ten superficie moi pequena e polo tanto imos facer porque o imos facer, a pesares do intento de boicot da Xunta de Galicia, imos facer o pavillón porque é necesario para o deporte en Matamá e é necesario para o colexio, claro, o voceiro

do Partido Popular ponse a falar de como se fai, mire, o primeiro para falar cos propietarios está na cualificación urbanística porque senón non se pode falar e a cualificación urbanística é o que depende da Xunta de Galicia e o que a Xunta de Galicia non nos quere dar porque polo visto é dunha gravidade extrema facer un pavillón de deportes en Matamá, é dunha extrema gravidade para esta cidade tanto que require unha consulta ao Consello Consultivo porque é grave facer un pavillón deportivo en Matamá que reclama toda a parroquia, quen financia o pavillón deportivo? O goberno de Vigo, pois moi fácil, coas baixas que vai haber nas contratacións do EDUSI porque con 300.000 euros se pode contratar 18 e 19, é que non se decata vostede, é que non é interventora vostede? E que non sabe como se fai? É que parece increíble, eu crin que vostede era unha interventora da administración do Estado, crin que sabía como se facía, facía así, cos cartos do EDUSI se pode financiar nas baixas e vostede o que está a facer é evitar que fagamos un pavillón porque lles produce pánico o que vai pasar nas seguintes eleccións en Vigo e lles produce tanto pánico, nerviosos. A maior caída electoral que haberá na democracia española señora voceira, vai ser con vostede en Vigo. A Sra. Porro tivo o 42% do voto, vostede neste momento nas enquisas está por debaixo do 15%, e fíxese vostede están tan preocupados o Sr. Feijóo o e o Sr. Rueda, están tan preocupados porque saben o que vai pasar en Vigo que intentan parar tódalas obras deste concello porque están en estado de pánico político e sabeo toda a prensa de Galicia, sábeno tódolos cidadáns de Galicia e sábeno vostedes, porque miren, o Sr. Rueda díxolles a vostedes que estaban subindo dous concelleiros pero saíu unha enquisa da Voz de Galicia, porque foi nunha reunión pública que o contaron alcaldes seus que estaban alí e despois de que o Sr. Rueda lle di que van subir dous concelleiros sae a enquisa de La Voz de Galicia e resulta que non só non soben dous concelleiros senón que baixan dous, nesa enquisa que é moi positiva para o Partido Popular de Vigo, e que queren facer agora? Queren parar as obras desta cidade e sabe que lles vai pasar? Pois voulle dicir o que lles vai pasar, van a ter o maior declive político que hai en ningunha cidade de España, xa tiveron vostedes o peor resultado de ningunha cidade de España nas últimas eleccións, datos obxectivos, o peor resultado, baixar do 42% ao 20%, datos obxectivos, nas últimas eleccións o Partido Popular en Vigo baixou do 42% que tiña a Sra. Porro ao 20%, neste momento xa están nas enquisas por debaixo do 15%,

segan parando o pavillón de Matamá, o acceso aos colexios, segan parando as pistas de Balaídos que xa verán vostedes que premio lles vai dar esta cidade, vano ver. Xa lles advertín antes das anteriores eleccións, lles dixen isto mesmo, lles sigo advertindo.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 13.07.2018 (Rex. Nº 1813/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

19(130).-ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, REFERENTE ÁS CHAMADAS QUE RECIBE A POLICIA LOCAL SOBRE AS PERSOAS QUE QUEDAN FORA DO ALBERGUE.

SRA. GONZALEZ SANCHEZ: Eu simplemente rogaría porque sei que dende o 9 de xaneiro deste ano, hai 155 chamadas á Policía Local explicando a situación das

persoas que quedan fora do Albergue, que son 676 usuarios e o único que quero rogar é que por favor non borren as chamadas, porque van facer falla algún día.

PRESIDENCIA: Hai normativa legal sobre isto Sra. González Sánchez, e aquí cúmprese sempre a lei.

20(131).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AOS CONTROLADORES DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO REGULADO.

SR. PEREZ CORREA: Rogamos que se confirme que os controlodares do servizo de estacionamento regulado, que se están contratando agora para o verán, figuren inscritos no ficheiro que permite realizar as denuncias voluntarias, non vaía ser que non estean e polo tanto que non poidan formular a denuncia.

PRESIDENCIA: Tomanos nota do rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

21(132).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, REFERENTE AO FUNCIONAMENTO DO COMEDORES SOCIAIS NA ÉPOCA ESTIVAL.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Que se ten pensado facer con esas 150 persoas que ven hoxe na Voz de Galicia que quedan sen comedor porque pechan dous comedores durante o verán.

PRESIDENCIA: En tódalas subvencións dos comedores de Vigo proveñen deste Concello, todas, e polo tanto nos seguimos subvencionando tódolos comedores, hai un comedor no Albergue utilizable e polo tanto instamos a esta xente, se é que é certo iso, que o descoñezo, que se dirixa a outros comedores sociais que están abertos.

22(133).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, REFERENTE A SE ESTÁ INCLUÍDA NO ÁMBITO DO ESTACIONAMENTO REGULADO A RÚA CÁNOVAS DEL CASTILLO.

SR. PEREZ CORREA: Con respecto á SER, queremos que se nos responda por escrito se está incluído no ámbito de actuación do estacionamento regulado a rúa Cánovas del Castillo, que se nos responda por escrito.

PRESIDENCIA: Responderemos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezasete horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.